



Concello de Vigo

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión ordinaria do 08 de novembro de 2018**

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez.
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira.
D. Carlos López Font.
M^a José Caride Estévez.
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D^a. Olga Alonso Suárez.
D^a. Nuria Rodríguez Rodríguez.
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez.
D. Jaime Aneiros Pereira.

NON ASISTEN:

D^a M^a. Carmen Silva Rego.

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dez minutos horas do día oito de novembro de dous mil dezaioito e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1259).- ACTA ANTERIOR. Apróbanse as actas das sesións ordinaria e extraordinaria e urxente do 25 de outubro e extraordinaria e urxente do 30 de outubro de 2018. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

2(1260).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO PARA A ACTUALIZACIÓN DO PORTAFIRMAS CORPORATIVO DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 8622/113.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 30/10/18, e o informe de fiscalización do 05/11/18, dáse conta do informe-proposta de data

29/10/18, asinado polo xefe do Servizo de Administración Electrónica, o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, e polo concelleiro-delegado de Administración Electrónica, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- En data 07/09/2018 o Xefe de servizo de Administración Electrónica, iniciou o expediente coa finalidade da contratación do servizo para a actualización do portafirmas corporativo do Concello de Vigo.

2.- No expediente tramitado ao efecto consta entre outra a seguinte documentación:

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade asinado polo Xefe de servizo de Administración Electrónica e co conforme do Concelleiro delegado de Xestión Municipal.
- Resolución de inicio de expediente de contratación de data 07/09/2018 do concelleiro delegado Concelleiro Delegado de Xestión Municipal.
- Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) de data 10/09/2018 asinado polo xefe de servizo de Administración Electrónica
- Memoria xustificativa do contrato de data 26/10/2018, asinada polo xefe de servizo de Administración Electrónica e co conforme do Concelleiro delegado de Xestión Municipal
- Informe da xefa do Servizo de Contratación de data 29/10/2018, sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación da subministración polo procedemento aberto, asinado pola xefa do Servizo de Contratación, é de data 29/10/2018.

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público, no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas aprobado por Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro (no sucesivo, RXLCAP), no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de administración local de Galicia (LALGA).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no art artigo 116.1 da LCSP iniciárase polo Órgano de Contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 da devandita lei. No Concello de Vigo, esta competencia está delegada por acordo da Xunta de goberno Local de 19 de xuño de 2015 nos concelleiros de



Concello de Vigo

Área. O concelleiro delegado de Xestión Municipal mediante resolución de data 07/09/2018 autorizou o inicio da tramitación do presente expediente de contratación.

Segundo.- Dado o obxecto do contrato, tal e como se dispón no artigo 17 da LCSP, tramitase como un contrato de servizos.

Terceiro.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e, nel constan tanto o prego de cláusulas administrativas particulares como o de prescricións técnicas que rexeran o contrato tal e como se sinala no artigo 116 apartado 2 e 3 da LCSP.

Cuarto.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato de conformidade cos artigos 28 e 116.1 da LCSP.

Quinto.- Na Memoria xustifícase a non división en lotes (artigo 116.4.g LCSP), o prezo e a súa xustificación (100 e seguintes LCSP), o valor estimado do contrato (116.4.d LCSP), os criterios de adxudicación e fórmulas de valoración (artigo 145 e 146 LCSP), os criterios de solvencia (116.4.c), as condicións especiais de execución (202.1), a clasificación dos licitadores (116 e 77 LCSP), o principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

O procedemento elixido para a contratación é o aberto e a forma de tramitación do expediente a ordinaria, conforme ao disposto no artigo 116 e 131.2 da LCSP, polo que non é necesaria a súa xustificación.

Sexto.- De conformidade coa disposición adicional terceira, apartados 8 da LCSP e, a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), se require o informe preceptivo de Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

Séptimo.- O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento, xunto co informe da fiscalización previa, incorporárase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo a aprobación polo órgano de contratación.

Octavo.- A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de Contratos do Sector Público. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 da LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

Á vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte

ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto coa finalidade de realizar a contratación do servizo para a actualización do portafirmas corporativo do Concello de Vigo

SEGUNDO.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá a contratación, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación e asinado en data 29/10/2018.

TERCEIRO.-Aprobar o Prego de Cláusulas Técnicas Particulares, de data 10/09/2018 asinado polo xefe de servizo de Administración Electrónica

CUARTO.- Autorizar o gasto de 70.000,00 €, que inclúe un IVE de 12.148,76 € , desde o 15 de Novembro de 2018 , o cal se imputará á partida 9207.6400002 (OT2 LA1 AE ADP. LEI 39/40/2019 DESENV INMATERIAL) . do exercicio 2018

QUINTO.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista .

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(1261).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA FUNDACIÓN TELEFÓNICA PARA EXECUTAR O PROGRAMA CONECTA EMPREGO, A TRAVES DO CURSO “DESARROLLO WEB CON JAVA”. EXPTE. 15579/101.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 23/10/18, e o informe de fiscalización do 31/10/18, dáse conta do informe-proposta de data 24/10/18, asinado pola xefa de Patrimonio Histórico, en funcións de sinatura técnica da actividade administrativa do Gabinete de Alcaldía, e polo concelleiro delegado de Xestión municipal, Patrimonio, Recursos Humanos e Administración electrónica, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

PRIMEIRO.- En data 21 de setembro de 2018, o 2º Teniente de Alcalde e Concelleiro Delegado das Áreas de Patrimonio, Xestión municipal, Administración Electrónica e Recursos Humanos, Fomento e Contratación, acordou iniciar expediente para a elaboración e aprobación, de se-lo caso, por parte do Concello de Vigo e a Fundación Telefónica dun convenio de colaboración para o desenvolvemento na cidade de Vigo do programa “Conecta emprego”.

SEGUNDO.- A xefatura da Área de Xestión Patrimonial e Territorial, en funcións de sinatura superior no ámbito da Unidade administrativa da Alcaldía, co conforme do Concelleiro Delegado da Área de Xestión municipal, o 22.10.2018, redacta “Memoria xustificativa do Convenio de colaboura entre o Concello de Vigo e a Fundación Telefónica para executar o proxecto Conecta Empleo, cuxo obxecto é articular o réxime de colaboración entre o



Concello de Vigo

Concello e a Fundación para o impartir de forma gratuíta o curso “Desarrollo web con JAVA” en modalidade presencial con 25 alumnos, co obxecto de impulsar a empregabilidade.

TERCEIRO.- En data 23-10-18, a Xefa da Área de Xestión Patrimonial e Territorial emite informe xurídico concluíndo que “non existe inconveniente legal para que a Xunta de Goberno Local aprobe o convenio entre o CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN TELEFÓNICA PARA EXECUTAR O PROGRAMA CONECTA EMPREGO na nosa cidade, a través da impartición do curso “Desarrollo web con JAVA .

FUNDAMENTOS

I.- Lexislación aplicable

- Normativa reguladora da contratación das Corporacións locais, constituída pola polo Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido de la Ley de Contratos del Sector Público e RD 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos.
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia.
- Lei 7/1985, de 2 abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL).
- Lei de administración local de Galicia, 5/1997, do 22 de xullo.
- RDL 781/1996, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)RD 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais (RBEL).
- Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.
- Bases de execución orzamento Concello De Vigo 2018

II.- Convenio

A celebración de convenios de colaboración entre entidades de dereito público, atópase prevista nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, 111 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións legais vixentes de réxime local (TTRRL) e o artigo 25 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCS).

En canto ó seu contido, axustado á lexislación de procedemento administrativo, art 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, detállase no informe xurídico obrante no expediente, e responde ó contido definido no citado precepto.

O interese xeral e a conveniencia na concertación do convenio, recóllese na Memoria xustificativa do convenio, documento obrigado segundo sinala o art 199 LALG.

As necesidades-obxectivos concretos se definen asemesmo na Memoria, e consisten en impulsar a empregabilidade mediante a colaboración no deseño de accións de posta en valor das capacidades profesionais das persoas e a promoción do emprendemento; así como desenvolver competencias profesionais en tecnoloxía e en servizos dixitais para persoas que se atopen en situación de desemprego ou queiran mellorar a súa empregabilidade. Inclúe accións

de inserción laboral coma a procura por Fundación Telefónica de empresas do sector IT que contén con perfís dixitais e colaboren no proxecto.

III.- Procedemento e competencia.

Consta no expediente de aprobación do convenio os documentos necesarios para a súa tramitación: orde de inicio, memoria do convenio e texto do mesmo e informe xurídico.

O artigo 80.2 da Lei 5/1997, reguladora da Administración Local de Galicia, apartados “o” e “p”, atribúe ós Concellos competencias en canto á execución de programas propios destinados á infancia, xuventude, muller e terceira idade, e á participación na formación de activos e desempregados.

Antes da súa aprobación pola Xunta de Goberno, deberá emitir informe a Intervención Xeral do Concello.

De conformidade co artigo 127.1.g) LRBRL, corresponderá á Xunta de Goberno Local a aprobación do convenio .

O art. 8.1. letra “b” da Lei de transparencia obriga a dar publicidade do convenio que se aprobe.

Á vista das anteriores circunstancias, e previo informe da Intervención Xeral, formúlase á Xunta de Goberno Local, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a seguinte

PROPOSTA

Primeiro.- Aprobar o CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN TELEFÓNICA PARA EXECUTAR O PROGRAMA CONECTA EMPREGO, a través da impartición do curso “Desarrollo web con JAVA”, e transcrito no Anexo da presente.

Segundo.- Solicitar da FUNDACIÓN TELEFÓNICA a aprobación do convenio que se anexa para a execución do PROGRAMA CONECTA EMPREGO.

Terceiro.- Dar conta do presente acordo á Concellería de Xestión municipal ós efectos de publicidade.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN TELEFÓNICA

En Vigo, a __ de __ de 2018

REUNIDOS

Dunha parte, o Ilmo. Sr. Don Abel Ramón Caballero Álvarez, Alcalde-Presidente del ILMO. CONCELLO DE VIGO, N.I.F. P-3605700-H (en adiante o CONCELLO), na representación



Concello de Vigo

legal que desta Administración municipal lle atribúe o artigo 124.4.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, intervindo coa asistencia da Secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo, D.^a M^a. Concepción Campos Acuña, que da fe do acto que se celebra.

De outra parte, D. José María Sanz-Magallón Rezusta, con D.N.I. número 16.013.652-V, actuando en nome e representación de FUNDACIÓN TELEFÓNICA, entidade con sede en Madrid, C/ Gran Vía, 28 (C.P. 28013) e provista de N.I.F. G-82086810 (en adiante, FUNDACIÓN TELEFÓNICA o FUNDACIÓN indistintamente). Intervén na súa calidade de Director Xeral da entidade, facendo uso das facultades que se lle ten conferidas en escritura outorgada o 22 de novembro de 2016, ante o Notario de Madrid don José Miguel García Lombardía, co número 5.308 de seu protocolo.

No sucesivo, poderán ser denominados conxunta e indistintamente como as PARTES e de forma individual como a PARTE.

Os comparecentes recoñecen a capacidade xurídica necesaria para subscribir o presente Convenio e, na súa virtude,

EXPOÑEN

Primeiro.- Que o CONCELLO ten como finalidade a xestión das políticas activas de emprego, mediante a intermediación laboral, a orientación e formación dos desempregados e traballadores, e o fomento do emprego estable e de calidade.

Estas funcións desenroláranse tanto mediante accións propias como a través da cooperación e acordos con outras administracións públicas e entidades públicas e privadas.

Segundo.- Que FUNDACIÓN TELEFÓNICA atopase inscrita no Rexistro Especial de Fundacións do Ministerio de Educación e Cultura baixo o número 359, co obxectivo de articular a Acción Social e Cultural das Empresas do Grupo Telefónica.

Terceiro.- Que FUNDACIÓN ten entre a súas fins fundacionais favorecer o desenrolo da educación e da igualdade de oportunidades entre as persoas a través de métodos innovadores e/o mediante a aplicación das novas tecnoloxías, e fomentar a investigación, e a ensinanza con vistas á difusión e perfeccionamento das competencias dixitais, as tecnoloxías relacionadas con ela e de súas aplicacións en todo orden, en cuanto poidan contribuír á mellora das condicións da sociedade, e a calquera outras aplicacións de utilidade xeral o social, para lo que conta, entre outros, co Programa de Empregabilidade "Conecta Emprego".

Cuarto.- Que FUNDACIÓN TELEFÓNICA quere contar coa colaboración do CONCELLO na área de empregabilidade para fomentar a participación de persoas desempregadas o que queiran mellorar a súa empregabilidade en proxectos de innovación social para o emprego.

Quinto.- Que as PARTES están firmemente comprometidas coa inserción laboral das persoas desempregadas e das que, estando empregadas, queiran reinventarse mellorando a súa formación, e consideran que a planificación e posta en práctica de liñas de actuación conxunta repercuten favorablemente na consecución dos obxectivos ligados a dicho

compromiso e, consecuentemente, no fomento da actividade económica, a creación de emprego e a cohesión social.

Sexto.- Que dada a coincidencia de intereses, as PARTES asinantes acordan a subscripción do presente Convenio de colaboración conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto do Convenio

Polo presente Convenio, as PARTES acordan colaborar no desenvolvemento de Conecta Emprego, Programa de Empregabilidade de FUNDACIÓN TELEFÓNICA, co fin de:

- 1) Impulsar a empregabilidade mediante a colaboración no deseño de accións de posta en valor das capacidades profesionais das persoas e a promoción do emprendemento.
- 2) O desenvolvemento de competencias profesionais en tecnoloxía e en servizos dixitais para persoas que se atopan en situación de desemprego ou queiran mellorar a súa empregabilidade.

Para elo, as PARTES acordan a impartición gratuíta del curso “Desarrollo web con JAVA” en modalidade presencial e destinado a un total de vinte e cinco (25) alumnos, en situación de desemprego ou que, tendo emprego, queiran reinventarse mellorando a súa formación (en adiante, o Proxecto).

As PARTES traballarán de forma conxunta, destinando para elo os seus mellores recursos e experiencia, procurando unha negociación conxunta e tratando de encontrar sinerxías na aqueles custos o accións en que sexa posible.

SEGUNDA.- Compromisos das PARTES

En virtude del presente Convenio, el CONCELO se compromete a:.

a) COMUNICACIÓN

1. Colaborar na difusión do curso de formación enmarcado dentro do Programa Conecta Emprego, a través da súa web e dos seus propios medios publicitarios.
2. Crear e difundir os fitos importantes do Proxecto en medios locais/proprios.
3. Colaborar na organización e execución de eventos de difusión, networking, presenza en feiras de emprego, presenza en eventos de universidades... relacionados con este Programa de Empregabilidade “Conecta Emprego”.

b) SELECCIÓN

O Concello de Vigo poñerá a disposición do Proxecto os espazos necesarios para a realización do proceso de selección e entrevistas persoais, de acordo coas dispoñibilidades de usos e horarios.



Concello de Vigo

c) DESENROLO DA FORMACIÓN

- Colaborar na organización do evento de apertura, se o houberse, cos seleccionados do curso. Ase mesmo, e no seu caso, colaborar no desenrolo do evento de peche do curso.
- Poñer a disposición do curso as aulas que sexan necesarias, cos requirimentos tecnolóxicos para a parte técnica e a distribución adecuada para a parte de habilidades, que permitan traballar en equipo e realizar dinámicas.

As aulas para a impartición da parte técnica pertencen ó centro educativo do Auditorio Mar de Vigo, sito na rúa Beiramar nº 59, e cumpriran os seguintes requisitos:

- a) Capacidade das aulas para 25 alumnos.
- b) Saída a Internet en todos os equipos.
- c) Proxector o pantalla que permita conectar o equipo do docente.
- d) Conectividade en red entre todos os equipos, incluído o do formador.
- e) Internet: velocidade de polo menos 150 Megas.
- f) 26 equipos informáticos coas seguintes características:
 1. Portátil con procesador INTEL CORE I5 / 8 Gb Memoria RAM/ 500 Gb HD 14-15" / DVDRW / USB 2.0.
 2. Sistema operativo Windows 7 o Windows 10.
 3. Software: Eclipse y MySQL. Este software será necesario instalalo no transcurso do curso. Pode estar preinstalado o que os usuarios dispoñan dos permisos necesarios para poder instalar eles mesmos o software coa orientación do profesor.

As aulas para a impartición da parte de habilidades, tamén situadas no Auditorio Mar de Vigo, han de cumprir, ademais dos requisitos anteriores, o requisito que a continuación detallase:

- Espazo con posibilidade de movemento de cadeiras, mesas e con espazo diáfano para facer dinámicas de grupo.

FUNDACIÓN TELEFÓNICA confirmará os requirimentos técnicos das aulas e dos equipamentos informáticos ó CONCELLO e trasladaralle calquera cambio ó respecto co, aló menos, un (1) mes de antelación previo á data de inicio do curso.

d) INSERCIÓN LABORAL

Colaborar, na medida da súas posibilidades, na captación de empresas do sector IT o empresas que teñan necesidade de perfiles dixitais para que sexan colaboradoras do Proxecto, co fin de xerar beneficios para tódalas partes e contribuír ó incremento da taxa de inserción laboral.

e) PRINCIPIOS DE ACTUACIÓN

Coñecer e observar os Principios de Actuación que rexen o comportamento de FUNDACIÓN TELEFÓNICA, que poidan ser consultados a través do seguinte enlace:

<https://www.fundaciontelefonica.com/conocenos/gobierno/principios-de-actuacion/>

Pola súa parte, FUNDACIÓN TELEFÓNICA comprométese a:

–COMUNICACIÓN

1. Difundir o Proxecto en medios de comunicación a través do seu Departamento de Comunicación.
2. Diseñar os materiais de comunicación do curso, previo acordo entre as PARTES.

–SELECCIÓN

1. Establecer o perfil ideal do candidato en función das características do curso.
2. Seleccionar ós candidatos do curso, levando a cabo, para elo, a avaliación de competencias e aptitudes básicas dos candidatos e entrevistas persoais para cerrar os grupos finais. Unha vez aberta a convocatoria, no caso de non conseguir candidatos suficientes para o proceso de selección, ou se os candidatos que o houberan superado non alcanzaran o número desexado para cubrir as prazas do curso, se poderase aprazar a data de comenzo unha sola vez. Se en segunda convocatoria o número de candidatos continuase sendo insuficiente para poder realizar o proceso de selección ou non obtivéranse os perfís necesarios para cubrir as prazas do curso, este darase por cancelado, quedando resoltos os compromisos asumidos polas PARTES en relación con ese curso.
3. Comunicar aos participantes do proceso de selección tanto a non superación do mesmo como a superación. No segundo caso, FUNDACIÓN informarlles de: fechas de inicio, lugar, condicións, requisitos, etc.

–DESENEROLO DA FORMACIÓN

- a) Diseñar e crear o contido dos eventos de apertura e do peche do curso, se chegaran a celebrarse mediante acordo entre as PARTES.
- b) Buscar e seleccionar a profesionais do ámbito docente que teñan experiencia, tanto académica como laboral, para a impartición do curso.
- c) Impartir a formación técnica, tanto troncal como específica, así como a formación en habilidades brandas, si a houberse, seguindo o itinerario e o programa definido para o curso.
- d) Buscar e seleccionar a aqueles empregados de Telefónica que, de forma voluntaria, queiran poñer a disposición dos alumnos seus coñecementos e habilidades para axudarlles na súa formación.
- e) Levar a cabo o seguimento do desenrolo do curso, controlando a asistencia dos alumnos, a resolución de posibles incidencias, a coordinación das titorías entre alumnos e docentes, etc.
- f) Coordinar, na medida do posible, a colaboración de expertos o de empresas do sector IT que participen de maneira activa na formación presencial con charlas, exposición de casos de éxito o fracaso, etc., co fin de acercar aos alumnos á realidade laboral.



Concello de Vigo

- g) Traballar na captación de empresas do sector IT o empresas que teñan necesidade de perfiles dixitais para que sexan colaboradoras do Proxecto, co fin de xerar beneficios para tódalas partes.

–PLATAFORMA

Poñer a disposición do Proxecto unha plataforma virtual a través da cal:

Levarase a cabo o proceso de inscrición, avaliación e selección dos alumnos no curso correspondente.

Impartiranse os contidos do curso, poñendo a disposición dos alumnos tódolos manuais, exercicios, contidos audiovisuais e soporte documental necesario para garantir o aprendizaxe.

Realizáranse enquisas de satisfacción para poder avaliar o desenvolvemento do curso e poder implementar melloras en caso de que se detecte que sexa necesario.

FUNDACIÓN TELEFÓNICA se encargará, ase mesmo, da xestión e o mantemento da mencionada plataforma, asegurando o correcto funcionamento da mesma ó longo do curso.

TERCEIRA.- Financiamento

Cada unha das PARTES asumirá os gastos que se deriven das accións ás que se comprometen no presente Acordo.

CUARTA.- Comisión de seguimento

A partir da firma do presente Convenio constituirase unha comisión mixta de seguimento, composta por dous (2) representantes de cada unha das PARTES.

A comisión mixta de seguimento reunirse cando estívese conveniente e, en todo caso, sempre que o solicite unha das PARTES ó obxecto de revisar a relación de accións e actividades que se realicen ó amparo do presente Convenio, e resolver calquera incidencia que puidera suscitarse.

Esta comisión elevará informes e propostas ós órganos reitores de ambas PARTES. Os acordos que adopte a comisión deberán ser aprobados por unanimidade dos membros que a compoñen.

QUINTA.- Vixencia

As PARTES pactan que o presente Convenio entre en vigor desde a data de sinatura que consta no encabezamento e este vixente ata a realización completa das obrigacións obxecto do presente documento. Esperase que a finalización da colaboración se produza o 30 de setembro de 2019.

SEXTA.- Dereitos de propiedade intelectual e industrial

Todos aqueles materiais, produtos, obras e, en definitiva, todo o que as PARTES aporten ó desenvolvemento do Proxecto, que pertencesen con anterioridade a cada unha delas, seguirán sendo da súa exclusiva propiedade, sen que xere esta colaboración dereito algún en favor da outra PARTE.

No caso de obter algún produto ou entregable, froito de aquelas actividades que as PARTES deseñen e desenrolen conxuntamente, a raíz do presente Convenio, as PARTES serán conxuntamente titulares propietarias de tódolos resultados, podendo darlles o destino, difusión e publicación, total ou parcial, que teñan por conveniente, en calquera medio e soporte, incluído Internet ou calquera outra plataforma dixital, e sen limitación temporal ni xeográfica. En calquera publicación o difusión ó respecto mencionárase expresamente á CONTRAPARTE, sempre tras a súa aprobación conforme ó detallado no presente Convenio.

As PARTES poderán levar a cabo a explotación conxunta de ditos produtos sempre que estas así o acorden de maneira formal e escrita.

Os modelos, marcas de produtos, patentes de invención, mostras prototipos, planos, deseños, plántellas, documentación, instrución ou know-how técnico o tecnolóxico, operativo o de organización e funcionamento, métodos e sistemas e, en xeral, todo material que FUNDACIÓN TELEFÓNICA facilite ó CONCELLO como consecuencia do desenvolvemento do Convenio entenderanse como de propiedade exclusiva de FUNDACIÓN.

A utilización de nomes, marcas, signos, logotipos u outros distintivos o identificacións de propiedade de cada unha das PARTES, o por indicación das mesmas, en ningún caso entenderase como licencia o cesión de uso o constitución de dereito algún a favor da outra PARTE sobre dichos bens.

Non obstante, si para la execución do Convenio fose necesario o outorgamento dunha licencia de uso dos elementos suxeitos a dereitos de propiedade intelectual o industrial anteriormente mencionados, dicha licencia soamente entenderase concedida na medida e polo tempo que estritamente resulten necesarios para a execución do Convenio.

As PARTES garantíranse mutuamente que o desenvolvemento do Convenio no constitúe acción infractora de patente, signo distintivo, dereito de autor ou calquera outros dereitos de propiedade industrial ou intelectual dun terceiro.

Se algunha das PARTES resultase denunciada por infrinxir dereitos de propiedade industrial o intelectual de terceiros como consecuencia do desenvolvemento do Convenio, a PARTE que houbera xerado a presunta infracción quedará obrigada a facerse cargo de todos e cada un dos custos que se produzan pola defensa da PARTE denunciada, así como de tódalas cantidades que veña obrigada a pagar dita PARTE por tal motivo. Todo elo, sen prexuízo do dereito que asiste á mencionada PARTE a exercitar as accións legais que estime convenientes e a reclamar a correspondente indemnización polos danos e prexuízos que se lle houberen ocasionado por tal causa.

O exercicio destas accións pola PARTE denunciada non supón á súa renuncia ó dereito a instar a resolución do Convenio.



Concello de Vigo

En ningún caso as PARTES serán responsables, directa ni subsidiariamente, do uso indebido que a outra PARTE poda facer destes contidos ou da súa difusión sen os permisos legalmente esixidos fora do ámbito de este Convenio.

As PARTES renuncian á explotación económica de calquera produtos que se puidesen emitir no marco do presente Convenio, con fines lucrativos alleos ó propósito do mesmo.

SÉTIMA.- Difusión e presenza Institucional

As PARTES comprométese á inclusión do logotipo, nome e consideración da CONTRAPARTE como entidade colaboradora en cuantos medios se utilicen para a promoción e difusión do Proxecto (programa de mano, web, publicidade en prensa ou noutros medios, notas de prensa, rodas de prensa, documentación, etc.), así como na memoria anual de cada PARTE, respectando en todo caso o logotipo ou as directrices de imaxe externa que se indiquen pola outra PARTE.

En todo o material impreso, así como na difusión que se faga das actividades derivadas deste Convenio, deberá constar a colaboración das PARTES e figurar expresamente os seus logotipos en lugar destacado e visible, e o seu uso polas PARTES deberá ser sempre aprobado con carácter previo pola CONTRAPARTE.

OITAVA.- Medios

Todo persoal propio, subcontratado o colaborador, que as PARTES embreen no desenvolvemento das actividades resultado do obxecto deste Convenio será de exclusiva conta e responsabilidade de cada PARTE, quen coidará da situación legal de dito persoal en todos os ordenes, respondendo do cumprimento das obrigacións de carácter laboral, civil, mercantil e fiscal que se deriven de ditas relacións, eximindo expresamente á CONTRAPARTE de calquera responsabilidade que poida derivarse do incumprimento destas obrigacións.

NOVENA.- Exclusividade

A sinatura do presente Convenio non impedirá ás PARTES a celebración o execución de acordos e convenios con outras entidades públicas o privadas, sexan nacionais ou estranxeiras, orientados ó cumprimento do seus fins institucionais.

DÉCIMA.- Confidencialidade e datos de carácter persoal

As PARTES comprométese a non tratar ningún tipo de información confidencial e, en concreto, datos de carácter persoal responsabilidade de calquera delas.

Ase mesmo, comprométese a facer cumprir as obrigacións establecidas no presente Convenio ó persoal ó seu cargo e contratado pola súa conta, en relación á información confidencial, debendo:

- Gardar secreto no suposto de que dito persoal chegara a coñecerla o visualizala accidentalmente;

- Non divulgala nin publicala, ben directamente ou a través de terceiros;
- Non poñela a disposición de calquera outra entidade.

Esta obrigación de confidencialidade ten carácter indefinido, subsistindo trala finalización do presente Acordo independentemente da causa, quedando obrigadas as PARTES a non difundir a información confidencial sen o consentimento expreso e por escrito de cada unha delas.

Ademais, cada PARTE comprométese a comunicar á outra o acceso a datos producido de forma accidental, de maneira que poida quedar rexistrado como incidencia si así o valora.

Cada unha das PARTES asumirá a responsabilidade por calquera incumprimento da normativa vixente de protección de datos de carácter persoal que derive da súa actuación. No caso de que algunha das PARTES comunique os datos ou os utilice incumprindo as estipulacións do presente Convenio, responderá das accións nas que houbera incorrido, mantendo indemne á PARTE fronte a calquera prexuízo derivado de ditas accións.

No supoto de que algunha das PARTES trate datos por conta da outra, estas firmarán un acordo específico en Confidencialidade e Protección de Datos cuxa duración e validez subsistirá en tanto as PARTES manteñan unha relación xurídica.

UNDÉCIMA.- Deber de información

As PARTES manifestan que os datos por elas aportados no presente Convenio serán incluídos nunha base de datos coa finalidade de xestionar a relación contractual entre as PARTES. Ase mesmo, cada PARTE garante cumprir co deber de información respecto dos empregados cuxos datos sexan comunicados igualmente entre as PARTES co este fin.

A base xurídica que lexitima este tratamento é a xestión do presente Convenio de colaboración.

O datos serán conservados durante a vixencia do presente Convenio e, posteriormente, durante dez (10) anos, coa finalidade de atender ás posibles responsabilidades derivadas da relación contractual.

No seu caso, os interesados ou afectados poderán exercer os seis dereitos de acceso, rectificación, supresión e oposición, limitación, portabilidade ante a PARTE que corresponda a través de comunicación por escrito ó domicilio social que consta ó comenzo do presente Convenio, aportando fotocopia do seu D.N.I. ou documento equivalente e identificando o dereito que se solicita. Ase mesmo, no caso de considerar vulnerado o seu dereito á protección de datos persoais, poderán interpoñer unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (www.agpd.es).

DUODÉCIMA.- Notificacións

Calquera notificación que as PARTES teñan que realizar en relación co presente Convenio deberá facerse por escrito e dirixirse unicamente ás persoas e direccións seguintes:

- Para o CONCELLO



Concello de Vigo

Atención: Oficina Gabinete de Alcaldía do Concello de Vigo

Dirección: Prazo do Rei s/n, Vigo

Correo electrónico: alcaldia@vigo.org

• Para FUNDACIÓN TELEFÓNICA

Atención: Dirección de Finanzas, procesos e control

Dirección: C/Gran Vía 28, 7ª Planta (28013 – Madrid)

Correo electrónico: admon.fundacion@telefonica.com

Calquera modificación de dita información de contacto durante a vixencia do Convenio deberá ser comunicada de forma fiable á outra PARTE, sen que o cambio vincule a esta última ata a efectiva recepción da referida comunicación.

DECIMOTERCEIRA.- Modificacións

Os termos do presente Convenio de Colaboración poderán ser modificados por escrito e de mutuo acordo entre as PARTES asinantes, mediante a subscripción ó efecto da correspondente addenda ó mesmo.

DECIMOCUARTA.- Cumprimento das leis anticorrupción

a. Compromiso, recoñecemento e garantía.

- a) O CONCELLO garante que, de conformidade cos principios de actuación e de funcionamento do sector público (Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público), os fundamentos de actuación de todo empregado público (Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público), as disposicións de bo goberno en relación cos altos cargos (Lei 3/2015, de 30 de marzo, reguladora do exercicio do alto cargo da Administración Xeneral do Estado), así como calquera outra que lle resultara de aplicación ós mesmos efectos, tanto o CONCELLO como os seus directivos, empregados, organismos que o controlan, así como organismos adscritos ó mesmo, relacionados de algunha maneira co obxecto do presente Convenio, cumprirán en todo momento durante a vixencia do mesmo con toda a normativa que lles é aplicable na loita conta a corrupción;
- b) Con relación ó obxecto do presente Convenio, nin o CONCELLO nin os seus directivos, empregados, organismos que o controlan, así como os organismos adscritos ó CONCELLO, ofrecerán, prometerán o entregarán, nin á data de entrada en vigor do presente Convenio ofreceron, prometido ou entregado, directa ou indirectamente, diñeiro ou obxectos de valor a (i) ningún Funcionario Público¹ a fin de influír en actuacións da autoridade o institución pública ou, de algunha forma, de obter unha vantaxe indevida; (ii) calquera outra persoa, si se ten coñecemento de que todo ou parte do diñeiro ou obxecto de valor sexa ofrecido ou entregado a un Funcionario Público para influír en actuacións da autoridade ou institución pública ou, de algunha forma, obter unha vantaxe

1 “Funcionario Público”: incluye cualquier persona que trabaje para o en nombre de un departamento del gobierno nacional, estatal, provincial o local, cuerpo, agencia u otra entidad del gobierno (incluyendo empresas controladas o propiedad del gobierno) o cualquier organización pública internacional. El término también incluye a los partidos políticos, funcionarios del partido y candidatos a un cargo público.

indebida, o (iii) calquera outra persoa, a fin de inducirle a actuar de maneira desleal ou, de calquera modo, inapropiada;

- c) O CONCELLO conservará e manterá libros e rexistros financeiros precisos e razoablemente detallados con relación a este Convenio e ó obxecto do mesmo;
- d) Así mesmo, o CONCELLO manifesta que adoptou procedementos e políticas para asegurar o cumprimento do anterior a calesqueira terceiros suxeitos ó seu control ou influencia, ou que actúen no seu nome, e que poidan intervir en relación ó presente Convenio. Dol mesmo modo, garanta que ningún servizo a ser prestado, no seu caso, polo CONCELLO con relación ó Convenio será cedido, transferido ou subcontratado a calquera terceiro sen o previo consentimento por escrito de FUNDACIÓN TELEFÓNICA;
- e) O CONCELLO comunicará de inmediato a FUNDACIÓN o eventual incumprimento de calquera das súas obrigacións descritas nos parágrafos (a), (b) y (c) desta Cláusula. En dito caso de incumprimento, FUNDACIÓN TELEFÓNICA reservarase o dereito a exixir ó CONCELLO a inmediata adopción de medidas correctivas apropiadas;
- f) O CONCELLO certificará que cumpre con esta Cláusula periodicamente, segundo sexa requirido por FUNDACIÓN.

b. Incumprimento.

- O incumprimento desta Cláusula consideraráse un incumprimento grave deste Convenio. No caso de producirse dito incumprimento, salvo que o mesmo fora efectivamente corrixido, este Convenio poderá ser inmediatamente suspendido o resolto por FUNDACIÓN TELEFÓNICA, e calquera reclamación de pago do CONCELLO poderá ser desestimada por aquela.
- Na medida en que a Lei o permita, o CONCELLO indemnizará e manterá indemne a FUNDACIÓN de todas e cada unha das reclamacións, danos e prexuízos, perdas e penalizacións e custes (incluíndo, sen limitación, os honorarios de avogados) e de calquera gasto derivado de ou relacionado cun incumprimento por parte do CONCELLO da súas obrigacións contidas na presente Cláusula.

c. O CONCELLO colaborará de boa fe en calquera investigación levada a cabo por FUNDACIÓN TELEFÓNICA, os seus auditores, avogados ou representantes, que teña por obxecto verificar o cumprimento das obrigacións e compromisos asumidos en virtude desta Cláusula.

DECIMOQUINTA.- Cesión

Este Convenio é persoal entre as PARTES e non poderá ser cedido, total ou parcialmente, por ningunha delas sen o consentimento por escrito da CONTRAPARTE.

DECIMOSEXTA.- Resolución

O presente Convenio extinguirase polo cumprimento do seu obxecto e polas causas xenerais establecidas na lei.

O eventual incumprimento, total ou parcial, das obrigacións contidas no presente documento dará lugar á paralización das actividades pola PARTE cumpridora, así como, no seu caso, ó



Concello de Vigo

reintegro total ou parcial das cantidades correspondentes ás actividades pendentes de realizar e que xa houberen sido abonadas con antelación, nas que houbera incorrido a CONTRAPARTE, previa xustificación documental das mesmas.

Así mesmo, serán causas de extinción deste Convenio o mutuo acordo das PARTES, a imposibilidade sobrevida de cumprimento ou por causa de forza maior.

No caso de resolución do Convenio, as PARTES quedan obrigadas ó cumprimento dos seus respectivos compromisos hasta a data na que aquela se produza.

DECIMOSÉPTIMA.- Xurisdición e competencia

O presente Convenio ten natureza e xurisdición administrativa, considerándose excluído do ámbito de aplicación do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público. As controversias sobre a interpretación e execución do mesmo que no poidan ser resoltas pola comisión de seguimento someteranse á xurisdición dos xulgados do contencioso administrativo de Madrid, renunciando as PARTES a calquera outro fueiro que puidera corresponderlles.

E en proba de conformidade e aceptación cos términos do presente documento, ambas PARTES o asinan, por duplicado exemplar e a un solo efecto, no lugar e data sinalados no encabezamento.

4(1262).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE MATERIAL E ALUGUER DE MAQUINARIA PARA AS OBRAS A REALIZAR NOS COLEXIOS DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA POLO PERSOAL BENEFICIARIO DO PROGRAMA VIGO EMPREGA (LOTE 7). EXPTE. 21790/332.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 02/11/18, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

10.- Propostas de clasificación/clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de material e aluguer de maquinaria para as obras a realizar nos colexios de educación infantil e primaria polo persoal beneficiario do programa Vigo Emprega (21.790-332) (lote 7)

Á vista das actuacións e acordos desta Mesa de Contratación e do informe de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público - LCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación e os criterios de desempate previstos no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro de material e aluguer de maquinaria para as obras a realizar

nos colexios de educación infantil e primaria polo persoal beneficiario do programa Vigo Emprega (21.790-332) (lote 7) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitador	Puntuación
1	GARCI VENTA, S.L.	100 puntos
2	MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN FERNANDO ALONSO, S.L.	100 puntos

Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, GARCI VENTA, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(1263).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO E SERVIZO DE MAQUINARIA NA SÚA MODALIDADE DE ARRENDAMENTO SEN OPCIÓN A COMPRA PARA O TALLER DE VÍAS E OBRAS. EXPTE. 82229/250.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da proposta de data 31/10/18, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

10.- Propostas de clasificación/clasificación

b) Procedemento aberto mixto para a contratación do subministro e servizo de maquinaria na súa modalidade de arrendamento sen opción a compra para o taller de vías e obras (82.229-250)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público - LCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto mixto para a contratación do subministro e servizo de maquinaria na súa modalidade de arrendamento sen opción a compra para o taller de vías e obras (82.229-250) na seguinte orde descendente:



Concello de Vigo

Orde	Licitador	Vrof	Puntos
1º	CONSTRUCCIONES, OBRAS Y VIALES, S.A.	36,41 %	100,00
2º	CONSTRUCCIONES VALE, S.L.	4,95 %	

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSTRUCCIONES, OBRAS Y VIALES, SA., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

6(1264).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE REFORZO DE FIRMES EN VÍAS MUNICIPAIS 2017. FASE I. LOTE 1 VIGO LESTE E LOTE 2 VIGO SUR. EXPTE. 68/441.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 02/11/18, dáse conta do informe-proposta de data 31/10/18, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

c) Procedemento aberto para a contratación das obras de reforzo de firmes en vías municipais 2017. Fase I. Lote 1 Vigo Leste e lote 2 Vigo Sur (68-441)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011

- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras de reforzo de firmes en vías municipais 2017. Fase I. Lote 1 Vigo Leste e lote 2 Vigo Sur (68-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 11 de outubro de 2018, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de reforzo de firmes en vías municipais 2017. Fase I. Lote 1 Vigo Leste e lote 2 Vigo Sur (68-441) na seguinte orde descendente:

Lote nº 1:

	Clasificación de orden:	oferta
1	CONSTRUCCIONES FECHI, SLU	212.785,28 €
2	MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S L	218.964,30 €
3	MISTURAS, S A	219.209,65 €
4	CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S L	230.739,74 €
5	CONSTRUCCIONES VALE, S L	236.504,80 €
6	CONSTRUCCIONES, OBRAS E VIAIS, S A	237.830,36 €
7	NEXIA INFRAESTRUCTURAS, SLU	241.899,52 €
8	NAROM, S L	243.225,07 €
9	NEMESIO ORDOÑEZ, S A	244.951,40 €
10	ASFALGAL TECNICAS VIARIAS, S L	251.794,99 €
11	HORDESCON, S L	267.917,52 €
12	ARIAS INFRAESTRUCTURAS SA	291.950,91 €

Lote nº 2:

	Clasificación de orden:	oferta
1	MISTURAS, S A	153.804,31 €
2	CONSTRUCCIONES FECHI, SLU	159.408,20 €
3	NEMESIO ORDOÑEZ, S A	159.582,63 €
4	MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S L	162.431,33 €
5	CONSTRUCCIONES, OBRAS E VIAIS, S A	167.193,96 €
6	CONSTRUCCIONES VALE, S L	167.333,19 €
7	NEXIA INFRAESTRUCTURAS, SLU	174.689,26 €
8	CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S L	175.780,33 €
9	NAROM, S L	177.752,36 €
10	ASFALGAL TECNICAS VIARIAS, S L	188.449,99 €
11	ARIAS INFRAESTRUCTURAS SA	212.054,33 €



Concello de Vigo

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U. (lote nº 1) e MISTURAS, S.A. (lote nº 2), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Segundo.- Este acordo foi notificado aos licitadores clasificados en primeiro lugar, CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U (lote nº 1) e MISTURAS, S.A. (lote nº 2), o día 17 de outubro de 2018, que presenta a documentación requirida dentro do prazo concedido, o 30 e 29 de outubro, respectivamente.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 31 de outubro de 2018 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U. (lote nº 1) e MISTURAS, S.A. (lote nº 2), como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U. (lote nº 1) e MISTURAS, S.A. (lote nº 2), de acordo co informe de valoración das proposicións avaliadas a través de fórmula, de data 5 de outubro de 2018.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. “Adxudicar a CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U. o lote nº 1 do procedemento aberto para a contratación das obras de reforzo de firmes en vías municipais 2017. Fase I. Lote 1 Vigo Leste e lote 2 Vigo Sur (68-441) por un prezo total de 212.785,28 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 36.929,68 euros.
2. “Adxudicar a MISTURAS, S.A. o lote nº 2 do procedemento aberto para a contratación das obras de reforzo de firmes en vías municipais 2017. Fase I. Lote 1 Vigo Leste e lote 2 Vigo Sur (68-441) por un prezo total de 153.804,31 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 26.693,31 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e as ofertas presentadas”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(1265).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN DO INICIO DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DO CONTRATO DE CONSERVACIÓN E REPOSICIÓN DE PARQUES INFANTÍS, ÁREAS BIOSAUDABLES, ÁREAS DEPORTIVAS E MOBILIARIO URBANO DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 9688/446.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 05/11/18, asinado pola xefa do Servizo de Contratación, e polo concelleiro-delegado de Contratación, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP).
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ao TRLCSP.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC).
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).



Concello de Vigo

- Lei 5/1997, do 22 xullo, de administración local de Galicia (LALGA).
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto do servizo de conservación e reposición de parques infantís, áreas biosaudables, áreas deportivas e ximnásticas e mobiliario urbano do Concello de Vigo (PCAP).
- Prego de prescricións técnicas para a contratación por procedemento aberto do servizo de conservación e reposición de parques infantís, áreas biosaudables, áreas deportivas e ximnásticas e mobiliario urbano do Concello de Vigo (PPT).

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 10 de abril de 2015 a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo (en adiante a XGL) acordou:

“Adxudicar á Ferrovial Servicios, S.A., o procedemento aberto para a contratación dos servizos de conservación e reposición de parques infantís, áreas biosaudables, áreas deportivo ximnásticas e mobiliario urbán do concello de Vigo (expediente 7524-446), por un prezo de 1.412.609,52 euros (IVE engadido).

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”

Segundo.- En data 13 de maio de 2016 a XGL acordou a modificación do citado contrato (expediente 8732-446) nos termos que constan no informe do enxeñeiro municipal de data 18 de febreiro de 2016.

Terceiro.- Con data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo 11 de novembro de 2016 (doc no 160152763), don Alfonso Clemente González, en nome e representación de FERROVIAL SERVICIOS SA, solicita que á vista do punto 3.J das FEC, o Concello proceda a revisión do prezo deste contrato.

Cuarto.- O xefe de servizo de Parques e Xardíns, na data 7 de setembro de 2018, elabora a Memoria económica da revisión de prezos solicitada, sendo aprobada pola XGL en data 27 de setembro de 2018.

Quinto.- En data 11 de outubro de 2018 o xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, informa que “producíronse alteracións nos listados das zonas obxecto do contrato por incremento de superficie en parques infantís ampliados, en incorporación de novas áreas recepcionadas ou de nova instalación en fase de execución da obra, incremento de unidades de bebedeiros, incremento de unidades de bancos, e o incremento ou detracción de superficie en determinadas áreas biosaludables”. E en consecuencia, propón a modificación do contrato.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Legislación aplicable

Resulta preciso determinar en primeiro lugar, a legislación á aplicar a este contrato. Os contratos se rexen, en canto ós seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no Prego de cláusulas administrativas particulares e pola legislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda CC), é dicir:

- Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP).
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ao TRLCSP.

-II-

Da modificación dos contratos

A legislación de contratos das Administracións públicas recoñece ao órgano de contratación, entre outras prerrogativas, a de modificar os contratos por razóns de interese público, dentro dos límites e con subxección aos requisitos e efectos nela sinalados (artigos 210 TRLCSP e 114.1 TRRL con relación ás entidades locais), prerrogativa tamén recoñecida con respecto a este concreto contrato na cláusula 2.5 do PCAP.

O órgano de contratación só poderá modificar os contratos cando así se previra nos pregos ou no anuncio de licitación, ou nos casos e cos límites establecidos no artigo 107 (artigo 105 TRLCSP).

É dicir, a Lei impón á Administración, á hora de redactar os pregos, a realización dun exame detallado dos eventuais cambios que puidesen producirse no ámbito do contrato durante a súa duración. Deste xeito, os licitadores poden analízalos con carácter previo á presentación das súas ofertas e telos en conta ao redactalas. Así evítanse conculcar os principios de igualdade, libre competencia, transparencia e publicidade que rexen no ámbito da contratación pública por imperativo das Directivas europeas en materia de contratación e nos artigos 1 e 139 do TRLCSP.

A Administración, en caso de optar por regular as posibles modificacións do contrato nos pregos, goza dunha ampla marxe de discrecionalidade, pois non está suxeita a límites cuantitativos nin cualitativos, como sucede coas modificacións non previstas no prego. Pola contra, esíxese unha relación detallada e precisa dos seguintes aspectos (artigo 106 TRLCSP):

- Os supostos nos que poderá modificarse o contrato. Deberán definirse con total concreción por referencia a circunstancias cuxa concorrencia poida verificarse de forma obxectiva.
- As condicións da eventual modificación deberán precisarse cun detalle suficiente para permitir aos licitadores a súa valoración a efectos de formular a súa oferta e ser tomadas en conta no que se refire á esixencia de condicións de aptitude aos licitadores e valoración das ofertas.
- O alcance e límites das modificacións que poden acordarse con expresa indicación da porcentaxe do prezo do contrato ao que como máximo poidan afectar.
- O procedemento que teña que seguirse para a modificación.



Concello de Vigo

Nesta liña, no caso que nos ocupa, o prego prevé a modificación do contrato cando concorran as seguintes circunstancias (apartado 16.C da FEC):

- Alteracións producidas na superficie dos parques infantís, áreas biosaudables, áreas deportivas ximnásticas ou redución de unidades de bancos ou bebedeiros
- Incorporación de novos parques infantís, áreas biosaudables, áreas deportivas ximnásticas ou unidades de bancos ou bebedeiros.

Se concorresen estas circunstancias, poderán modificarse os seguintes aspectos do contrato (apartado 16.B da FEC):

- Diminución ou incremento da superficie dos parques infantís, áreas biosaudables, áreas deportivas ximnásticas e unidades de bancos ou bebedeiros obxecto deste contrato.

Se ben se establece como límite que a modificación non poderá superar o 10% do prezo de adxudicación do contrato (apartado 16.D da FEC).

No PCAP fíxanse as seguintes especialidades no procedemento a seguir en caso de modificación:

- O incremento da superficie dos parques infantís, áreas biosaudables, áreas deportivas ximnásticas ou de unidades de bancos ou bebedeiros cuxo mantemento é obxecto deste contrato inferior ó 5 % do prezo de adxudicación, non afectará ó prezo do contrato segundo o disposto no apartado 3.1. do prego de Bases Técnicas. Se os incrementos, illada ou conxuntamente, superan esta porcentaxe se incrementará en proporción o prezo do contrato pero excluindo sempre o 5% exento de pago.
- Para calcular o valor da modificación se aplicará á superficie da zona a incrementar ou diminuír o prezo unitario correspondente dos previstos no apartado 3.F desta FEC ó que se aplicará a porcentaxe de baixa do prezo ofertado polo adxudicatario respecto do prezo do contrato fixado no apartado 3.A.
- En caso de incremento da superficie dos parques infantís, áreas biosaudables, áreas deportivas ximnásticas ou de unidades de bancos ou bebedeiros, poderá modificarse o contrato sen que o seu prezo experimente variación, mediante a reorganización do servizo, variando outros aspectos tales como a frecuencia de mantemento, a intensidade, etc.

A modificación obxecto deste informe ven motivada pola variación da superficie dos parques infantís e áreas biosaudables municipais obxecto deste contrato, orixinadas polas seguintes causas:

- Por ampliacións da superficie dos parques infantís e as áreas biosaudables existentes.
- Pola incorporación de novos parques infantís ou áreas biosaudables ao patrimonio municipal. Neste caso, téñense en conta tanto as xa recepciónadas, como as que neste intre están en fase de execución da obra.
- Por incremento de unidades de bebedeiros e de bancos.
- Pola detracción de superficie en determinadas áreas biosaludables.

Todos estes cambios se detallan no informe emitido polo xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns en data 11 de outubro de 2018, que se reproduce a continuación:

“1.1.- Incremento de superficie en Parques infantís ampliados o incorporación de novas áreas recepcionadas.

Área	Superficie
P.I. Teixugueiras	37 m ²
P.I. Beade	143,04 m ²
P.I. Barrio das flores	66,41 m ²
P.I. Centro Cívico de Teis	369,46 m ²
P.I. de Pizarro	79,58 m ²
P.I. Máis que Auga	176 m ²

1.2.- Incremento de superficie en Parques infantís ampliados o de nova instalación en fase de execución da obra.

Expediente	Área	Fase Expediente	Previsión Mantemento	Superficie
9908-446	P.I Praza Independencia	Acta comprobacion replanteo (13/09/18)	20/11/2018	396,35 m ²
10083/446	P.I Barreiro	Acta comprobacion replanteo (11/10/18)	01/12/2018	609,68 m ²
9811/446	P.I Pedro Alvarado	Acta comprobacion replanteo (08/10/18)	01/12/2018	799,38 m ²
10114/446	P.I Navia	Acta comprobacion replanteo (08/10/18)	01/12/2018	2.580 m ²
9385/446	P.I Rúa Venezuela	En execución	01/12/2018	274 m ²

1.4.- incremento de unidades de Bebedeiros.

- 5 unidades

1.5.- Incremento de unidades de Bancos

- 509 unidades

1.6.- Incremento de superficie en Áreas biosaludables :

Área	Superficie
Área biosaludable Vilagarcía-Bueu	120 m ²
Área biosaludable do Centro Cívico de Teís	115 m ²



Concello de Vigo

2.- Detracción de superficie en áreas biosaludables.

Área	Superficie
Área biosaludable de Praia da punta	- 313,97 m ²
Parque infantil da Praza de Pedro Alvarado	- 115,52 m ²

Cadro de Prezos Unitarios Vixente (segundo acordo da XGL de data 27/09/2018)

Tipoloxías	Prezo unitario vixente/ano
Parques infantís (m ²)	6,21
Áreas biosaludables (m ²)	6,21
Áreas deportivas ximnásticas (m ²)	6,21
Bancos (unidades)	15,1
Bebedeiros (unidades)	8,6

Cadro de importes de mantemento por Tipoloxías e Áreas.

Tipoloxías	Superficie (m ²)	Prezo Unitario(€/ano)	Importe Anual (€/ano)
P.I Teixugueiras	37,00	6,21	229,77
P.I Beade	143,04	6,21	888,28
P.I Barrio das flores	66,41	6,21	412,41
P.I Centro Cívico de Teís	369,46	6,21	2.294,35
P.I de Pizarro	79,58	6,21	494,19
P.I Máis que Auga	176,00	6,21	1.092,96
P.I Barreiro	609,68	6,21	3786,11
P.I Pedro Alvarado	799,38	6,21	4964,15
P.I San Pelaio de Navia	2580	6,21	16.021,8
P.I Independencia	396,35	6,21	2461,33
P.I Venezuela	274	6,21	1701
Total Importe Anual			34.346,89

Áreas Biosaludables	Ampliación	Detracción	Importe Anual (€/ano)
Vilagarcía-Bueu	120,00		745,2
Centro Cívico de Teís	115,00		714,15
Praia da Punta		-313,97	-1.949,00
Pedro Alvarado		-115,52	-717,38
Total Importe Anual			1.207,03

Bancos	Ampliación	Importe Anual (€/ano)
Total Importe Anual	509,00	7.685,90

Bebedeiros	Ampliación	Importe Anual (€/ano)
Total Importe Anual	5,00	43,35

Cadro resumo de custes anuais por tipoloxía

Tipoloxías	Custe económico anual
Parques infantís	34.346,89
Áreas biosaludables	-1.207,03
Áreas deportivas ximnásticas	0,00
Bancos	7.685,90
Bebedeiros	43,35
Total	40.869,11

Polo tanto, o importe total da modificación é de 40.869,11 €/ano, e dicir, 3.405,76€/mes, polo que o importe total nos 6 meses restantes ata a finalización do contrato é de 20.434,55€. A ampliación do contrato (expediente 8732/446) empezouse a prestar o 9/06/2016 supoñendo un incremento do custe de 89.305,41€ dos que 70.630,47 € estaban exentos de custe (5% do importe de adxudicación).

Dado que o importe do contrato pódese incrementar ata o 10% do importe de adxudicación, isto supón 141.260,95€ ó longo de todo o contrato, e tendo en conta que xa se consumiron 89.305,41€ restan por consumir 51.955,54€.

Considerando que a prestación se inicie o 1 de novembro de 2018, quedan 6 meses de contrato o que supón 20.434,55€ polo que restan por consumir 31.520,98€.

Dado que existen parques infantís nos que se están realizando obras non se poden incorporar o mantemento ata a firma de acta de recepción das obras, polo que o cálculo dos custos de mantemento e o seguinte:

Parques infantís nos que a prestación iniciase o 1/11/2018

Tipoloxías	Custe Mensual	Custe 1/11 /2018 ata 31/12/2018	ata	Custe 1/1/2019 ata 30/04/2019
Parques infantís				



Concello de Vigo

	P.I Teixugueiras	19,15 €	38,30 €	76,59 €
	P.I Beade	74,02 €	148,05 €	296,09 €
	P.I Barrio das flores	34,37 €	68,74 €	137,47 €
	P.I Centro Cívico de Teis	191,20 €	382,39 €	764,78 €
	P.I de Pizarro	41,18 €	82,37 €	164,73 €
	P.I Máis que Auga	91,08 €	182,16 €	364,32 €
Áreas Biosaludables				
	Vilagarcía-Bueu	62,10 €	124,20 €	248,40 €
	Centro Cívico de Teis	59,51 €	119,02 €	238,05 €

Bancos	509 Unidades	640,49 €	1.280,98 €	2.561,97 €
Bebedeiros	5 Unidades	3,61 €	7,22 €	14,45 €
SUBTOTAL		1.216,55 €	2.433,1€	4.866,85€

Parques infantís nos que a prestación iníciase o 1/12/2018 e o 1/1/2019

Tipoloxías		Custe Diario	Custe Mensual	Custe ano	
				2018	2019
Parques infantís					
	P.I.Praza Independencia	6,84	205,2	273,6	820,8
	P.I Barreiro	10,52	315,60	420,80	1.262,40
	P.I Pedro Alvarado	13,79	413,70	551,60	1.654,80
	P.I Navia	44,50	1.335,00	0,00	5.340,00
	P.I Rúa Venezuela	4,73	141,90	425,70	567,60
SUBTOTAL		80,38	2.411,40	1.671,70	9.645,60

Os importes económicos que se imputarán, durante os 6 meses de contrato , son:

Ano aplicación	de Período	Importe	% Adxudicación do prezo do contrato
Ano 2018	Do 1 de novembro a 31 decembro	4.104,80	0,29
Año 2019	Do 1 de xaneiro a 30 de abril	14.512,45	1,03
Total		18.617,25	1,32

O custe mensual do contrato unha vez aprobada a revisión será de 34.227,44 €/mes como resultado de sumar o importe actualizado do contrato 30.821,47 €/mes (XGL de data 27/09/2018) co importe da ampliación 3.628,22€/mes e unha vez detraído o importe do P.B. Praia da punta 162,47 €/mes e P.B. Pedro Alvarado 59,78 €/mes

Considerando que xa se consumiron 89.305,41 € (Expediente 8732/4469) e que o importe máximo de modificación son 141.260,95€ (10% do importe de adxudicación) en toda a vixencia do contrato unha vez aprobada esta modificación restan por consumir 33.378,29€”.

Podemos concluír, á vista deste informe que a modificación proposta obedece a incrementos e detraccións das superficies de parques infantís e áreas biosaudables, así como un incremento de unidades do mobiliario urbano obxecto deste contrato. A mesma esta comprendida nos supostos de modificación previstos no PCAP, implica un incremento do prezo do contrato de 18.617,25, o que supón un 1,32 % do prezo do mesmo, e atópase dentro do límite da porcentaxe máxima de modificación do mesmo, que é do 10% do seu prezo, segundo o disposto no apartado 16.D da FEC.

-III-

Da concorrencia dos requisitos para a modificación do contrato

A potestade de modificación unilateral da Administración ou *ius variandi*, queda sometida a tres tipos de límites:

- **Límites procedimentais:** a previa audiencia do contratista (artigos 108.2 e 211.1 TRLCSP) e informe do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma respectiva, cando a súa contía, illada ou conxuntamente, sexa superior a un 10 por cento do prezo primitivo do contrato, cando este sexa igual ou superior a 6.000.000 de euros (artigo 211.3.b TRLCSP). No caso de modificacións previstas no prego deberá seguirse o procedemento de modificación nel regulado.
- **Límites materiais:** os contratos administrativos só poderán ser modificados por razóns de interese público, nos casos e na forma previstos na lei, ou no seu caso, no prego.
- **Límites económicos:** a obriga da Administración de compensar ao contratista pola alteración económica que a modificación lle supoña.

Respecto dos límites procedimentais, é preciso dar audiencia ao contratista, se ben non resulta necesario solicitar informe do Consello Consultivo de Galicia por canto o prezo primitivo do contrato é inferior a 6.000.000 euros e a modificación é dun 1,32 % do prezo primitivo do contrato.

Respecto dos límites materiais, a modificación obedece a unha razón de interese público: prover o mantemento dos parques infantís e as áreas biosaudables de nova creación ou cuxa superficie resultou incrementada. A promoción do deporte e *instalacións deportivas* e de ocupación do tempo libre é unha competencia municipal en virtude do disposto nos artigos 25.2.l da LBRL e 80.2.m da LALGA.

Respecto dos límites económicos, é preciso compensar ao contratista respecto da alteración económica que esta modificación supón. Tal e como se desprende do citado informe do xefe do Servizo de Parques e Xardíns, a modificación supón un incremento do importe do contrato a aboar ao contratista de 18.617,25 €.



Concello de Vigo

Unha vez evacuado o trámite de audiencia, formularase proposta sobre a presente modificación ó órgano de contratación. A resolución administrativa ditada en exercicio da potestade administrativa de modificación terá que ser motivada (artigo 35.1.a LPAC).

Unha vez adoptado o acordo de modificación, este poñerá fin á vía administrativa e será inmediatamente executivo (artigos 211.4 TRLCSP e 114.3 TRRL). A modificación acordada será obrigatoria para o contratista e deberá formalizarse conforme ao disposto no artigo 156 TRLCSP (artigo 219 TRLCSP).

-IV-

Do reaxuste da garantía definitiva

O artigo 99.3 do TRLCSP determina que cando, como consecuencia dunha modificación do contrato, experimente variación o seu prezo, deberá reaxustarse a garantía, para que garde a debida proporción co novo prezo modificado. O reaxuste deberá realizarse no prazo de quince días contados desde a data en que se notifique ao empresario o acordo de modificación. En consecuencia, unha vez adoptado este, deberá notificarse ao contratista para estes efectos, para que proceda ao seu reaxuste con carácter previo á formalización da modificación.

-V-

Do cumprimento dos restantes trámites do procedemento de modificación

Examinada a concorrencia dos requisitos legais esixidos para o exercicio do ius variandi, resta cumprimentar os restantes trámites do procedemento para efectuar modificacións nos contratos administrativos que detalla o artigo 102 RLCAP: fiscalización do gasto correspondente e aprobación polo órgano de contratación. Procedemento ó que é preciso engadir os requisitos esixidos para as entidades locais no artigo 114.3 TRRL: previo informe da Secretaría e da Intervención da Corporación. Se ben as referencias á Secretaría, no caso do Concello de Vigo, o ser un municipio de gran poboación rexido polo Título X LBRL, hai que entendelas feitas ó titular da Asesoría Xurídica, en virtude do disposto na disposición adicional 8ª apartado e do TRLCSP, que lle atribúe todas as funcións asignadas pola lexislación sobre contratos das Administracións públicas ós secretarios con excepción da formalización dos contratos en documento administrativo.

-VI-

Competencia

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación, previo informe da Asesoría Xurídica e da intervención municipais (artigo 114.3 TRRL apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda da LCSP).

ACORDO:

En base ao anterior, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º.- Iniciar o procedemento para a modificación do contrato de servizos de conservación e reposición de parques infantís, áreas biosaudables, areas deportivo ximnásticas e mobiliario urbán do concello de Vigo nos termos que constan no informe do xefe do Servizo de Parques e Xardíns de data 11 de outubro de 2018, que consistirán nun incremento de superficie en parques infantís ampliados, en incorporación de novas áreas recepcionadas ou de nova instalación en fase de execución da obra, incremento de unidades de bebedeiros, incremento de unidades de bancos, e no incremento ou detracción de superficie en determinadas áreas biosaludables nos termos sinalados no citado informe.

2º.- A modificación supón un incremento do importe total do contrato de 18.617,25 euros, que se distribuirían orzamentariamente da forma seguinte:

* Ano 2018 (1 de novembro ao 31 de decembro):

TOTAL: 4.104,80 € (0,29%)

* Ano 2019 (1 de xaneiro ao 30 de abril):

TOTAL: 14.512,45 € (1,03%)”

Este importe pódese cargar á partida 1710.2279902 MANTENIMENTOS DE PARQUES INFANTÍS E BIOSALUDABLES, con cargo á bolsa de vinculación.

3º.- No suposto de que a formalización da modificación do contrato sexa posterior a data indicada no informe do xefe do Servizo de Parques e Xardíns, o importe da modificación sufrirá o desconto proporcional que corresponda.

4º.- Unha vez aprobado o acordo de modificación, o contratista deberá reaxustar a garantía definitiva, no prazo dos quince días seguintes á notificación do acordo e con carácter previo á súa formalización.

5º.- Dar audiencia a Ferrovial Servicios, S.A., por prazo de dez días para que formule as alegacións que o seu dereito conveñan.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(1266).- PROGRAMA PARA A IMPLANTACIÓN DOS CAMBIOS DERIVADOS DA ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA E DO USO DAS NOVAS PLATAFORMAS DE LICITACIÓN E INTERMEDIACIÓN NO SERVIZO DE CONTRATACIÓN. EXPTE. 6238/241.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 05/11/18, asinado pola xefa do Servizo de Contratación, e polo concelleiro-delegado de Contratación, que di o seguinte:

1º. Antecedentes

O servizo de Contratación na actualidade soporta unha gran carga de traballo e ten pouco persoal para o volume de expedientes que tramita.



Concello de Vigo

Así mesmo, a entrada en vigor das leis 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público (LRJSP) e a Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), cos cambios que introducen na tramitación dos expedientes agravaron este problema. As dúas primeiras introducen a Administración electrónica, así como a obriga dalgúns suxeitos de relacionarse por medios electrónicos coas Administracións Públicas e destas de relacionarse entre si por estes medios, contemplándose como novo principio de actuación a interoperabilidade dos medios electrónicos e sistemas e a prestación conxunta de servizos aos cidadáns (artigo 3.2 da LRJSP). Nesta liña, a LCSP, impón a tramitación electrónica dos procedementos de contratación así como a consulta de oficio da documentación que presentan os licitadores das distintas plataformas de intermediación con outras Administracións e dos Rexistros públicos.

De todo iso resulta que durante a tramitación dun expediente de contratación está Administración, entre outras, ten as seguintes obrigas derivadas da aplicación da citada normativa:

- Relacionarse electronicamente cos licitadores.
- Licitación a través dunha plataforma de licitación electrónica.
- Comprobar datos dos licitadores que constan en poder doutras Administracións a través das plataformas de intermediación das mesmas ou dos Rexistros Públicos.
- Publicar toda a información relativa aos mesmos na Plataforma de contratación do sector público, onde se aloxa o perfil de contratante desta Administración por imperativo legal, así como na plataforma de licitación electrónica.

Todas estas obrigas determinan a necesidade de contar con máis persoal. Máxime nestes primeiros momentos de implantación da Administración electrónica e das distintas plataformas, tanto de licitación electrónica, como de intermediación o a de contratación do sector público. No entanto, non tratase dunha necesidade permanente, senón que se estima que so será necesario durante o período de implantación das citadas medidas que implican, a súa vez, o cambio dos procesos que ata agora viñan realizándose.

2º. Especificación do personal e das Funcións a Realizar polos funcionarios nomeados no marco do programa

O persoal que se estima necesario, é o seguinte: 1 Técnico de Xestión e 2 Administrativos ou auxiliares.

Entre as diferentes tarefas que terían que realizar no marco do programa os funcionarios nomeados estarían as seguintes:

- Adaptar o servizo ás novas tecnoloxías para dar cumprimento ao novo marco normativo en materia de administración electrónica que se deriva da Lei 39/2015, da Lei 40/2015 e da Lei 9/2017.
- Asesoramento e asistencia aos contratistas no uso de medios electrónicos nas súas relación coas Administracións Públicas.
- Cursar notificacións electrónicas previa publicación no perfil de contratante.

- Interoperabilidade con outras Administracións Públicas para o intercambio de información.
- Adaptación ao Esquema Nacional de Seguridade e interoperabilidade.

3º. Dependencia Orgánica

A dependencia orgánica dos funcionarios será do Servizo de Contratación.

4º. Xustificación da Necesidade

Dada a aprobación das citadas leis e o cambio na tramitación dos expedientes de contratación, se estima necesario contratar 1 Técnico de Xestión e 2 Administrativos ou auxiliares.

5º. Duración do programa

Estimase que o período de implantación das citadas medidas e o cambio dos procesos que ata agora viñan realizándose é de tres anos.

6º. Procedemento para o nomeamento

Se solicita o nomeamento como funcionario interino do persoal citado.

A figura do funcionario interino para a execución de plans ou programas de carácter temporal está contemplada no artigo 10.1.c) do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, do texto refundido do EBEP, e no artigo 23 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia. Estes programas non deberán responder a necesidades permanentes da Administración, e terán unha duración máxima de ata 3 anos, ampliables ata 12 meses adicionais nos termos nos que se contemple pola lexislación vixente.

ACORDO:

En base ao exposto con anterioridade solicítase a Xunta de Goberno Local, en uso das facultades atribuídas pola lexislación vixente:

“A aprobación do Programa para a implantación dos cambios derivados da administración electrónica e do uso das novas plataformas de licitación e intermediación no servizo de Contratación”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(1267).- DESESTIMACIÓN DO RECURSO DE ALZADA INTERPOSTO NO PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADO PARA A CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE PENSOS E DEMAIS FORRAXES PARA A FAUNA DE VIGOZOO. EXPTE. 9233/612.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 05/11/18, asinado pola técnica de Administración Xeral, a xefa do Servizo de Contratación, e polo concelleiro-delegado de Contratación, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN



Concello de Vigo

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña á LCSP
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC)
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRJSP)
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 xullo, de Administración local de Galicia (LALGA)
- Real decreto do 24 de xullo de 1889, texto da edición do Código Civil (CC)
- Prego de prescricións técnicas particulares para a contratación por procedemento aberto simplificado do subministro de pensos e demais forraxes para a fauna de Vigozoo (9.233-612) (PPT)
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto simplificado do subministro de pensos e demais forraxes para a fauna de Vigozoo (9.233-612) (PCAP)

ANTECEDENTES DE FEITO:

Primeiro.- O 6 de setembro de 2018, a Xunta de Goberno local, aprobou o expediente de contratación do subministro de pensos e demais forraxes para a fauna de Vigozoo, os pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares e acordou a apertura do procedemento de contratación.

A licitación foi obxecto de publicación no perfil de contratante o 10 de setembro de 2018, rematando o prazo de presentación de ofertas o 25 de setembro.

Segundo o certificado expedido polo Rexistro Xeral o 28 de setembro de 2018, durante ese prazo presentaron ofertas os seguintes licitadores:

1. PÉREZ GROBA CARAMUXO, S.L.
2. CEREALES Y PIENSOS LA MOLINERA, S.L.

Segundo.- A Mesa de Contratación na sesión do 1 de outubro de 2018 adoptou o seguinte acordo:

“A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún/s dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

1. PÉREZ GROBA CARAMUXO, S.L.
2. CEREALES Y PIENSOS LA MOLINERA, S.L.

Pola Secretaría e a Presidencia procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B “Proposición avaliable mediante fórmula” dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	DEUC	Redución do prezo	Características ofertadas (nº presentación/s en fariñas e nº presentación/s en pellets de diferentes tamaños)
1	PÉREZ GROBA CARAMUXO, S.L.	Non presentado	16%	90% - 10%
2	CEREALES Y PIENSOS LA MOLINERA, S.L.	√	11,90%	1 - 2

A continuación, ábreanse os sobres que conteñen as mostras, que se entregan ao responsable do contrato.

Non asiste público á apertura.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda:

1. Non admitir a PÉREZ GROBA CARAMUXO, S.L. no procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de pensos e demais forraxes para a fauna de Vigozoo (9.233-612) por non ter presentado a documentación esixida no Sobre A “Documentación persoal” (Documento Europeo Único de Contratación).

De acordo coa cláusula 15 do PCAP “A documentación persoal e a proposición económica presentaranse dentro do prazo fixado no anuncio da licitación”. O licitador non presentou a documentación persoal no Sobre A, tal e como esixe o PCAP, senón que incluíu neste sobre un documento que non se corresponde coa documentación esixida. Ante a ausencia desta documentación, sendo preceptiva a súa aportación nun prazo determinado, non procede conceder un novo prazo para a súa presentación en base ao principio de igualdade de trato.

Solicitar informe ao servizo xestor sobre a mostra presentada por CEREALES Y PIENSOS LA MOLINERA, S.L. con carácter previo á clasificación das ofertas”.

Terceiro.- O 4 de outubro de 2018, D^a. Dolores Groba, en representación de PÉREZ GROBA CARAMUXO, S.L., interpuxo recurso de alzada contra o acordo de non admisión adoptado pola Mesa de Contratación na súa sesión do 1 de outubro de 2018.

Cuarto.- Na sesión do 4 de outubro de 2018 a Mesa de Contratación aceptou o informe asinado polo veterinario de Vigozoo de data 2 de outubro de 2018 sobre as mostras presentadas por CEREALES Y PIENSOS LA MOLINERA, S.L. e acordou a clasificación da proposición presentada, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, e requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CEREALES Y PIENSOS LA MOLINERA, S.L., a presentación da documentación esixida polo artigo 159.4f da LCSP



Concello de Vigo

Quinto.- Con data do 9 de outubro de 2018 D^a. Dolores Groba, en representación de PÉREZ GROBA CARAMUXO, S.L., amplía o recurso de alzada interposto o 4 de outubro.

Sexto.- Para os efectos de dar cumprimento á esixencia do artigo 118.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, con data do 22 de outubro de 2018 deuse audiencia a o outro licitador presentado a este procedemento. Durante o prazo concedido non se presentaron alegacións.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

-I-

Obxecto do recurso de alzada

É obxecto da presente impugnación o acordo adoptado pola Mesa de Contratación, na sesión que tivo lugar o día 1 de outubro de 2018, polo que non se admite a PÉREZ GROBA CARAMUXO, S.L. neste procedemento.

-II-

Exame da concorrencia dos requisitos esixidos pola lei para a admisión do recurso

O recurso de alzada é un recurso administrativo ordinario que procede interpoñer contra as resolucións e actos aos que se refire o artigo 112.1 da LPAC, cando non poñan fin á vía administrativa.

En primeiro lugar, cómpre analizar se concorren neste recurso os requisitos obxectivos, subxectivos, formais e temporais para a súa admisión, ou pola contra, concorre unha causa de inadmisión.

Son causas de inadmisión dos recursos administrativos (artigo 116 LPAC):

- a) Ser incompetente o órgano administrativo, cando o competente pertencese a outra Administración Pública.
- b) Carecer de lexitimación o recorrente.
- c) Tratarse dun acto non susceptible de recurso.
- d) Transcorrer o prazo para a interposición do recurso.
- e) Carecer o recurso manifestamente de fundamento.

En canto aos **requisitos obxectivos**, son susceptibles de recurso de alzada as resolucións e actos aos que se refire o artigo 112.1 da LPAC, cando non poñan fin á vía administrativa (artigo 121.1 LPAC):

Así mesmo, o recurso deberá fundamentarse en calquera dos motivos de nulidade ou anulabilidade previstos nos artigos 47 e 48 da LPAC (artigo 112.1 LPAC).

Son nulos de pleno dereito os seguintes actos administrativos (artigo 47.1 LPAC):

- a) Os que lesionen os dereitos e liberdades susceptibles de amparo constitucional.
- b) Os ditados por órgano manifestamente incompetente por razón da materia ou do territorio.
- c) Os que teñan un contido imposible.
- d) Os que sexan constitutivos de infracción penal ou se diten como consecuencia desta.

- e) Os ditados prescindindo total e absolutamente do procedemento legalmente establecido ou das normas que conteñen as regras esenciais para a formación da vontade dos órganos colexiados.
- f) Os actos expresos ou presuntos contrarios ao ordenamento xurídico polos que se adquiren facultades ou dereitos cando se careza dos requisitos esenciais para o seu adquisición.
- g) Calquera outro que se estableza expresamente nunha disposición de rango legal.

Son anulables os actos da Administración que incorran en calquera infracción do ordenamento xurídico, incluso a desviación de poder (artigo 48.1 LPAC). Con dúas excepcións:

- O defecto de forma só determinará a anulabilidade cando o acto careza dos requisitos formais indispensables para alcanzar o seu fin, ou de lugar á indefensión dos interesados (artigo 48.2 LPAC).
- A realización de actuacións administrativas fora do tempo establecido para elas só implicará a anulabilidade do acto cando así o impoña a natureza do término ou prazo (artigo 48.3 LPAC).

No caso que nos ocupa, dado que os acordos da Mesa de Contratación non poñen fin á vía administrativa, por ter superior xerárquico (a Xunta de Goberno local), procede a interposición dun recurso de alzada (artigo 121 LPAC).

Non concorre no mesmo ningunha das causas de nulidade previstas no artigo 62 da LRJAP, en consecuencia, hai que deducir que o recorrente impugna o acordo amparándose na súa suposta anulabilidade.

En canto aos **requisitos subxectivos**, dado que a lei non establece requisitos especiais para recorrer en alzada, hai que estar ás regras xerais en materia de lexitimación. Así, poderá recorrer en alzada calquera persoa física ou xurídica cuxos dereitos ou intereses lexitimos se viran prexudicados ou poidan resultar afectados polos actos obxecto de recurso (artigo 4.1.a LPAC). En consecuencia, hai que recoñecer lexitimación a PÉREZ GROBA CARAMUXO, S.L. por ser titular de dereitos ou intereses lexitimos na súa calidade de licitador.

Respecto aos **requisitos formais**, a lei determina que o recurso poderá interperse ante o órgano que ditou o acto que se impugna ou ante o competente para resolvelo (artigo 121.2 LPAC).

Esixe o artigo 115.1 da LPAC que o escrito de interposición do recurso exprese as seguintes circunstancias:

- O nome e apelidos do recorrente, así como a súa identificación persoal
- O acto que se recorre e a razón da súa impugnación
- Lugar, data, firma do recorrente, identificación do medio e, no seu caso, do lugar que se sinale para os efectos de notificacións
- Órgano, centro ou unidade administrativa ao que se dirixe e o seu correspondente código de identificación
- As demais particularidades esixidas, no seu caso, polas disposicións específicas



Concello de Vigo

Circunstancias que concorren neste caso.

Respecto aos **requisitos temporais**, a lei fixa un prazo para a interposición do recurso de alzada dun mes, se o acto fose expreso, como no caso que nos ocupa (artigo 122.1 LPAC). Dado que o acordo recorrido é de data 1 de outubro de 2018 e se notificou ao interesado o 3 do mesmo mes, a interposición do recurso de alzada o 4 de outubro realizouse en prazo.

Tendo en conta que o recurso reúne os requisitos obxectivos, subxectivos, formais e temporais esixidos pola lei procede a súa admisión e deberá resolverse sobre o seu fondo.

-III-

Tramitación do recurso

En relación coa tramitación do recurso, a lei límitase a establecer un **trámite de audiencia**, no que os interesados poderán formular alegacións e presentar os documentos e xustificantes que estimen procedentes.

Este trámite de audiencia procederá (artigo 118 LPAC) nos seguintes casos:

- Cando teñan que terse en conta novos feitos ou documentos non recollidos no expediente orixinario (artigo 118.1 LPAC).
- Se houberse outros interesados (artigo 118.2 LPAC).

En base ao anterior, deuse audiencia ao outro licitador presentado a este procedemento, CEREALES Y PIENSOS LA MOLINERA, S.L., mediante escrito enviado o 22 de outubro de 2018, para que puidese alegar o que estime pertinente.

Durante o prazo concedido, CEREALES Y PIENSOS LA MOLINERA, S.L. presentou un escrito no que achega documento de alta na plataforma de licitación electrónica; documento que non pode interpretarse como alegación ao recurso.

Respecto á **resolución do recurso**, a lei establece que deberá estimar en todo ou en parte, ou desestimar as pretensións formuladas ou ben declarar a súa non admisión (artigo 119.1 LPAC). É competente para resolver o recurso de alzada o superior xerárquico do órgano que ditou o acordo, quen decidirá cantas cuestións, tanto de forma como de fondo, expoña o procedemento, sexan ou non alegadas polos interesados. Neste último caso oíráselles previamente. No entanto, a resolución será congruente coas peticións formuladas polo recorrente, sen que en ningún caso poida agravarse a súa situación inicial (artigo 119.3 LPAC).

O prazo máximo para ditar e notificar a resolución do recurso será de tres meses (artigo 122.2 LPAC).

-IV-

Motivos de impugnación da resolución recorrida

A recorrente recoñece a través do escrito de interposición de data 4 de outubro de 2018 un “erro voluntario” na presentación da documentación, afirmando ter presentado un documento erróneo en lugar do documento europeo único de contratación (DEUC). Acompaña o DEUC ao escrito de interposición.

No escrito de data 9 de outubro a recorrente invoca a cláusula 20 do PCAP, que reproduce o artigo 81.2 do RXLCAP (“Se a Mesa de Contratación observase defectos ou omisións na

declaración responsable, ou do seu contido puidera deducirse que algún dos licitadores non reúne os requisitos para ser admitido como licitador neste procedemento, notificaralle aos interesados esta circunstancia, concedéndoselles un prazo de tres días para que os corrixan ou emenden”).

Cómpre aclarar que a única documentación presentada por PÉREZ GROBA CARAMUXO, S.L. no prazo de presentación de ofertas é un arquivo que recolle un só documento cunha única páxina na que se plasma a oferta económica do licitador.

Neste senso, a resolución 497/2017 do Tribunal Administrativo Central (recurso nº 360/2017) remítese ao informe 47/09, do 1 de febreiro de 2010, da Xunta Consultiva que indica “o criterio mantido pola Junta Consultiva pode concretarse en que se recoñece como emendable, xa sexa por erros ou omisións, a achega de documentos esixidos para concorrer sempre que o seu contido, como elemento acreditativo, exista no momento no que se presenta e no momento no que conclúe o prazo de presentación de proposicións, que evidentemente é anterior ao momento de emenda. É dicir, pode emendarse o que existe, pero non se ten achegado; non se pode emendar o que no momento citado non existe de maneira indubidable”.

Dispón o artigo 80.2 do RD 1098/2001 que “os sobres a que se refire o apartado anterior terán que ser entregados nas dependencias ou oficinas expresadas no anuncio ou enviados por correo dentro do prazo de admisión sinalado naquel, agás que o prego autorice outro procedemento, respectándose sempre o segredo da oferta”. No procedemento que nos ocupa o prego prevé a presentación electrónica das proposicións pero, en todo caso, deberán presentalas dentro do prazo concedido. O PCAP indica a documentación que deberán conter os sobres. A proposición da recorrente debería incluír a documentación persoal (DEUC) e a proposición avaliable a través de fórmula, se ben só contiña a segunda. Prevé o artigo 141 da LCSP ao respecto da declaración responsable (DEUC) para os casos nos que se estableza a intervención da mesa de contratación que “esta cualificará a declaración responsable e a documentación á que se refire o artigo anterior. Cando esta aprecie defectos emendables, dará un prazo de tres días ao empresario para que os corrixa”.

Segundo o artigo 22.1 do RD 817/2009 correspóndelle á Mesa de Contratación a cualificación da documentación persoal “comunicando aos interesados os defectos e omisións emendables que aprecie na documentación” e a exclusión dos licitadores por non acreditar o cumprimento dos requisitos establecidos no PCAP.

Agora ben, unha cousa é emendar deficiencias e outra ampliar o prazo para a presentación da documentación que sería o q en realidade supón para o licitador. Este é o criterio da Sección Terceira da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza da Comunidade Valenciana recollido na sentenza número 538/2000 (recurso número 611/1997) relativa á concesión a un dos licitadores da oportunidade de achegar documentos, dos de preceptiva presentación, que omitiu:

“A posibilidade de emendar, que en procedementos nos que exista un só interesado ten que interpretarse no sentido máis amplo posible, supón, nos procedementos indicados, no entanto, unha certa vulneración do principio de igualdade, dado que quen foi negligente no cumprimento dos trámites nos prazos e formas establecidos, ve como se lle ofrece unha



Concello de Vigo

segunda oportunidade, facendo inútil a dilixencia dos demais licitadores en cubrir no seu momento os requisitos esixidos”.

En referencia ao previsto no artigo 81.2 do RXLCAP di a sentenza “o precepto ha permitir a emenda dun defecto que afecte a un documento presentado, pero non a presentación extemporánea de documentos, é dicir, a acreditación fóra de prazo dos requisitos para contratar”.

En base ao anterior, procede a desestimación do recurso.

-V-

Acordo

O órgano competente para a resolución do recurso de alzada é o órgano superior xerárquico do que ditou o acto recorrido (artigo 121.1 da LPAC).

En base ao anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno local a adopción do seguinte **ACORDO**:

1º.- Admitir o recurso de alzada interposto o 4 de outubro de 2018 por D^a. Dolores Groba, en representación de PÉREZ GROBA CARAMUXO, S.L., no procedemento aberto simplificado do subministro de pensos e demais forraxes para a fauna de Vigozoo (9.233-612).
2º.- Desestimar o citado recurso, polas razóns expostas no fundamento xurídico cuarto deste informe”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(1268).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA MEDIANTE CONVENIO COA ENTIDADE CLUB ATLETISMO FEMENINO CELTA EN BASE Ó DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ÉLITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2017/2018. EXPTE. 17646/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 09/10/18 e o informe de fiscalización do 02/11/18, dáse conta do informe-proposta de data 07/09/18, asinado polo xefe do Servizo de Deportes, o concelleiro-delegado de Deportes, e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Atendendo á instrución remitida polo Concelleiro de Deportes, dáse inicio á tramitación do expediente de subvención nominativa por importe de 18.000,00 € prevista na partida orzamentaria 3410.489.00.03 a favor da entidade Clube Atletismo Feminino Celta polo desenvolvemento do proxecto xeral de actividades da entidade na tempada deportiva 2017/2018.

A actividade deportiva en Vigo no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación á participación de entidades deportivas da cidade nas máis altas categorías das competicións a nivel do estado.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos cos proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades deportivas da Cidade de Vigo e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e todas as cidadanas.

En relación a esta actuación de colaboración na actividade deportiva das entidades que teñen equipos nas primeiras categorías dos diversos deportes, atopamos que a entidade deportiva Clube Atletismo Feminino Celta conta cun equipo de élite na modalidade de Atletismo na categoría Primeira Nacional. A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xá que posibilita a participación da canteira deportiva da cidade.

Ó valor único e de carácter excepcional que supón a participación do primeiro equipo da entidade na categoría Primeira Nacional hai que engadir o proxecto de dinamización e fomento do deporte de base que a entidade desenvolve na tempada 2017/2018, que impulsa e estimula a participación dos e das máis xóvenes nun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno, e contribúe a establecer pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.

Ambos proxectos complementáanse e son interdependentes, conformando a realidade da entidade Clube Atletismo Feminino Celta e configurando un proxecto xeral baseado no valor único de cada un deles.

O obxectivo da colaboración entre entidades e institucións responde ó desexo de xerar proxectos comúns, que propicien actuacións prioritarias na búsqueda da potenciación de sinerxias no ámbito social, do cal destacamos:

- O interese xeral pola formación do capital humano no ámbito do deporte.
- A búsqueda dunha personalidade propia e definida da acción, en base ós principios do compromiso da sociedade hacia os valores do deporte.
- O tecido asociativo deportivo da nosa cidade é o reflexo do compromiso de centos de persoas coa mellora das condicións de vida e a defensa dos intereses xerais da poboación. A mellora dos recursos para a dinamización do deporte en tódolos aspectos é unha das prioridades de actuación en materia do deporte.

Este proxecto de colaboración coas entidades deportivas con equipos de elite da cidade de Vigo fundaméntase nos seguintes obxectivos:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, contén cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.



Concello de Vigo

- Consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.
- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o “Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal..” e que “...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”.

Ante estes aspectos atopamos criterios que nos levan á necesidade de estudar e propoñer un marco de relación entre ambas entidades, xa que de forma xeral o desenvolvemento destes proxectos deportivos considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, polo cal propónse a realización dun convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a entidade Clube Atletismo Feminino Celta para favorecer a consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo.

A lexislación aplicable, para este convenio, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución dos vixentes orzamentos do Concello de Vigo; Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que “Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de

subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos”.

Esta subvención ten un claro carácter de interese público e social e concedese directamente ao figurar nominalmente no orzamento do Concello de Vigo para o 2018, na partida orzamentaria 3410.489.00.03, consonte co artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia. E a súa concesión canalízase a través dun convenio cuxo texto se somete a aprobación.

A Vixencia deste convenio é pola actividade desenvolta pola entidade Clube Atletismo Feminino Celta durante a tempada deportiva 2017/2018, tendo a obriga de presentar a documentación para a xustificación do mesmo, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata o 15 de Novembro de 2018.

A tramitación do pago da subvención realizarase, unha vez que a entidade beneficiaria presente axeitadamente a documentación xustificativa, a partir do día seguinte á sinatura do convenio.

Por todo o exposto propónse a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

- PRIMEIRO: Aprobar a concesión directa dunha subvención a entidade deportiva Clube Atletismo Feminino Celta para o proxecto xeral de actividade na tempada deportiva 2017/2018 e aprobar o texto do convenio que a regula.
- SEGUNDO: Autorizar e dispoñer o gasto de 18.000,00€. a favor da entidade Clube Atletismo Feminino Celta co CIF: G-36927689 e enderezo social na enderezo social na rúa Pintor Colmeiro, 10, 1ºB en Vigo, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 17646-333. Este crédito é con cargo á partida 3410.489.00.03 do vixente orzamento.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE CLUB ATLETISMO FEMININO CELTA EN BASE Ó DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ÉLITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2017/2018 (EXpte. 17645/333).

Na Casa do Concello de Vigo, a ___ de _____ de dous mil dezaioito.

REUNIDOS

Dunha parte, o Alcalde de Vigo, D. Abel Caballero Álvarez.

Doutra, Dna. Paula Mariño Gonda como presidenta da entidade Club Atletismo Feminino Celta CIF: G-36927689 e enderezo social na rúa Pintor Colmeiro, 10, 1ºB en Vigo e na representación



Concello de Vigo

da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 17646-333.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.-Que a entidade Clube Atletismo Feminino Celta conta cun equipo de élite que participa na categoría Liga Nacional de Primeira División desenvolve a súa actividade no Concello de Vigo, e constitúe un pilar de gran importancia en atención á repercusión social y mediática do deporte.

A entidade Clube Atletismo Feminino Celta desenvolve o proxecto do equipo de élite durante a tempada 2017/2018.

A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da cantera deportiva da cidade.

Ademáis, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.

II.-Que a entidade Club Atletismo Feminino Celta impulsa e estimula a participación dos e das máis xóvenes no ámbito do deporte a través do desenvolvemento dun proxecto deportivo de base orientado fundamentalmente ó fomento e promoción do Atletismo en etapas de formación, contribuíndo ademáis a establecer pautas de referencia positivas, e complementando o proxecto xeral da entidade.

III.-Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses e viguesas máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- A consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.

IV.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3410.489.00.03 prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 18.000,00 €, a favor da entidade deportiva Club Atletismo Feminino Celta.

V.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os

intervintes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar á financiación do proxecto xeral da entidade Clube Atletismo Feminino Celta na tempada deportiva 2017/2018.

VI.- Que a entidade Club Atletismo Feminino Celta non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm 17646-333.

VII.- Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade, o Concello de Vigo e o Club Atletismo Feminino Celta conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- A entidade Club Atletismo Feminino Celta comprométese a colaborar coa Concellería de Deportes do Concello de Vigo no fomento, promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:

1º.-Colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas deportivos desenvoltos dende este e que teñen vinculación directa cos obxectivos da entidade que asina este convenio:

- Programa Municipal de escolas deportivas.
- Xornadas de formación.
- Campañas de concienciación vinculadas ós hábitos de vida saudables.
- Actividades dirixidas a poboacións especiais: maiores, discapacitados...
- Colaboración coa promoción do deporte en igualdade.

2º.- Desenvolver un proxecto xeral de actividade da entidade, e que inclúe a dinamización da actividade de carácter excepcional do equipo de élite da entidade e a promoción e fomento do deporte de base na modalidade de Atletismo na tempada 2017/2018.

3º.-Traballar conxuntamente na difusión e promoción necesaria dos programas de actuación deportiva de cara ó ensino e iniciación deportiva en tódolos aspectos da modalidade específica do equipo de élite.

4º.-Participar cos xogadores e xogadoras do primeiro equipo nos proxectos de promoción do deporte dinamizados polo Concello de Vigo.

5º.-Que en todas as actividades que se desenvolvan dentro das actividades do equipo de élite, con independencia dos patrocinios da entidade, deberá figurar nun lugar visible a imaxe da Concellería de deportes-Concello de Vigo:

- A imaxe da Concellería de Deportes-Concello de Vigo deberá estar presente tanto nas equipacións de xogo como nas de paseo, e o seu formato e ubicación deberá ser autorizado pola Concellería de Deportes.
- Na instalación de Xogo colocaranse, como mínimo, catro lonas coa imaxe institucional da Concellería de Deportes, ubicadas en zonas centrais e de máxima visibilidade da zona de xogo.

6º Realizar unha memoria das actividades realizadas durante a tempada deportiva, resultados, colaboracións, clasificacións, proxectos, etc...



Concello de Vigo

7º.-Fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo conxuntamente coa concellería de deportes.

8º.-Contribuir á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

9º.-Atender ás obrigas establecidas na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa entidade Club Atletismo Feminino Celta na tramitación das solicitudes relativas a necesidades propias do Concello para a realización dos seus proxectos deportivos na cidade de Vigo.

2º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe nos ámbitos de promoción da entidade Club Atletismo Feminino Celta (revista, web, etc).

3º.- Conceder directamente á entidade Club Atletismo Feminino Celta unha subvención por importe de 18.000,00€ con cargo á partida orzamentaria 3410.489.00.03 do orzamento en vigor mediante transferencia bancaria á conta corrente facilitada pola entidade co obxecto de coadxuvar ó financiamento das actividades vinculadas co seu proxecto xeral de actividade, desenvolvido na tempada deportiva 2017/2018. A tramitación do pago da subvención realizarase, unha vez que a entidade beneficiaria presente axeitadamente a documentación xustificativa, a partir do día seguinte á sinatura do convenio.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, excepto coa solicitude de subvención na convocatoria por concorrencia competitiva de subvencións que a Concellería de Deportes desenvolva en relación ós proxectos de actividade das entidades deportivas de Vigo na tempada 2017/2018, coa que será incompatible.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá á redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional da Concellería de Deportes-Concello de Vigo en calquera actividade ou evento relacionado co obxecto do

convenio, na cartelería, equipacións de xogo e paseo, e demais material gráfico elaborado ao efecto.

Sétimo.- A beneficiaria deberá xustificar no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e o 15 de novembro de 2018 o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar, tal como establece o artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, de xeito exclusivo a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.
- Atendendo á especificade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitaxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificadas a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitaxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc.) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probatorio do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.
- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo servizo de deportes, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose



Concello de Vigo

neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido na tempada deportiva 2017/2018. A tal efecto, o técnico da área de deportes, no informe adxunto á documentación xustificativa, especificará o período comprendido pola mesma, que abarcará desde a data de inscrición do equipo ou dos deportistas na competición, ata os 30 días posteriores á finalización da competición oficial segundo os calendarios oficiais aportados.

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademais, os “gastos financeiros” da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe do convenio.

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lexislación de Contratos del Sector público para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, agás que por as súas especiais características non exista no mercado suficientes.

Décimo.- A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O xefe do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas

Décimo cuarto.- A vixencia do presente convenio abarca o período comprendido entre a sinatura do mesmo e ata o 15 de Novembro de 2018, co obxecto de proceder á tramitación da xustificación do mesmo.

Décimo quinto.- A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

Décimo sexto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

11(1269).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA MEDIANTE CONVENIO COA ENTIDADE REAL CLUB CELTA DE ATLETISMO EN BASE Ó DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ÉLITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2017/2018. EXPTE. 17645/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 09/10/18 e o informe de fiscalización do 02/11/18, dáse conta do informe-proposta de data 07/09/18, asinado polo xefe do Servizo de Deportes, o concelleiro-delegado de Deportes e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Atendendo á instrución remitida polo Concelleiro de Deportes, dáse inicio á tramitación do expediente de subvención nominativa por importe de 18.000,00 € prevista na partida orzamentaria 3410.489.00.04 a favor da entidade Real Clube Celta de Atletismo polo desenvolvemento do proxecto xeral de actividades da entidade na tempada deportiva 2017/2018.

A actividade deportiva en Vigo no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación á participación de entidades deportivas da cidade nas máis altas categorías das competicións a nivel do estado.



Concello de Vigo

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos cos proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades deportivas da Cidade de Vigo e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e todas as cidadanas.

En relación a esta actuación de colaboración na actividade deportiva das entidades que teñen equipos nas primeiras categorías dos diversos deportes, atopamos que a entidade deportiva Real Club Celta de Atletismo conta cun equipo de élite na modalidade de Atletismo na categoría Primeira Nacional. A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xá que posibilita a participación da canteira deportiva da cidade.

Ó valor único e de carácter excepcional que supón a participación do primeiro equipo da entidade na categoría Primeira Nacional hai que engadir o proxecto de dinamización e fomento do deporte de base que a entidade desenvolve na tempada 2017/2018, que impulsa e estimula a participación dos e das máis xóvenes nun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno, e contribúe a establecer pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.

Ambos proxectos complementáanse e son interdependentes, conformando a realidade da entidade Real Club Celta de Atletismo e configurando un proxecto xeral baseado no valor único de cada un deles.

O obxectivo da colaboración entre entidades e institucións responde ó desexo de xerar proxectos comúns, que propicien actuacións prioritarias na búsqueda da potenciación de sinerxias no ámbito social, do cal destacamos:

- O interese xeral pola formación do capital humano no ámbito do deporte.
- A búsqueda dunha personalidade propia e definida da acción, en base ós principios do compromiso da sociedade hacia os valores do deporte.
- O tecido asociativo deportivo da nosa cidade é o reflexo do compromiso de centos de persoas coa mellora das condicións de vida e a defensa dos intereses xerais da poboación. A mellora dos recursos para a dinamización do deporte en tódolos aspectos é unha das prioridades de actuación en materia do deporte.

Este proxecto de colaboración coas entidades deportivas con equipos de elite da cidade de Vigo fundaméntase nos seguintes obxectivos:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, contén cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- Consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas vigueses e viguesas no entorno asociativo da cidade.

- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o “Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal..” e que “...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”.

Ante estes aspectos atopamos criterios que nos levan á necesidade de estudar e propoñer un marco de relación entre ambas entidades, xa que de forma xeral o desenvolvemento destes proxectos deportivos considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, polo cal propónse a realización dun convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a entidade Real Club Celta de Atletismo para favorecer a consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo.

A lexislación aplicable, para este convenio, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución dos vixentes orzamentos do Concello de Vigo; Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que “Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos”.



Concello de Vigo

Esta subvención ten un claro carácter de interese público e social e concedese directamente ao figurar nominalmente no orzamento do Concello de Vigo para o 2018, na partida orzamentaria 3410.489.00.04, consonte co artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia. E a súa concesión canalízase a través dun convenio cuxo texto se somete a aprobación.

A Vixencia deste convenio é pola actividade desenvolta pola entidade Real Club Celta de Atletismo durante a tempada deportiva 2017/2018, tendo a obriga de presentar a documentación para a xustificación do mesmo, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata o 15 de Novembro de 2018.

A tramitación do pago da subvención realizarase, unha vez que a entidade beneficiaria presente axeitadamente a documentación xustificativa, a partir do día seguinte á sinatura do convenio.

Por todo o exposto propónse a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO: Aprobar a concesión directa dunha subvención a entidade deportiva Real Club Celta de Atletismo para o proxecto xeral de actividade na tempada deportiva 2017/2018 e aprobar o texto do convenio que a regula.

SEGUNDO: Autorizar e dispoñer o gasto de 18.000,00€. a favor da entidade Real Club Celta de Atletismo co CIF: G-36945319 e enderezo social na enderezo social na rúa Pintor Colmeiro, 10, 1ºB en Vigo, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 17645-333. Este crédito é con cargo á partida 3410.489.00.04 do vixente orzamento.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE CLUB CELTA DE ATLETISMO EN BASE Ó DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ÉLITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2017/2018 (EXPTE. 17645/333).

Na Casa do Concello de Vigo, a ___ de _____ de dous mil dezaioito.

REUNIDOS

Dunha parte, o Alcalde de Vigo, D. Abel Caballero Álvarez.

Doutra, D. José Ángel Serantes Arias como presidente da entidade R.C. Celta de Atletismo CIF nº G-36945319 e enderezo social na rúa Pintor Colmeiro, 10, 1ºB, en Vigo e na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 17645-333.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.-Que a entidade Real Club Celta de Atletismo conta cun equipo de élite que participa na categoría Liga Nacional de Primeira División desenvolve a súa actividade no Concello de Vigo, e constitúe un pilar de gran importancia en atención á repercusión social y mediática do deporte.

A entidade Real Club Celta de Atletismo desenvolve o proxecto do equipo de élite durante a tempada 2017/2018.

A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da cantera deportiva da cidade.

Ademáis, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.

II.-Que a entidade Real Club Celta de Atletismo impulsa e estimula a participación dos e das máis xóvenes no ámbito do deporte a través do desenvolvemento dun proxecto deportivo de base orientado fundamentalmente ó fomento e promoción do Atletismo en etapas de formación, contribuíndo ademáis a establecer pautas de referencia positivas, e complementando o proxecto xeral da entidade.

III.-Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses e viguesas máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, contén cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- A consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas vigueses e viguesas no entorno asociativo da cidade.

IV.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3410.489.00.04 prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 18.000,00 €, a favor da entidade deportiva Real Club Celta de Atletismo.

V.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervintes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar á financiación do proxecto xeral da entidade Real Club Celta de Atletismo na tempada deportiva 2017/2018.

VI.- Que a entidade Real Club Celta de Atletismo non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das



Concello de Vigo

súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm 17645-333.

VII.- Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade, o Concello de Vigo e o Real Club Celta de Atletismo conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- A entidade Real Club Celta de Atletismo comprométese a colaborar coa Concellería de Deportes do Concello de Vigo no fomento, promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:

1º.-Colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas deportivos desenvoltos dende este e que teñen vinculación directa cos obxectivos da entidade que asina este convenio:

- Programa Municipal de escolas deportivas.
- Xornadas de formación.
- Campañas de concienciación vinculadas ós hábitos de vida saudables.
- Actividades dirixidas a poboacións especiais: maiores, discapacitados...
- Colaboración coa promoción do deporte en igualdade.

2º.- Desenvolver un proxecto xeral de actividade da entidade, e que inclúe a dinamización da actividade de carácter excepcional do equipo de élite da entidade e a promoción e fomento do deporte de base na modalidade de Atletismo na tempada 2017/2018.

3º.-Traballar conxuntamente na difusión e promoción necesaria dos programas de actuación deportiva de cara ó ensino e iniciación deportiva en tódolos aspectos da modalidade específica do equipo de élite.

4º.-Participar cos xogadores e xogadoras do primeiro equipo nos proxectos de promoción do deporte dinamizados polo Concello de Vigo.

5º.-Que en todas as actividades que se desenvolvan dentro das actividades do equipo de élite, con independencia dos patrocinios da entidade, deberá figurar nun lugar visible a imaxe da Concellería de deportes-Concello de Vigo:

- A imaxe da Concellería de Deportes-Concello de Vigo deberá estar presente tanto nas equipacións de xogo como nas de paseo, e o seu formato e ubicación deberá ser autorizado pola Concellería de Deportes.
- Na instalación de Xogo colocaranse, como mínimo, catro lonas coa imaxe institucional da Concellería de Deportes, ubicadas en zonas centrais e de máxima visibilidade da zona de xogo.

6º Realizar unha memoria das actividades realizadas durante a tempada deportiva, resultados, colaboracións, clasificacións, proxectos, etc...

7º.-Fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo conxuntamente coa concellería de deportes.

8º.-Contribuir á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

9º.-Atender ás obrigas establecidas na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa entidade Real Club Celta de Atletismo na tramitación das solicitudes relativas a necesidades propias do Concello para a realización dos seus proxectos deportivos na cidade de Vigo.

2º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe nos ámbitos de promoción da entidade Real Club Celta de Atletismo (revista, web, etc).

3º.- Conceder directamente á entidade Real Club Celta de Atletismo unha subvención por importe de 18.000,00€ con cargo á partida orzamentaria 3410.489.00.04 do orzamento en vigor mediante transferencia bancaria á conta corrente facilitada pola entidade co obxecto de coadxuvar ó financiamento das actividades vinculadas co seu proxecto xeral de actividade, desenvolvido na tempada deportiva 2017/2018. A tramitación do pago da subvención realizarase, unha vez que a entidade beneficiaria presente axeitadamente a documentación xustificativa, a partir do día seguinte á sinatura do convenio.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, excepto coa solicitude de subvención na convocatoria por concorrencia competitiva de subvencións que a Concellería de Deportes desenvolva en relación ós proxectos de actividade das entidades deportivas de Vigo na tempada 2017/2018, coa que será incompatible.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá á redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional da Concellería de Deportes-Concello de Vigo en calquera actividade ou evento relacionado co obxecto do convenio, na cartelería, equipacións de xogo e paseo, e demais material gráfico elaborado ao efecto.

Sétimo.- A beneficiaria deberá xustificar no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e o 15 de novembro de 2018 o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar, tal como establece o artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, de xeito exclusivo a través da sede electrónica do Concello de Vigo,



Concello de Vigo

por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.
- Atendendo á especificade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitaxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificados a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitaxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc..) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probatorio do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.
- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo servizo de deportes, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido na tempada deportiva 2017/2018. A tal efecto, o técnico da área de deportes, no informe adxunto á documentación xustificativa, especificará o período comprendido pola mesma, que abarcará desde a data de inscrición do equipo ou dos deportistas na competición, ata os 30 días posteriores á finalización da competición oficial segundo os calendarios oficiais aportados.

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademais, os “gastos financeiros” da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe do convenio.

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lexislación de Contratos del Sector público para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, agás que por as súas especiais características non exista no mercado suficientes.

Décimo.- A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O xefe do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas

Décimo cuarto.- A vixencia do presente convenio abarca o período comprendido entre a sinatura do mesmo e ata o 15 de Novembro de 2018, co obxecto de proceder á tramitación da xustificación do mesmo.

Décimo quinto.- A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrucción do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de



Concello de Vigo

subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

Décimo sexto- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerá pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

12(1270).- OUTORGAMENTO DAS SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DO EMPREGO MEDIANTE PROXECTOS RELACIONADOS COA INVESTIGACIÓN, A INNOVACIÓN E O EMPREGO. EXPTE. 15635/77.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 05/11/18, asinado pola técnica de Administración Xeral Desenvolvemento Local e Emprego, o xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, polo concelleiro-delegado de Emprego e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

1º) Con data 25/10/2018 desde o servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local elevouse informe-proposta de acordo á Xunta de Goberno Local, nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita con carácter previo á adopción do acordo (expte. 14.635/77).

2º) Con data 02/11/2018 fiscalízase de conformidade o expediente. Porén, dado o tempo transcorrido, cómpre rectificar o prazo máximo de xustificación de subvencións establecido na **DÉCIMO TERCEIRA das bases reguladoras do procedemento**, a fin de que o outorgamento das axudas obxecto da presente proposta non debeña de imposible cumprimento, establecendo o vindeiro **12 de novembro de 2018** como data límite para a presentación da documentación xustificativa do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos.

En relación á ampliación proposta deste novo prazo de xustificación das subvencións que se outorguen, ao abeiro do disposto no art. 70 do RLXS, faise constar que non consta precepto en contra contido nas bases reguladoras desta convocatoria nin se prexudica dereitos de terceiro, e que se formula dentro do prazo previsto nas bases para a resolución e notificación do procedemento, e do disposto no artigo 24.3.b) da LPAC de producirse a resolución expresa posterior ao seu vencemento; quedando redactada a proposta nos seguintes termos:

Antecedentes:

Por acordo da Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente do 13 de setembro de 2018, aprobouse a “Convocatoria e as bases reguladoras das “SUBVENCIONES PARA O FOMENTO DO EMPREGO MEDIANTE PROXECTOS RELACIONADOS COA INVESTIGACIÓN, A INNOVACIÓN E O EMPREGO”.

Ditas bases foron publicadas no BOP núm. 181, do 19 de setembro de 2018 e o extracto da convocatoria remitido pola BDNS foi publicado no BOP no seu número 182 de data 20/09/2018, así como na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org), promovéndose a concorrencia de solicitudes polo prazo de 10 días, a contar dende o seguinte á súa publicación no BOP (dende o 21/09/2018 ao 04/10/2018, ámbolos dous inclusive), da que resultou a presentación de tres solicitudes e que foron as seguintes:

Nº expdte.	Entidade	NIF	Data rexistro solicitud
15745/77	A.E. UVIGO MOTORSPORT	G27809425	03/10/18
15746/77	FED. PROV. COMERCIO PONTEVEDRA	V36636959	04/10/18
15747/77	FED. PROV. EMPR. HOSTELERÍA PONTEVEDRA	G36614907	04/10/18

As bases da convocatoria de subvencións destinadas ao fomento do emprego mediante proxectos relacionados coa investigación, a innovación e o emprego, establecen unha financiación da mesma por unha contía total destinada a estas subvencións para o vixente exercicio orzamentario (2018) de 30.000,00 € (trinta mil euros), que se imputarán con cargo á partida 2410 4800000 “Programas de axudas ao plan de emprego municipal”, dos orzamentos xerais do Concello de Vigo. Subvencionarase, no caso de que a entidade sen ánimo de lucro solicitante que cumpra con todos os requisitos esixidos nas bases, os gastos de funcionamento e difusión necesarias para o desenvolvemento das actividades programadas e que teñan acomodo no obxecto desta convocatoria (custes salariais derivados do persoal contratado e/ou da entidade con cargo á subvención, gastos financeiros e de xestión relacionados coa posta en marcha do proxecto presentado, gastos de difusión, publicidade e de asistencia a eventos, gastos de aluguer de locais e maquinaria, ...), cun máximo de 15.000,00€.

O concelleiro delegado de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relacións cos Sindicatos, con data 10/10/2018, resolveu nomear a Comisión de Valoración que preside de acordo coa base décimo segunda, apartado 4, cos seguintes membros:

Vogal 1	Titular	Francisco J. Gutiérrez Orúe	Xefe servizo
	Suplente	Carla Candia Paz	Técnica de Administración Xeral



Concello de Vigo

Vogal 2	Titular	Ana M ^a Mouriz Martínez	Coordinadora
	Suplente	Elisa Casal Prieto	Técnica de emprego

A Comisión de Valoración en xuntanza de data 24/10/2018, conforme á información que consta no seu poder despréndese que dúas solicitudes se desestiman e a que resulta beneficiaria cumpre cos requisitos necesarios para acceder ás mesmas, procedendo a realizar a avaliación da solicitude presentada co resultado exposto na acta da comisión 24/10/2018, e matizados os máximos de puntuación de cada subapartado do apartado 1 da Base Décimo Primeira asinadas por todos os seus compoñentes e que se achega xunto co expediente, e que de xeito resumido acordou o seguinte:

“ ...

Conforme á documentación existente nos expedientes, procédese a revisar os expedientes coas seguintes conclusións:

1.- Preavaliación das solicitudes e Desestimación.

Unha vez revisadas as tres solicitudes para verificar o cumprimento das condicións impostas para acadar a condición de entidades beneficiarias, segundo o indicado na Base 11^a, decídese DESESTIMAR a seguinte solicitude:

Nº expdte.	Entidade	Motivo da desestimación
15746/77	FED. PROV. COMERCIO PONTEVEDRA	O proxecto presentado non está encadrado no periodo indicado na Base 1 ^a (01 de xaneiro ao 15 de outubro de 2018), trátase dunha idea de proxecto a executar no próximo ano, polo que os gastos subvencionables do mesmo, e indicados na correspondente Memoria, non poden ser realizados no periodo dende o 01 de xaneiro ao 15 de outubro de 2018 tal e como se especifica na Base 3 ^a .
15747/77	FED. PROV. EMPR. HOSTELERÍA PONTEVEDRA	O proxecto presentado non está encadrado no periodo indicado na Base 1 ^a (01 de xaneiro ao 15 de outubro de 2018), trátase dunha idea de proxecto a executar no próximo ano, polo que os gastos subvencionables do mesmo, e indicados na correspondente Memoria, non poden ser realizados no periodo dende o 01 de xaneiro ao 15 de outubro de 2018 tal e como se especifica na Base 3 ^a .

2.- Avaliación das solicitudes.

Os máximos de puntuación que se estableceron nesta comisión á hora de avaliar a solicitude admitida para a baremación son nos distintos subapartados da Base Décimo Primeira, apartado 1.a). os que a continuación se indica

–1. Calidade e viabilidade técnica e económica do proxecto (ata 20 puntos):

a-1: Corresponde ao apartado 1.a) Que sexan capaces de xerar grupos de innovación na actividade económica de Vigo e o seu entorno, ou programas estables de innovación e investigación fronte a accións puntuais. A máxima puntuación que se poderá obter é de 10 puntos.

a-2: Corresponde ao apartado 1.a) Que baseen na análise das necesidades existentes no entorno económico laboral e, que teñan viabilidade técnica. A máxima puntuación que se poderá obter é de 6 puntos.

a-3: Corresponde ao apartado 1.a) Colaboración, coordinación e concertación dos proxectos con outras entidades asociativas e aposta pola promoción de alianzas e do traballo en rede. A máxima puntuación que se poderá obter é de 4 puntos.

O apartado 2 xa está totalmente detallado na Base correspondente:

2. Áreas económicas relacionadas co proxecto:

a) Tecnoloxías de comunicación	5 puntos
b) Automoción	5 puntos
c) Industria naval	5 puntos
d) Biotecnoloxía	4 puntos
e) Enerxías renovables	4 puntos
f) Outras áreas e/ou sectores	2 puntos
g) Uso da lingua galega no proxecto/s	5 puntos

E a puntuación obtida pola entidade admitida no proceso de baremación nesta convocatoria de subvencións é:

	1.- Calidade/viabilidade técnica (máx. 20)			2. Área económica	Puntuación Total
	a-1	a-2	a-3		
A.E. UVIGO MO-TORSPO	9	4	3	5	21

–3.- A distribución económica unha vez avaliadas as solicitudes das entidades.

A distribución económica unha vez avaliada a solicitude da entidade resulta:



Concello de Vigo

	Cantidade Solicitada	Puntos	Cantidade asignada 1º reparto	Cantidade Resolución
A.E. UVIGO MOTORSPORT	15.000,00	21	15.000,00	15.000,00
<i>Totais</i>	15.000,00	21	15.000,00	15.000,00

Valor punto:	714,29 €
--------------	----------

Ao ser unha única entidade á hora de repartir o diñeiro da subvención, esta acada o máximo, segundo a Base Cuarta b), que son 15.000,00€.

4.- A Comisión de Valoración, unha vez avaliada as solicitudes presentadas, informa que da información que obra no seu poder despréndese que a entidade beneficiaria proposta cumpre os requisitos necesarios para acceder ás subvencións.

...”

· De conformidade co anteriormente exposto e nos termos do establecido na DÉCIMO SEGUNDA das bases reguladoras do procedemento:

5- As solicitudes avaliaranse con arreglo á documentación achegada, no seu caso, aos informes emitidos, ás limitacións orzamentarias existentes e aos criterios de avaliación establecidos na Base Décima, deixando constancia en acta do resultado da avaliación debidamente motivada.

6- Unha vez avaliadas as solicitudes achegadas, o órgano colexiado remitirá a acta na que se concrete o resultado da avaliación, á vista do cal, o instructor do procedemento formulará proposta de resolución definitiva á Xunta de Goberno Local, como órgano competente para resolver o procedemento, na que incluírá unha relación na que se indicarán todos/as as solicitantes que participan na convocatoria co NIF, nome, nº de expediente, puntuación obtida, estimación da súa solicitude ou desestimación (con indicación do/s motivo/s polo/s que se lle denega), e o importe da subvención que se lle outorga; farase constar, así mesmo, que da información que obra en poder do órgano instructor, despréndese que os beneficiarios cumpren os requisitos necesarios para acceder ás subvencións.

O prazo de resolución e notificación será de **catro meses** contados a partir da publicación desta convocatoria. A resolución do procedemento será obxecto de publicación para xeral coñecemento na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).

En calquera momento anterior á resolución do procedemento de subvencións, a interesada poderá desistir da/s súa/s solicitude/s; desistimento que será aceptado de plano pola administración concedente, declarando conclusivo/s o/s procedemento/s correspondente/s, de conformidade cos artigos 84 e seguintes da LPAC.

8- A resolución do procedemento notificarase electrónicamente ás entidades solicitantes a través da sede electrónica. Remítanse aos/ás interesados/as os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen **dez días naturais** desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

9- **Dende o día seguinte á notificación da resolución**, as beneficiarias dispoñen dun prazo de dez (10) días naturais para a **aceptación ou renuncia** da subvención concedida, que debe comunicarse por escrito ao Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, transcorrido o cal, sen manifestación expresa ao respecto, entenderase tácitamente aceptada.

Todas as subvencións concedidas, individualmente consideradas, con expresión da convocatoria, programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e programa específico subvencionado, serán publicadas na Base de Datos Nacional de Subvencións.

11- O vencemento do prazo máximo sen terse dictado e notificado a resolución expresa, lexitima aos interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión de subvención, sen prexuízo do disposto no art. 24.3.b) da LPAC.

12- Contra a resolución administrativa que aprobe as presentes bases e as resolucións que se adopten na súa execución poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición perante o órgano que a ditou no prazo dun mes. Entenderase desestimado se transcorre outro mes sen contestar; neste caso poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses. Así mesmo, contra a presente resolución tamén poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo no indicado prazo. En todos os casos, os prazos contaránse a partir do día seguinte ao da notificación, publicación ou desestimación do recurso de reposición.

13.- A beneficiaria poderá renunciar, expresamente, á subvención concedida; renuncia que será aceptada de plano pola administración concedente, declarando conclusivo o/s procedemento/s correspondente, de conformidade co artigo 94 da LPAC. A non presentación da/s correspondente/s renuncia/s cando proceda, determinará a imposibilidade de concorrer á convocatoria de subvencións da Concellería de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos no vindeiro exercicio presupostario.

Así mesmo, cómpre rectificar o prazo máximo de xustificación de subvencións establecido na **DÉCIMO TERCEIRA das bases reguladoras do procedemento**, a fin de que o outorgamento das axudas obxecto da presente proposta non devese de imposible cumprimento, establecendo o vindeiro **12 de novembro de 2018** como data límite para a presentación da documentación xustificativa do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos.

En relación á ampliación proposta do prazo de xustificación das subvencións que se outorguen, cómpre rectificar a data límite de xustificación das subvencións ata o vindeiro 12 de novembro de 2018, ao abeiro do disposto no art. 70 do RLXS, facendo constar que non consta precepto en contra contido nas bases reguladoras desta convocatoria nin se prexudica dereitos de terceiro, e que se formula dentro do prazo previsto nas bases para a resolución e notificación do procedemento, e do disposto no artigo 24.3.b) da LPAC de producirse a resolución expresa posterior ao seu vencemento.

A presente proposta remitírase para informe preceptivo da Intervención Xeral Municipal, con carácter previo á adopción do acordo pola Xunta de Goberno Local.

A tenor do previsto nas bases reguladoras da subvención, do artigo 23 da Lei de Subvencións de Galicia e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade do Sr. Concelleiro-Delegado de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos, nos



Concello de Vigo

termos das delegacións competenciais efectuadas en data 19/06/2015, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO: DESESTIMAR, integramente, conforme ao art. 23.3 da LSG, ás entidades que se relacionan, as súas solicitudes de subvencións, por non cumprir coas condicións ou requisitos establecidos nas bases reguladoras para acadar a condición de beneficiarias e, en concreto, polas causas indicadas:

Nº expdte.	Entidade	Motivo da desestimación
15746/77	FED. PROV. COMERCIO PONTEVEDRA	O proxecto presentado non está encadrado no periodo indicado na Base 1ª (01 de xaneiro ao 15 de outubro de 2018), trátase dunha idea de proxecto a executar no próximo ano, polo que os gastos subvencionables do mesmo, e indicados na correspondente Memoria, non poden ser realizados no periodo dende o 01 de xaneiro ao 15 de outubro de 2018 tal e como se especifica na Base 3ª.
15747/77	FED. PROV. EMPR. HOSTELERÍA PONTEVEDRA	O proxecto presentado non está encadrado no periodo indicado na Base 1ª (01 de xaneiro ao 15 de outubro de 2018), trátase dunha idea de proxecto a executar no próximo ano, polo que os gastos subvencionables do mesmo, e indicados na correspondente Memoria, non poden ser realizados no periodo dende o 01 de xaneiro ao 15 de outubro de 2018 tal e como se especifica na Base 3ª.

SEGUNDO: CONCEDER, de conformidade co art. 23.3 da LSG, ás entidades que, de seguido, se relacionan, con cargo á partida presupostaria 2410 4800000 "Programa de axudas ao plan de emprego municipal" do vixente exercicio presupostario, por importe de 30.000,00 € (trinta mil euros):

Nº expdte.	Entidade	NIF	Importe Subvención Concedida
15745/77	A.E. UVIGO MOTORSPORT	G27809425	15.000,00€

TERCEIRO: PUBLICAR na Base de Datos Nacional de Subvencións todas as subvencións concedidas, individualmente consideradas, con expresión da convocatoria, programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e programa específico subvencionado.

CUARTO: RECTIFICAR o prazo máximo de xustificación de subvencións establecido na **DÉCIMO TERCEIRA das bases reguladoras do procedemento**, a fin de que o outorgamento das axudas obxecto da presente acordo non devese de imposible cumprimento, establecendo o vindeiro **12 de novembro de 2018** como data límite para a presentación da documentación xustificativa do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos.

QUINTO: NOTIFICAR o presente acordo nos termos establecidos nos art. 24 da LSG, art. 40 e 41 da LPAC e BASE REGULADORA 12ª.9, con indicación expresa de que dende o día seguinte á notificación da resolución, as beneficiarias dispoñen dun prazo de dez (10) días naturais para a aceptación ou renuncia da subvención concedida, que debe comunicarse por escrito ao Servizo de Desenvolvemento Local, transcorrido o cal, sen manifestación expresa ao respecto, entenderase tácitamente aceptada.

A resolución do procedemento será obxecto de publicación para xeral coñecemento na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).

Contra o presente acordo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(1271).- PROGRAMA PARA O ASESORAMENTO E ASISTENCIA ÁS ASOCIACIÓNS SEN ÁNIMO DE LUCRO NA SÚA TRANSICIÓN E INTEGRACIÓN NA ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA. EXPTE. 7651/335.

A Xunta de Goberno local retira este expediente.

14(1272).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DAS CONTAS XUSTIFICATIVAS DOS LIBRAMENTOS DE FONDOS A XUSTIFICAR ANO 2018 (4ª). EXPTE. 102681/140.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 29/10/18, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado pola xefa de Fiscalización, o interventor xeral e o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:



Concello de Vigo

En relación á/s contas xustificativas dos seguintes pagos a xustificar:

Habilitado	Nºpagamento	Aplicación orzamentaria	Importe librado	Importe xustificad o	Data de pagame nto	Data Real xustificaci ón	Data legal de xustificaci ón	Reinteg ro	Si a favor
ABALDE COMESAÑA RAQUEL	201800041881	9120.2310000	1.000,00	685,11	03/05/18	21/08/18	03/08/18	314,89	0,00
ABALDE COMESAÑA RAQUEL	201800041882	9120.2260100	2.000,00	1.924,20	03/05/18	21/08/18	03/08/18	75,80	0,00
ABALDE COMESAÑA RAQUEL	201800041883	9120.2269900	1.000,00	614,05	03/05/18	08/08/18	03/08/18	385,95	0,00
ABALDE COMESAÑA RAQUEL	201800041884	9120.2200100	1.000,00	1.163,20	03/05/18	06/08/18	03/08/18	0,00	163,20
BERROS PÉREZ ALFONSO	201800031533	1532.2250100	29,01	0,00	11/04/18	13/08/18	11/07/18	29,01	0,00
CARNEIRO MINIÑO PILAR	201800045501	3370.2200100	1.500,00	998,40	21/05/18	31/08/18	21/08/18	501,60	---
ESPADA RE CAREY LUIS	201800041751	9250.2200000	500,00	87,04	30/04/18	19/07/18	30/07/18	412,96	0,00
ESPADA RE CAREY LUIS	201800041752	9250.2200100	500,00	443,50	30/04/18	17/07/18	30/07/18	56,50	—
FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ PAZ	201800051893	2310.7800000	15.000,00	13.604,03	14/06/18	09/07/18	14/09/18	1.395,97	0,00
GARCÍA ÁLVAREZ LUIS	201800032253	9201.1620001	185,00	185,00	10/04/18	13/04/18	10/07/18	0,00	0,00
GARCÍA ÁLVAREZ LUIS	201800041146	2311.4800000	3.000,00	2.974,00	27/04/18	12/07/18	27/07/18	26,00	0,00
GARCÍA ÁLVAREZ LUIS	201800052592	9201.1620001	1.600,00	1.600,00	15/06/18	31/08/18	15/09/18	0,00	0,00
GARCÍA ÁLVAREZ LUIS	201800052593	9201.2312000	1.600,00	479,61	15/06/18	31/08/18	15/09/18	1.120,39	0,00
MARTÍNEZ MUÑOZ FRANCISCO	201800041885	1320.2269900	1.000,00	860,62	03/05/18	23/07/18	03/08/18	139,38	---
MARTÍNEZ MUÑOZ FRANCISCO	201800041886	1320.2312000	300,00	7,30	03/05/18	23/07/18	03/08/18	292,70	0,00
OTERO LAMAS FRANCISCO	201800050865	3112.2279900	600,00	600,00	14/06/18	03/09/18	14/09/18	0,00	0,00
VEGA ANDIÓN ÓSCAR MIGUEL	201800041750	9200.2219902	500,00	48,53	30/04/18	31/08/18	30/07/18	451,47	0,00
VEGA ANDIÓN ÓSCAR MIGUEL	201800048333	9310.2302000	155,90	155,90	31/05/18	31/08/18	31/08/18	0,00	0,00

Habilitado	Nºpagamento	Aplicación orzamentaria	Importe librado	Importe xustificad o	Data de pagame nto	Data Real xusticaci ón	Data legal de xustifica ción	Reinteg ro	S/ a favor
VEGA ANDIÓN ÓSCAR MIGUEL	201800048334	9310.2312000	300,00	322,39	31/05/18	31/08/18	31/08/18	0,00	22,39
VIVERO MIJARES ANTONIO	201800043899	1350.2250000	180,00	94,38	10/05/18	02/08/18	10/08/18	85,62	0,00
VIVERO MIJARES ANTONIO	201800057460	1330.2250200	40,31	40,31	03/07/18	11/09/18	03/10/18	0,00	0,00
TOTAL			31.990,22	26.887,57				5.288,24	185,59

Procedeuse a comprobar por esta Intervención :

Alcance da fiscalización	Si	Non
Se rendiron no prazo establecido, a excepción das ordes de pago a xustificar n.º 201800041881, 201800041882, 201800041883 e 201800041884 de Abalde Comesaña Raquel, 201800031533 de Berros Pérez Alfonso, 201800045501 de Carneiro Miniño Pilar e 201800041750 de Vega Andión Óscar Miguel.	✓	
A conta está debidamente asinada e están relacionadas as facturas e documentos orixinais a excepción dalgúns supostos nos que non se procede formalmente a citada enumeración.	✓	
Os gastos concretos e determinados son adecuados ó fin para o que se entregaron os fondos.	✓	
Acreditase a realización efectiva e conforme dos gastos e servizos, así como a realización material do pagamento ó acreedor da factura ou xustificante.	✓	
Inclúese, mandato de pagamento, se procede, acreditativo do reintegro sobranste.	✓	

Resultado da fiscalización

De conformidade	Con observacións	De disconformidade
	As ordes de pago a xustificar n.º 201800041881, 201800041882, 201800041883 e 201800041884 de Abalde Comesaña Raquel, 201800031533 de Berros Pérez Alfonso, 201800045501 de Carneiro Miniño Pilar e 201800041750 de Vega Andión Óscar Miguel non se rendiron no prazo legal de xustificación.	



Concello de Vigo

A diversa documentación que compón as contas xustificativas, deberá ser unida ó mandato de pagamento orixinal despois da súa aprobación pola Xunta de Goberno Local.

PROPOSTA

En base a Resolución da Alcaldía de data 19 de xuño de 2015, na que se delega na Xunta de Goberno Local a aprobación das contas xustificativas rendidas polos seus perceptores, propónse a aprobación das seguintes:

Habilitado	Nºpagamento	Aplicación orzamentaria	Importe librado	Importe xustificad o	Data de pagame nto	Data Real xustica ción	Data legal de xustific ación	Reintegr o	S/ a favor
ABALDE COMESAÑA RAQUEL	201800041881	9120.2310000	1.000,00	685,11	03/05/18	21/08/18	03/08/18	314,89	0,00
ABALDE COMESAÑA RAQUEL	201800041882	9120.2260100	2.000,00	1.924,20	03/05/18	21/08/18	03/08/18	75,80	0,00
ABALDE COMESAÑA RAQUEL	201800041883	9120.2269900	1.000,00	614,05	03/05/18	08/08/18	03/08/18	385,95	0,00
ABALDE COMESAÑA RAQUEL	201800041884	9120.2200100	1.000,00	1.163,20	03/05/18	06/08/18	03/08/18	0,00	163,20
BERROS PÉREZ ALFONSO	201800031533	1532.2250100	29,01	0,00	11/04/18	13/08/18	11/07/18	29,01	0,00
CARNEIRO MINIÑO PILAR	201800045501	3370.2200100	1.500,00	998,40	21/05/18	31/08/18	21/08/18	501,60	---
ESPADA RE CAREY LUIS	201800041751	9250.2200000	500,00	87,04	30/04/18	19/07/18	30/07/18	412,96	0,00
ESPADA RE CAREY LUIS	201800041752	9250.2200100	500,00	443,50	30/04/18	17/07/18	30/07/18	56,50	—
FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ PAZ	201800051893	2310.7800000	15.000,00	13.604,03	14/06/18	09/07/18	14/09/18	1.395,97	0,00
GARCÍA ÁLVAREZ LUIS	201800032253	9201.1620001	185,00	185,00	10/04/18	13/04/18	10/07/18	0,00	0,00
GARCÍA ÁLVAREZ LUIS	201800041146	2311.4800000	3.000,00	2.974,00	27/04/18	12/07/18	27/07/18	26,00	0,00
GARCÍA ÁLVAREZ LUIS	201800052592	9201.1620001	1.600,00	1.600,00	15/06/18	31/08/18	15/09/18	0,00	0,00
GARCÍA ÁLVAREZ LUIS	201800052593	9201.2312000	1.600,00	479,61	15/06/18	31/08/18	15/09/18	1.120,39	0,00
MARTÍNEZ MUÑOZ FRANCISCO	201800041885	1320.2269900	1.000,00	860,62	03/05/18	23/07/18	03/08/18	139,38	---

MARTÍNEZ MUÑOZ FRANCISCO	201800041886	1320.2312000	300,00	7,30	03/05/18	23/07/18	03/08/18	292,70	0,00
OTERO LAMAS FRANCISCO	201800050865	3112.2279900	600,00	600,00	14/06/18	03/09/18	14/09/18	0,00	0,00
VEGA ANDIÓN ÓSCAR MIGUEL	201800041750	9200.2219902	500,00	48,53	30/04/18	31/08/18	30/07/18	451,47	0,00
VEGA ANDIÓN ÓSCAR MIGUEL	201800048333	9310.2302000	155,90	155,90	31/05/18	31/08/18	31/08/18	0,00	0,00
VEGA ANDIÓN ÓSCAR MIGUEL	201800048334	9310.2312000	300,00	322,39	31/05/18	31/08/18	31/08/18	0,00	22,39
VIVERO MIJARES ANTONIO	201800043899	1350.2250000	180,00	94,38	10/05/18	02/08/18	10/08/18	85,62	0,00
VIVERO MIJARES ANTONIO	201800057460	1330.2250200	40,31	40,31	03/07/18	11/09/18	03/10/18	0,00	0,00
TOTAL			31.990,22	26.887,57				5.288,24	185,59

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(1273).- DAR CONTA DAS “NORMAS DE PECHE DO EXERCICIO ORZAMENTARIO”. EXPTE. 58/142.

Dáse conta das Normas de peche do exercicio orzamentario, de data 30/10/18, asinadas polo tesoureiro e responsable superior Contable e Orzamentario e polo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Aplicación subxectiva: Entidade Local e o Organismo Autónomo Administrativo XMU

Aplicación obxectiva: ás operacións e procedementos regulamentados nestas normas

A regulación das operacións de peche do exercicio de 2018 en relación co control e a contabilización dos rexistros que se derivan da execución do estado de gastos e ingresos dos orzamentos así como dos movementos non orzamentarios, fai necesario ditar as oportunas instrucións aos efectos de garantir que os procedementos de tramitación e procesos de contabilización se fagan tendo en conta o principio contable de devengo.

Antecedentes

A Resolución de 21 de MARZO de 2018, aprobada pola Comisión Mixta para as Relacións co Tribunal de Cuentas, en relación ao informe de fiscalización sobre a rendición de contas das entidades locais, exercicio 2015, (BOE nº 120 de 17 de maio de 2018), fai referencia a necesidade dunhas normas de peche.

Respecto das actuacións que se insta a realizar polos Entes Locais destacan:



Concello de Vigo

- Establecer os mecanismos e procedementos internos necesarios para asegurar un adecuado seguimento do proceso de rendición das súas contas xerais, así como para que este realícese no prazo legalmente previsto.
- Adoptar os procedementos necesarios para garantir que o orzamento cumpra coa súa función de instrumento efectivo da planificación da súa actividade económico-financeira, para o que resulta esencial a aprobación e liquidación do mesmo dentro do prazo legalmente previsto.
- Adoptar as medidas necesarias para que o seu sistema de información contable permítalles efectuar actuacións de control financeiro, así como o cumprimento dos niveis de información e detalle esixidos para a memoria das contas anuais.
- Implementar os mecanismos apropiados para garantir a adecuada conexión entre os rexistros administrativos a través dos que se reciben facturas, co rexistro contable de facturas, para reducir o risco de erros, atrasos ou incidencias na anotación das mesmas, que puidesen afectar á fiabilidade da información contable.
- Elaborar e aprobar unha instrución que regule as operacións a realizar a peche de exercicio, de modo que se garanta a correcta aplicación dos principios de imputación orzamentaria, de devengo e anualidade orzamentaria.
- Aprobar polo Pleno das entidades locais normas para o exercicio e desenvolvemento da contabilidade financeira e seguimento da execución orzamentaria, que permitan o adecuado rexistro no sistema de información contable de todas as operacións, a aplicación homoxénea dos criterios a seguir na aplicación do marco conceptual da contabilidade pública e dos criterios de recoñecemento e valoración recollidos nas instrucións de contabilidade, así como facilitar o cumprimento dos fins da contabilidade local.

Aos efectos de dar cumprimento á Resolución do Alto Tribunal, esta Entidade dende hai máis de 10 anos, está aprobando unhas normas de peche, que ademais teñen regulación nas propias Bases de Execución do Orzamento (DA SEXTA).

Para conseguir os obxectivos de transparencia e cumprimento da LOEPSF, os distintos niveis da Administración para facilitar o peche anual, elaboran e poñen en vigor unhas instrucións que sirvan ás distintas unidades-servizos xestores como guía para a tramitación dos procedementos administrativos e de execución de fin de exercicio.

O cumprimento dos procedementos de tramitación das obrigas, liquidación de dereitos e recadación dos mesmos, ten como obxectivo o de dar cumprimento ao previsto no artigo 11 e 12 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, de tal xeito que, os ingresos recoñecidos e recadados aplíquense aos conceptos na súa totalidade antes do peche do exercicio, e o gastos, estéense a computar na súa totalidade aos efectos de verificar si se está a cumprir co obxectivo de estabilidade orzamentaria e coa regra de gasto.

Por outra banda, o non recoñecemento de obrigas devengadas no ano por parte do Concello ou o seu Organismo Autónomo Administrativo, estaría a afectar ao cumprimento do previsto no artigo 12 da Lei Orgánica 2/2012, por non estar a contabilizarse a totalidade das

obrigas que conforman gasto computable nos termos previstos no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais (SEC-2010), polo que, non se estaría a cumprir coa Regra de Gasto nos termos do SEC-2010 (Regulamento 549/2013 do Parlamento Europeo e do Consejo, de 21 de maio de 2013, relativo ao Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais da Unión Europea.

Tamén se estaría a incumprir con Período Medio de Pago regulamentado no Real Decreto 1040/2017, de 22 de decembro e coa Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

Con data 14 de febreiro de 2018, expediente 52/142, aprobáronse as instrucións de xustificación das subvencións, do que se deu conta á Xunta de Goberno Local en sesión do 9 de marzo de 2018.

O prazo para a súa rendición quedou fixado con data límite 16 de novembro.

A xustificación na anticipación de normas de peche para o gasto subvencional quedaba reflectido na devandita instrución, aínda que de forma resumida estaba asociado ao cumprimento de rendición de información e presentación de determinados modelos que habían anticipado os seus prazos:

a) Rendición de información ante o Ministerio de Facenda e Función Pública antes do 31 de xaneiro dos seguintes estados:

a.1) Execución correspondente ao cuarto trimestre, dando conta do cumprimento do obxectivo de estabilidade, da Regra de Gasto, da sustentabilidade da débeda comercial e do cumprimento do obxectivo de débeda e demais estados que conforman unha liquidación previsional.

a.2) En cumprimento do previsto no RD 635/2014 e 1040/2017, rendición do Período medio de pago do mes de decembro.

a.3) Dar cumprimento segundo a Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, xustificación e rendición da morosidade comercial do último trimestre.

a.4) Formación e presentación do modelo 347.

a.5) Formación e presentación do modelo 111 e 190, no que están todas as retencións, incluídas as feitas a profesionais, alugueiros, etc, o que obriga a ter todo contabilizado para poder formar os modelos.

En consecuencia co anterior, é de obrigado cumprimento para os servizos xestores, tramitar as operacións que afecten ao cumprimento dos obxectivos previstos na Lei Orgánica 2/2012, dentro do ano 2018, sen excepción algunha.

En cumprimento do regulamentado na Disposición Adicional Sexta das Bases de Execución do Orzamento para o ano 2018, antes de empezar o mes de novembro, a Concellería Delegada de Orzamentos e Facenda, dará a coñecer á Xunta de Goberno Local, as normas



Concello de Vigo

e prazos de tramitación e peche daqueles expedientes ou operacións que afecten ao orzamento (tramitación de facturas, fondos a xustificar e rendición dos mesmos, expedientes de indemnizacións substitutivas, devolución de ingresos indebidos, anulación de dereitos, tramitación de fases contables, etc.), coa finalidade de garantir o cumprimento dos prazos legais de peche e liquidación dos orzamentos.

Na súa virtude, se dispoñen as seguintes normas:

Tramitación de expedientes de contratos menores

A solicitude de retencións de crédito para a tramitación posterior de facturas dentro do exercicio orzamentario efectuarase ata o día 27 de decembro. Esta data hai que entendela de entrada na unidade de Contabilidade, sempre que se expida o documento contable nesa data. Aquelas retencións de crédito que se rexistrasen e que non fosen obxecto da tramitación da correspondente factura dentro do exercicio económico, quedarán anuladas ao peche do exercicio. Así mesmo, na tramitación destes expedientes se suxeitarán á tramitación electrónica actualmente en vigor, debendo estar asinados electronicamente nas devanditas datas.

En todo caso, tendo en conta a obriga de tramitación da factura electrónica para os suxeitos regulados no artigo 4 da Lei 25/2013, na tramitación do expediente terase en conta tal circunstancia, debendo estar rexistrada e verificada polo servizo correspondente a factura na plataforma FACE-Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas dentro do ano 2018.

Sendo o prazo límite deste tipo de procedementos o do 27 de decembro, será o servizo xestor do expediente, que en atención ao cumprimento dos requisitos legais, estableza un prazo anterior, sendo obrigatoria a imputación do gasto (fase O), dentro do exercicio 2018.

Tramitación de documentos contables de autorización e compromiso do gasto

Os expedientes que previa aprobación polo órgano competente, requiran a expedición dos documentos contables en fase D, AD, terán como data límite de entrada no Servizo de Contabilidade o día 28 de decembro.

As unidades-servizos xestores, extremarán as accións de seguimento dos expedientes que lle afecten e que son obxecto de adxudicación nas derradeiras sesións da Xunta de Goberno Local, para a súa remisión á Unidade de Contabilidade dentro do ano e coa data límite establecida para a súa contabilización.

Se non se remitise o expediente fisicamente, ao menos haberá que facelo telematicamente.

De non facer a remisión, non será posible rexistrar a fase contable preceptiva e e expedir o documento, en consecuencia, o gasto non terá a súa imputación ao orzamento do ano 2018, xa que un expediente que electronicamente se envíe ao servizo de Contabilidade con data 2019, non se poderá ser obxecto de rexistro contable con data 2018.

Fondos a xustificar

Os fondos expedidos a xustificar con cargo ao orzamento corrente tramitaranse ata o día 26 de decembro, debéndose ter en conta os prazos para a súa rendición que se regulan na

instrución de servizo 01/2006, de 24 de novembro. As contas deberán estar rendidas antes do peche do exercicio orzamentario, e dicir, con data límite **28 de decembro**, seguindo os procedementos rexistrados que lle corresponde efectuar ao habilitado/a. A xustificación da rendición da conta dentro do ano, é a necesidade legal de incorporar os saldos das contas restrinxidas de pagos a xustificar ás contas operativas, de tal xeito que, o saldo líquido este incluído na Acta de Arqueo de final de ano. En consecuencia, calquera que sexa o importe dos fondos pendentes de xustificar en poder do habilitado/a e o prazo que levan na conta restrinxida de habilitación, o prazo de rendición é con data límite o **28 de decembro**.

Sen excepción algunha, os pagamentos que deran lugar a algunha retención, deberán renderse dentro do ano para facer o ingreso na Axencia Estatal Tributaria na liquidación anual, sendo responsabilidade exclusiva do habilitado, a situación xerada pola retención dun importe no ano e non contabilizado para o seu ingreso dentro das liquidacións fiscais do período.

Todas as contas restrinxidas dos habilitados/as deberán quedar con saldo CERO a finais do ano. Se nalgunha delas houberse algún rendemento financeiro, deberán darse instrucións á entidade financeira para que os traslade ás contas operativas da Entidade antes de rematar o ano.

Os Habilitados/as comprobarán que a súa conta contable non rexistra un saldo impropio (acredor), xa que neste caso, é probable que se estivesen a aplicar pagos á conta da que son responsables, estando os fondos ingresados noutra, ou (saldo debedor cando debería ser Cero), neste caso, pode que se estivesen aplicando os pagamentos á conta doutro habilitado/a.

Para coñecer cales son os erros habituais no tratamento dos fondos a xustificar, deberase ter e conta as instrucións remitidas a todo-los habilitados/as en data 28 de febreiro de 2008.

En relación coas verificacións dos saldos, estarase as normas do Servizo de Contabilidade de data 27 de febreiro de 2008, remitidas aos Sres. Habilitados.

Tramitación de Facturas

Respecto da tramitación de facturas para seu control e contabilización en Fase de execución orzamentaria "O" ou "ADO", recibiranse para a súa imputación ao orzamento corrente **ata o día 28 de decembro**. Enténdese esta data como límite para que esta Unidade Administrativa de Contabilidade reciba nas súas dependencias os citados documentos ou na plataforma FACe-Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas dentro do ano 2018. Os citados documentos mercantís ou aqueles que os substitúan e que poidan xerar obrigas para o Concello, se remitirán coa preceptiva documentación acreditativa da prestación e cos demais requisitos que regulan as Bases de Execución do Orzamento (Base 18ª e 19ª) e o Real Decreto 1619/2012.

As unidades xestoras, aos efectos de dar cumprimento ao previsto na Lei Orgánica 2/2012, ademais de non perder os créditos, tramitarán as facturas dentro do vixente ano orzamentario (incluídas as prestacións correspondentes aos contratos ata o mes de decembro inclusive). Coa excepción aplicable a determinados investimentos que teñen o seu financiamento afectado, non hai excepcións á tramitación das facturas dentro do ano 2018.



Concello de Vigo

Para os contratos de tracto sucesivo, a prestadora ou subministradora, emitirá a factura igualmente dentro do ano 2018, as diferenzas ou desconformidade con algún dos conceptos contidos na mesma, serán obxecto de regularización na factura de xaneiro do ano 2019. Con respecto a este extremo, con esta mesma data se da a coñecer unha circular sobre o tratamento específico das facturas no mes de decembro.

Polo tanto, en aplicación do principio de Devengo, as unidades xestoras deberán artella-los procesos para tramitar toda as facturas que se correspondan con gastos de prestacións de servizos, subministro ou obras dentro do vixente ano e ata o 28 de decembro.

A tramitación da factura comprende a fase Rexistrada (R) cando se produce a descarga do documento da plataforma FACe, co número de rexistro do punto de entrada ou cando se produce a anotación no Rexistro Xeral, enviada ao servizo xestor para a súa conformidade ou desconformidade (E), Devolución da mesma por desconformidade (D), Anulada polo provedor (A), Verificada de conformidade (V), polo que a data 28 de decembro, tan só pode estar en estado de Anulada (A), Devolta (D) ou conformada (V). Cando se produza unha devolución, hai que comunicar tal circunstancia ao servizo de Contabilidade aos efectos de facer o preceptivo rexistro da devolución na plataforma FACe, debendo figurar no expediente, a causa e a Resolución do Sr. Concelleiro Delegado.

Non poderá quedar factura algunha sen tramitar. A totalidade dos gastos nos que se houbese incorrido no ano, deberán ter a súa imputación ao orzamento do ano 2018, sen excepción algunha.

De non darse cumprimento a esta instrución, estaríase a incumprir un dos instrumentos legais básicos no ámbito do Sector Público, a Lei de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

Os responsables da sinatura de conformidade do servizo, subministro ou obra, ao obxecto de dar cumprimento aos prazos de pagamento (30 días dende a súa conformidade), disporán de cinco días naturais a partires da entrada na plataforma FACe-Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado ou no Rexistro Xeral se fose o caso, para dar conformidade a factura e remitir a mesma para súa fiscalización. En ausencia do responsable, deberase informar quen é o responsable da sinatura. O devandito prazo, non é ampliable en ningunha circunstancia. Si a factura non é correcta, deberase informar motivadamente sobre a desconformidade, e cunha resolución do Sr/a. Concelleira/o Delegado/a, deberase dar de baixa no xestor corporativo de expedientes e comunicar ao Servizo de Contabilidade para cambiar o estado da mesma no rexistro contable de facturas e que poña en coñecemento da plataforma FACe tal circunstancia, neste caso, de devolución da factura.

Os responsables dos servizos, terán que solicitar dos provedores-contratistas, que remitan a factura dentro do ano, e antes de rematar a xornada do día 28 de decembro, debendo quedar a factura en algún dos estados antes relacionados (Verificada ou Rexeitada).

Xustificantes e rendición de subvencións

As normas aprobadas para a rendición das contas ou balances do gasto subvencional, foron: Resolución do Sr. Concelleiro de Orzamentos e Facenda de 14 de febreiro de 2018, dando conta á Xunta de Goberno Local en sesión do 9 de marzo do mesmo ano.

As subvencións que as súas Bases e convocatoria contemplan a xustificación das mesmas dentro do exercicio, deberán ser remitidas para a súa comprobación con **data límite o día para a súa xustificación, ata o de 16 de novembro**, aos efectos de subsanar dentro do exercicio calquera defecto na documentación recibida, ben porque os documentos xustificativos non son axeitados ou suficientes, ou por algún incumprimento das Bases e convocatoria das subvencións.

Os responsables das unidades e servizos xestores das axudas e subvencións, tramitarán as xustificacións das mesmas tendo en conta os requisitos establecidos e aprobados para cada caso, sendo da súa responsabilidade ou da/o beneficiario o incumprimento de prazos e defectos na documentación presentada para a xustificación das subvencións.

De non achegarse os xustificantes nos prazos establecidos nestas normas de peche, que son as previstas na Resolución de data 14 de febreiro de 2018, ou estes non se axustasen ao previsto nas Bases e convocatoria ou no convenio, perderán o dereito a mesma.

De ser axustados ao obxecto e finalidade da mesma, a/o responsable fará constar que os xustificantes dan cumprimento á finalidade da subvención, emitindo informe proposta favorable para a súa rendición.

5.- Se a xustificación non é completa, expedirase a orde de pago exclusivamente pola contía que fose aceptada como xustificativa da mesma. O/A xefe/a do servizo, na súa comprobación, emitirá un informe no que faga constar que a documentación recibida non se axusta ás Bases e convocatoria, polo que, propón a tramitación do importe parcial pola documentación aceptada como gasto elixible.

Indemnizacións substitutivas

A tramitación dos expedientes que conteñan procedementos de indemnización substitutiva por actuacións sen procedemento ou omisión de trámites, recibiranse para a súa fiscalización e expedición de documento contable "RC" **ata o día 10 de decembro**, sempre e cando a unidade xestora do expediente, teña capacidade-posibilidade para incluír o asunto na orde do día da Xunta de Goberno Local dentro do ano no que se está a tramitar o expediente, e ademais, con posterioridade ao acordo da Xunta de Goberno, terá que remitirse ao servizo de Contabilidade o expediente, **antes do 28 de decembro** para a contabilización da Fase ADO, xa que esta é a data límite para efectuar este tipo de operacións (contabilización de facturas), que deberá quedar en fase de ordenación de pago para o seu pagamento en xaneiro do ano 2019.

Os expedientes deste tipo, formaranse e seguirán o procedemento regulado no artigo 28 do RD 424/2017, de 28 de abril e na Base 28ª das de Execución do Orzamento, debendo estar completos e en condicións formais e legais de ser tramitados, en caso de non concorrer tal circunstancia, a unidade xestora responsabilizarase do expediente e tramitará, se fose o caso, o mesmo con cargo o exercicio orzamentario seguinte, sempre tendo en conta, que no ano seguinte, a cualificación xurídica do expediente sería outra.

De darse a excepcionalidade do caso, ao existir facturas ou gastos que deberían estar imputados ao orzamento do ano 2018 e non o fixeron, deberá acreditarse esta circunstancia ao Servizo de Contabilidade aos efectos de facer o axuste correspondente sobre gastos devengados non imputados ao orzamento, que terán efectos sobre a estabilidade



Concello de Vigo

orxamentaria e sobre o cumprimento da Regra de Gasto, así como sobre o Período Medio de Pagos e morosidade comercial, xa que habería documentos mercantís rexistrados que quedarían contabilizados na Conta 413 que non estarían imputados ao orzamento sobre os que están a transcorrer os prazos legais de pagamento, que poderían dar lugar a que non se cumpriran os prazos legais de pago.

Devolución de ingresos indebidos con cargo ao orzamento ou por ingresos duplicados ou excesivos

Os expedientes por devolución de ingresos indebidos, tanto de carácter orxamentario como non orxamentario, aprobados no ano, remitiranse ao servizo de Contabilidade para a súa contabilización con **data límite 12 de decembro**. Aqueles que tivesen aprobación no ano natural, pero non fosen tramitados ao servizo de Contabilidade para o seu rexistro contable dentro do ano, remitiranse para a súa contabilización con data 2019. En ningún caso quedarán os expedientes con cargo ao Servizo de Contabilidade se non fosen tramitados dentro da data límite que se establece, sendo a unidade xestora do expediente a custodiadora do mesmo ata que se realice a nova remisión.

En relación coas Ordes e pago por devolución de ingresos indebidos, tendo en conta a problemática que xorde para o seu pago no ano seguinte, deberase facer o pagamento das mesmas dentro do ano que se expiden. O Servizo de Contabilidade deberá enviar para Tesourería as ordes de pagamento por devolución de ingresos indebidos con data límite do **21 de decembro** e Tesourería deberá facer o pagamento dentro do ano 2018. De non cumprir coas datas, os expedientes de devolución de ingresos, tanto por ingresos indebidos como duplicados ou excesivos, a súa ordenación de pago deberá facerse no ano 2019.

Baixas por anulación de dereitos de exercicio corrente ou pechado. Dereitos cancelados por insolvencias, ou outras causas de exercicio corrente ou pechado.

Os expedientes por anulación de liquidacións, tanto de orzamento corrente como pechados, que houberen sido fiscalizados e aprobados no ano, remitiranse ao servizo de Contabilidade para a contabilización da baixa con **data límite 14 de decembro**.

Os expedientes que se tramiten para a súa **fiscalización** e aprobación, que se pretenda a súa contabilización dentro do ano 2018, deberán ser remitidos, con **data límite 10 de decembro**, sempre e cando, a unidade xestora do expediente (Xestión tributaria, Inspección, Seguridade, Recadación), remita o expediente para a súa contabilización antes do día 14 de decembro.

Aqueles expedientes que tivesen aprobación no ano natural, pero non fosen enviados ao Servizo de Contabilidade para o seu rexistro contable dentro do ano, coa data límite de **14 de decembro**, remitiranse para a súa contabilización con data 2019. En ningún caso quedarán os expedientes con cargo ao servizo de Contabilidade se non fosen tramitados dentro da data límite que se establece, sendo a unidade xestora do expediente a custodiadora do mesmo ata que se realice a nova remisión.

O servizo de recadación deberá extremar as cautelas, de tal xeito que se se rexistran baixas en WinGT correspondente aos acordos adoptados e non se envía o expediente para a súa contabilización na data límite do 14 de decembro, producirase unha falta de conciliación

entre os sistema SICAP e WinGT , que xerará unha tarefa en WinGT de cambio de data dos recibos cargados e non contabilizados en SICAP.

Para garantir que os servizos implicados rexistren as operacións dentro do mesmo exercicio, deberán comunicar con anterioridade ao rexistro contable/recadación a súa preferencia.

Rexistro e contabilización de dereitos

O servizo de Contabilidade e o de Recadación, verificarán que todos os acordos adoptados, así como as modificacións orzamentarias tramitadas e contabilizadas, teñen o seu preceptivo cargo en recadación, de tal xeito que estea garantida que a información nos distintos módulos é coherente.

En relación cos cargos relativos ás modificacións orzamentarias que xurdan por xeración de créditos nos estados de gastos, estarase ao previsto no expediente 36/143, "NORMAS CONTABLES DE APLICACIÓN OBRIGATORIA PARA TODO GASTO QUE TEÑA FINANCIAMENTO AFECTADO, CALQUERA QUE SEXA O COEFICIENTE DE FINANCIAMENTO." O dereito recoñecido será polo importe das obrigas recoñecidas.

Tramitación de expedientes de Inspección e de xestión por revisión de autoliquidación do ICIO

Aos efectos de imputar ao orzamento de ingresos as propostas de aprobación por actas de inspección e de revisión das autoliquidacións do ICIO, os expedientes terán que cargarse en Contabilidade e en Recadación con **data límite 14 de decembro**. Os restantes expedientes con proposta de liquidación e aprobación por órgano competente que non se remitan nos prazos referenciados, serán obxecto de tramitación no ano 2019 e a súa imputación será ao estado de ingresos do 2019.

Tramitación de aprazamentos e fraccionamentos

Aos efectos de reservar a última quincena do ano para as operacións de comprobación e rectificación, as propostas de aceptación de aprazamento e fraccionamento solicitados, serán tramitadas con **data límite do 14 de decembro**, e a súa contabilización deberá estar rexistrada con **data límite do 28 de decembro**.

Aplicación da Recadación

Aos efectos de garantir que a información correspondente ao cuarto trimestre que hai que render ao Ministerio de Facenda e Función Pública, estea operativa e utilizable, os servizos de Recadación e Contabilidade desenvolverán as súas tarefas e axustes técnicos para que todos os ingresos do ano 2018, calquera que sexa a súa cualificación, estean aplicados con, **data límite 10 de xaneiro 2019**.

Contabilización de Facturas

Tendo en conta o prazo máximo de entrada das facturas no servizo de Contabilidade (28 de decembro), aos efectos de completar e render a información na plataforma do MINISTERIO DE FACENDA correspondente ao catro trimestre, este servizo fará a contabilización de



Concello de Vigo

todos os documentos xeradores de obrigas nos **primeiros 10 días do ano 2019**, facendo a planificación das tarefas, axuste de calendario e medios para dar cumprimento ao obxectivo.

Anulación de créditos no estado de gastos

Unha vez feitas todas as operacións e, en aplicación do previsto no artigo 175 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os créditos para gastos que o último día do exercicio orzamentario non estean afectos ao cumprimento de obrigas xa recoñecidas, quedarán anulados de pleno dereito, sen máis excepcións que as sinaladas no artigo 182 do TRLRFL.

Así mesmo, os créditos orzamentarios que fosen obxecto de financiamento con cargo ao Remanente Líquido de Tesourería, que xa fosen incorporados ao orzamento do ano 2018, non poderán ser incorporados de novo ao orzamento do ano 2019 se non se executaron no transcurso do ano 2018.

Recordar igualmente, que os Créditos Extraordinarios e Suplementos de Crédito tramitados no ano 2018, teñen que ao menos chegar a Fase contable "D" dentro do ano, en caso contrario, en aplicación do apartado 2 da Base 8ª das de Execución do Orzamento, non serán incorporables como remanentes de crédito ao Orzamento do ano 2019, coa excepción que se reflicte no expediente 54/142, de modificación orzamentaria nº 29/2018 (IFS, SUPERÁVIT 2017).

En relación aos créditos afectos a contratos, salvo as excepcións previstas para os investimentos, deberán ser obxecto de execución no ano, de non ser así, as devanditas facturas imputaranse aos orzamentos do ano 2019. En consecuencia, os servizos xestores velarán pola tramitación das facturas en prazo, sempre dentro do ano 2019.

En resumo, os créditos dos capítulos I, II, III, IV, VI, VII e IX que non estean asociados a obrigas recoñecidas, quedarán anulados ao peche do exercicio, ao marxe da fase orzamentaria na que se atopen os créditos.

Excepcións:

Que teñan financiamento afectado, nese caso, se incorporarán como unha modificación orzamentaria ao orzamento do ano 2019 unha vez que se liquide o orzamento do ano 2018. En todo caso, teñen que ter alcanzado a fase de compromiso do gasto.

A aplicación do superávit SEC-2010, que se reflicte no expediente 54/142, de modificación orzamentaria nº 29/2018.

Os servizos xestores do expediente de gasto, remitirán unha solicitude coa conformidade do Sr. Concelleiro Delegado, para a incorporación dos créditos, cando estes teñan a cualificación de afectados.

Os servizos xestores, dando cumprimento as normas internas vixentes, tramitarán as facturas que reciban dentro dos 5 días seguintes ao da súa recepción.

Anulación de RCs, As, As/RCs nos proxectos de investimento.

Aos efectos de que non se produzan coeficientes de financiamento afectado erróneos nos proxectos, aquelas operacións que non vaian ser traspasadas ao ano seguinte, deberán ser obxecto de baixa, mediante a anulación da retención de crédito e da autorización se fose o caso, e facer as operacións MODPYGDI e MODPYIDI pola contía anulada. Se os proxectos non teñen financiamento afectado, non será necesario facer os axustes. Os axustes correspondentes ás operacións de referencias, teñen unha importancia determinante para o cálculo das desviacións de financiamento, tanto do ano como as acumuladas.

Pagamentos

Aos efectos de dar cumprimento aos prazos de pagamento previstos no artigo 198 da Lei de Contratos do Sector Público, de 8 de novembro, do Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, e Real Decreto 1040/2017, de 22 de decembro, os servizos xestores conformarán e tramitarán as facturas que reciban nos cinco días seguintes a súa recepción.

De non ser conforme a mesma, no mesmo prazo, informarán a desconformidade e proporán ao seu Concelleiro/a Delegada/a a súa devolución, facendo a notificación á mercantil titular do dereito de cobro, facendo constar na proposta de anulación e na resolución, os recursos aos que ten dereito, prazos e lugar de presentación.

Se a factura foi presentada na plataforma FACe-Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado, se a mesma non é correcta, deberase informar motivadamente sobre a desconformidade, e cunha resolución do Sr/a. Concelleira/o Delegado, deberase dar de baixa no xestor corporativo de expedientes e comunicar ao Servizo de Contabilidade tal circunstancia para cambiar o estado da mesma no rexistro contable de facturas (Devolución da mesma por desconformidade (Estado D)) e que poña en coñecemento da plataforma FACe tal circunstancia, neste caso, de devolución da factura.

Pola Tesourería-Pagos, axustaranse os procedementos de pagamento coa máxima brevidade posible, aos efectos de facer o máximo de pagamentos dentro do ano, tendo como obxectivo, reducir os saldos de créditos comerciais con provedores a finais do exercicio e mellorar o prazo medio de pagamento.

Operacións rexistradas en formalización

As operacións en formalización rexistradas contra calquera das divisionarias da conta 557, terán que quedar saldadas a **28 de decembro**, sen excepción algunha, polo tanto, os responsables que teñan ao seu cargo a contabilización de operacións con cargo a este tipo de contas, verificarán o cumprimento deste extremo.

No caso de retencións por incumprimento da xornada laboral, o seu saldo aplicarase ao orzamento de ingresos, cunha operación DR-I cuxo ingreso será mediante un cargo na conta contable 5572.

En canto aos **pagos agrupados**, se non se vai materializar o pago dentro do ano 2018, non procede facer este rexistro, e o mesmo farase con cargo ao ano 2019.



Concello de Vigo

Verificarase igualmente que non queda saldo na conta contable 5576, para iso verificarase que todas as operacións rexistradas no ano por ADOPRPN, PAGONOM e RETRONOM e si fose o caso RPNOM, están saldadas. De existir saldos de exercicios pechados, hai que investigar a procedencia e terá que ser saldada con outra conta, que por erro foi cargada ou abonada na substitución de esta (antes 579).

Sempre que se rexistre unha operación na que a conta 557 teña cargos ou abonos, comprobarase que a operación queda totalmente pechada.

O tratamento destas contas ten que ser moi rigoroso, xa que o Tribunal de Contas, na rendición da Conta Xeral de cada no, está a tipificar esta situación como incidencia a subsanar, por estar a alterar os saldos das contas de tesourería.

En consecuencia co anterior, cada un que faga uso de estas contas, terá ata o 28 de decembro para regularizar os saldos.

Ingresos pendentes de aplicación

En canto ao saldo de recadación pendente de aplicación ao peche do exercicio, xera efectos negativos nas seguintes variables e estados: Estabilidade orzamentaria, Remanente de Tesourería, Aforro Neto, Endebemento e ratio de recadación orzamentario. Dada a importancia que este saldo pode ter a finais do exercicio, deberá ser un obxectivo da Tesourería-Recadación, o de facer a aplicación de todos ingresos aos conceptos orzamentarios do orzamento corrente ou pechados segundo o caso, debendo xustificarse os supostos polos que non é posible a aplicación na súa totalidade.

O O.A XMU, terán aplicado a totalidade dos ingresos recadados.

Gastos polos cargos Seguridade Social a cargo do empregador do mes de decembro

A obriga de informar da totalidade da xestión orzamentaria e non orzamentaria ao Ministerio de Facenda dentro do mes de xaneiro, establécense uns prazos para a tramitación e contabilización das facturas, fases contables, recoñecemento de dereitos, aplicación de ingresos, devolución de ingresos indebidos, anulacións e baixas de dereitos, no entanto, un dos gastos orzamentarios importantes ao remate do ano son os gastos da seguridade social a cargo do empregador do mes de decembro, cuxo coñecemento non se ten ao remate do ano, sendo necesario establecer unha data para facer a contabilización deste gasto. En consecuencia, unha vez pechada a nómina do mes de decembro, farase a carga da seguridade social de decembro máis a regularización do mes de novembro, fíxase a data límite do **7 de xaneiro 2019** para a contabilización do gasto de seguridade social do mes de decembro do ano 2018. Naqueles casos que non se teña a carga mediante un ficheiro, se incorporarán a información manualmente, sempre dentro desa data límite.

A regularización do mes de decembro se fará na carga da seguridade social do mes de xaneiro.

A carga do custe do mes de decembro seguirá o procedemento previsto, do que ten coñecemento o responsable da contabilización do capítulo I, sendo a carga unha vez que se faga a correspondente á nómina, polo tanto, unha vez que se faga a imputación e carga

dos seguros sociais do mes de decembro a cargo do empregador, tamén se cargará a regularización do mes de novembro.

En canto a regularización do mes de decembro, esta farase no mes de xaneiro, unha vez que se cargue a seguridade social de xaneiro, cargarase a regularización do mes de decembro.

Tendo en conta a modificación da Lei 34/2014, de 26 de decembro, de medidas en materia de liquidación e ingreso de cotas da Seguridade Social, establecendo a entrada en vigor do novo Sistema de Liquidación Directa, cabe a posibilidade de ter a liquidación con anterioridade á data límite, 23,59 horas do día 23 de xaneiro.

Anticipos feitos ao persoal

Polos servizos técnicos que teñen ao seu cargo a contabilización dos anticipos ao persoal, verificarase que a contía das obrigas que figura na aplicación do orzamento de gastos é coincidente cos dereitos recoñecidos no concepto de ingresos.

Así mesmo comprobarase que non existe dereitos pendentes de ingreso por un período que supere as 24 mensualidades, de tal xeito que unha vez aplicados os reintegros do mes de decembro, non poderán quedar pendentes de reintegro os concedidos no ano 2016.

Para aqueles supostos de anticipos que están pendentes de reintegro, iniciarase o preceptivo expediente conducente á regularización dos saldos.

Nómina do mes de decembro.

Ao non estar regulado nas Bases de Execución do Orzamento a tramitación das incidencias do mes de decembro aos efectos de formación da nómina e o seu pagamento, que será o 21 de decembro, as incidencias que afecten á nómina do mes de decembro, terán que estar aprobadas e remitidas ao servizo de nóminas, visadas polo servizo de fiscalización antes das **14 horas do día 11 de decembro**.

Notificación

Dese conta destas instrucións a todos os Sres. Concelleiros/as Delegados/as aos efectos da súa comunicación aos Xefes/as de servizo das áreas da súa responsabilidade, Intervención, Secretaría, Asesoría Xurídica, Contratación, Recursos humanos, Contabilidade, Tesourería, Recadación Voluntaria e Executiva, Inspección, Dirección de ingresos e Xerencia Municipal de Urbanismo.

No entanto o anterior, estas normas de peche do exercicio orzamentario, xuntamente co oficio relativo á tramitación de facturas do mes de decembro, serán incorporadas a intranet para xeral coñecemento de todos os interesados.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.



Concello de Vigo

16(1274).- PROPOSTA DE PRÓRROGA EXCEPCIONAL NA CESIÓN DE VIVENDA MUNICIPAL DE PROTECCIÓN PARA MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO IDENTIFICADA CO CÓDIGO Nº E-638-C-6. EXPTE. 7977/224.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 05/11/18, asinado pola xefa do Servizo de Igualdade, a asesora xurídica do Servizo, e pola concelleira-delegada de Igualdade, que di o seguinte:

O día 2 de novembro de 2017 o equipo de profesionais do *Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller (CMIDM)* emite informe no que se expón a problemática familiar da usuaria identificada con NIE X9432248V, onde se reflicte a necesidade de procurarlle un acollemento temporal, acompañada de seu fillo menor, a medio prazo, nunha das vivendas que conforman a rede municipal de vivendas de protección para mulleres vítimas de violencia de xénero.

En atención á demanda formulada e á situación descrita no proxecto de intervención emitido polo servizo municipal de atención á muller, a concellería de Igualdade valorou necesario que se aprobase a ocupación provisional da vivenda identificada co número E-638-C-6, co obxecto de que a usuaria identificada con NIE X9432248V e o seu fillo, a ocupase por un período de 6 meses, transcorridos os cales debería abandonar a vivenda, agás se xustificase a necesidade de prórroga polos servizos municipais de atención á muller. Acordo da Xunta de Goberno Local de data 09/11/2017.

Desde o día 14 de novembro de 2017 a dita usuaria e o seu fillo menor, permanecen acollidos temporalmente na vivenda de protección, cumprindo as normas de convivencia e os obxectivos pactados no proxecto de intervención.

O equipo multidisciplinar do CMIDM composto por unha avogada, unha psicóloga e unha traballadora social realiza o seguimento da familia xunto coa educadora familiar asignada. No informe de seguimento emitido con data 3 de maio de 2018 polo equipo de profesionais do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller a teor da situación social da beneficiaria, conclúese a importancia de prorrogar a súa estancia na vivenda de protección municipal por un período non superior a seis meses, mentres non se acaden os obxectivos previstos no proxecto de intervención. Acordo da Xunta de Goberno Local de data 10/05/2018.

En data 2/11/2018 o equipo multidisciplinar do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller emite informe solicitando unha prórroga excepcional por un período máximo de tres meses para a unidade familiar, a teor da situación socio-familiar da beneficiaria. No informe valórase a importancia de prorrogar excepcionalmente a súa estancia na vivenda de protección municipal por un período non superior a tres meses, namentres non se acaden os obxectivos previstos no proxecto de intervención.

Por todo o exposto, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

“Autorizar un período de prórroga excepcional na cesión temporal da vivenda municipal identificada no Rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais co número E-638-C-6 por un período máximo de tres meses de duración a contar

desde o día 14 de novembro de 2018 atendendo ás circunstancias que obran no expediente 7977/224.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(1275).- RENUNCIA DE D^a. M^a DEL PILAR VELOSO VELEIRO Á CONCESIÓN ADMINISTRATIVA PARA INSTALACIÓN DUN QUIOSCO NA TERRAZA DO CENTRO COMERCIAL CAMELIAS. EXPTE.20142/240.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 30/10/18, asinado polo xefe do Servizo de Patrimonio, a xefa de Área de Xestión Patrimonial e Territorial e polo concelleiro-delegado de Patrimonio, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- L 7 /1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Reximen Local (LRBRL).
- L 33/2003 de 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas (LPAAPP).
- L 9/2017 de 8 novembro de Contratos do Sector Público (LCSP).
- L39/2015 de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).
- RD 24 xullo de 1889 do Código Civil (CC).
- RD 1372/1986 de 13 de xuño, do Regulamento de Bens das Entidades Locais. (RBEL).
- Ordenanza Municipal, de 29 de maio de 2006, Reguladora da Ocupación do Dominio Público coa Instalación de Quioscos (OM).

INFORME-PROPOSTA:

PRIMEIRO.- Da. M^a del Pilar Veloso Veleiro, mediante escrito con entrada no Rexistro Xeral de data 9 de xullo de 2018, solicita dar de baixa, por motivos de xubilación, o quiosco de venda de prensa sito na terraza do Centro Comercial Camelias.

SEGUNDO.- A Xunta de Goberno Local, por acordo do 15.12.2008 otorgou á solicitante a concesión administrativa para a ocupación do dominio público coa instalación dun quiosco na terraza do Centro comercial Camelias consonte ó reximen xurídico previsto na correspondente Ordenanza Municipal de data 29.05.2006 (disposición transitoria segunda). Concesión que formalizouse en documento administrativo asinado ó 4 de maio do 2009.

TERCEIRO.- REXIMEN XURÍDICO. A autorización administrativa otorgada ríxese, en primeiro termo, pola Ordenanza municipal reguladora da ocupación do dominio público coa instalación de quioscos, e no non previsto nela, polas seguintes disposicións: Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local; Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas; Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia; RD Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local; RD 1372/1986, de 13 de xuño, Reglamento de



Concello de Vigo

Bens das Entidades Locales e polas ordenanzas, instrucións ou disposicións xerais deste Concello reguladoras dos elementos de mobiliario urbano e utilización do dominio público local.

CUARTO.- CAUSAS DE EXTINCIÓN. Establecese na Ordenanza Municipal reguladora da ocupación do dominio público coa instalación de quioscos, as causas de extinción da autorización administrativa(art. 28), reflexando, no apartado b)do seu art. 28, o suposto do *desistimento do concesionario, previa notificación ó Concello.*

Neste senso, a baixa plantexada pola interesada responde a un acto voluntario de desistimento ou renuncia ós dereitos que a concesión administrativa da que é titular lle otorga sen que, no presente caso, se estime contraria ao interes xeral ou feita en perxuício de terceiros, requisitos que condicionarían a validez da renuncia de dereitos consonte ao previsto no art.6.2 do CC, non apreciándose, conseguintemente, obxeción algunha a súa aceptación pola administración municipal.

QUINTO.- EFECTOS DA EXTINCIÓN. O acordo de extinción da concesión dará lugar á reversión do quiosco e súas instalacións fixas a favor do Concello, sen que por elo resulte contraprestación de ningunha clase a prol do titular da concesión ou os seus sucesores, tendo estes, por outra banda, a obriga da reposición do dominio público afecto a concesión ao seu estado orixinal, tal e como dispoñen a OM (art. 21 12º-13º e art 29).

No que atinxe á fianza definitiva constituída pola interesada na Tesourería municipal, procederá a súa devolución, previa solicitude desta e unha vez comprobado o cumprimento das obrigas concesionais á que esta vencellada.

SEXTO.- Resulta competente para a resolución do presente expediente, a Xunta de Goberno Local, consonte ó previsto na Disposición adicional segunda da Lei de Contratos do Sector Público

Por todo o anteriormente exposto, propónse a Xunta de Goberno, a adopción do seguinte **acordo:**

“PRIMEIRO.- Aceptar a renuncia de M^a del Pilar Veloso Veleiro á concesión administrativa outorgada pola Xunta de Goberno Local o 15.12.2008 para a ocupación do dominio público municipal coa instalación dun quiosco destinado a venda de prensa periódica na terraza do Centro comercial Camelias, da cidade de Vigo, declarando resolta dita autorización.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo ao departamento de Administración de Tributos, Vías e Obras e Seguridade e Tráfico, para o seu coñecemento. ”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(1276).- PROPOSTA DE RECTIFICACIÓN DA DISTRIBUCIÓN DE ANUALIDADES DO CONTRATO DE SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL E PATRIMONIAL DO CONCELLO DE VIGO E OS SEUS ORGANISMOS AUTÓNOMOS. EXPTE. 386/242.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 02/11/18, dáse conta do informe-proposta de data 30/10/18, asinado polo xefe de Patrimonio, a xefa de Área de Xestión Patrimonial, e polo concelleiro-delegado de Patrimonio, que di o seguinte:

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, en sesión do 1 de marzo de 2018, acordou 1º.- Aproba-lo expediente de contratación, por procedemento aberto, do Seguro de Responsabilidade Civil e Patrimonial do Concello de Vigo e os seus Organismos Autónomos que contén o Prego de prescripcíons técnicas de data 21 de febreiro de 2018 e o Prego de cláusulas administrativas particulares de data 27.02.2018.

2ª “ Aproba-lo gasto de 440.000,00 euros, para a contratación do Seguro de Responsabilidade Civil e Patrimonial do Concello de Vigo e os seus Organismos Autónomos, que se imputará á partida 9220.224.0000, e de acordo coa seguinte distribución:ano 2018: 110.000,00 € ano 2019: 220.000,00 € ano 2020: 110.000,00 €”.

Segundo.- Por outra banda, o Prego de cláusulas administrativas particulares que rixe dito Seguro de Responsabilidade Civil e Patrimonial, concertado finalmente coa compañía aseguradora ALLIANZ COMPAÑÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS, S.A., dispoñe na súa CLÁUSULA 29.- RÉXIME DE PAGAMENTOS, que o pagamento da prima efectuarase anualmente ao inicio da anualidade en curso,previa presentación da correspondente factura pola entidade aseguradora, ou mediador de seguros, a cal deberá ser conformada polo responsable do contrato.

Conseguentemente, dacordo co disposto na normativa reguladora do contrato de seguro, o previsto no prego de cláusulas admnsitrativas particulares e na póliza do seguro de responsabilidade Civil e Patrimonial suscrita por esta administración coa compañía aseguradora, consonte o pago da prima será anual, realizándose o inicio da anualidade en curso, fai necesario, no presente caso, unha adecuación na distribución das anualidades previstas no citado acordo coa finalidade de dar cumprimento a dita obriga contractual, fixándose a mesma por anualidades completas coincidentes co período de vixencia da póliza concertada.

A vista das anteriores circunstancias, e previo informe da Intervención Xeral, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

UNICO.- Rectificar a distribución de anualidades previstas no apartado 2º do acordo da Xunta de Goberno Local do 1 de marzo de 2018, do gasto aprobado de 440.000,00 euros, para a contratación do Seguro de Responsabilidade Civil e Patrimonial do Concello de Vigo e os seus Organismos Autónomos, que se imputará á partida 9220.224.0000, conforme coa seguinte distribución:



Concello de Vigo

ano 2018: 220.000,00 €

ano 2019: 220.000,00 €

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

19(1277).- REINTEGRO AO CONCELLEIRO D. ANGEL RIVAS GONZÁLEZ DE GASTOS PROFESIONAIS (ASISTENCIA LETRADA E REPRESENTACIÓN) CON OCASIÓN DAS DILIXENCIAS 1615/2016 SEGUIDAS ANTE O XULGADO DE INSTRUCCIÓN N.º 4 DE VIGO. EXPTE. 1882/1101.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 30/10/18, dáse conta do informe-proposta de data 15/10/18, asinado polo secretario Xeral do Pleno, e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal , que di o seguinte:

Lexislación aplicable.

LBRL. Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

TRLEP. R. D. Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Empregado Público.

CP. Código Penal.

LXCA. Lei 29/1988, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa.

LPAC. Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común.

ROFCL. R. D. 2568/1986, de 25 de novembro, polo o que se aproba o Regulamento de Organización e Funcionamento das CC. LL.

Antecedentes. Mediante escrito de 01.10.2018 presentado no Rexistro xeral do Pleno D. Ángel Rivas González, concelleiro, solicita o reintegro dos honorarios profesionais de defensa letrada e de representación que ten satisfeito aos avogados e procuradores que teñen intervido con ocasión das Dilixencias Previas do Procedemento 1615/2016 incoadas polo Xulgado de Instrución nº 4 de Vigo; adxunta Auto de data 29.12.2017 ditado pola Audiencia Provincial Sección Nº5 que na parte dispositiva dí, "(...) Desestimamos el recurso de apelación interpuesto por Xuntos por Galicia contra el Auto de 5/7/2017 dictado en las Diligencias Previas nº 1615/2016 del Juzgado de Instrucción nº 4 de Vigo, que confirmamos, todo ello sin pronunciamiento sobre las costas del recurso. (...)".

O concelleiro delegado de Réxime Interior, mediante Dilixencia de 10.10.2018, insta da Secretaría Xeral do Pleno a emisión de informe-proposta; cando a peticións de informes veñen solicitadas por un concelleiro enténdese que estes actúan en delegación da Alcaldía séndolles de aplicación o sinalado no art. 112.5.e).1º. da LBRL; a estes efectos emítese o seguinte,

INFORME

I. As Dilixencias Previas do Procedemento Abreviado 1615/2016 do Xulgado de Instrución nº 4 de Vigo refírense á investigación dunha posible “ilegalidade de método de adxudicación de postos de traballo”; as Dilixencias Previas teñen concluído con Auto da Audiencia Provincial, Sección nº 5, de Pontevedra de data 29.12.2018, contra o Auto non cabe recurso ordinario. O Auto recorrido do Xulgado de Instrución nº 4 de Vigo acordaba o sobresemento provisional e arquivo das actuacións.

Nas Dilixencias Previas o concelleiro contratou a preceptiva defensa letrada e de representación procesual supoñendo iso un gasto efectivo.

O artigo 75.4 da LBRL sinala, “(...) Os membros das Corporacións locais percibirán indemnizacións polos gastos efectivos ocasionados no exercicio do seu cargo, segundo as normas de aplicación xeral nas Administracións públicas (...)”. En similar sentido o artigo 13.5 do ROFCL.

O TRLEP, norma xeral de aplicación nas Administracións públicas, no artigo 14. f) indica que os empregados públicos teñen como dereito individual, “(...) Á defensa xurídica e protección da Administración Pública nos procedementos que se sigan ante calquera orde xurisdiccional como consecuencia do exercicio lexítimo das súas funcións ou cargos públicos (...)”.

Os membros da Corporación, no exercicio de funcións públicas, non poden ter peor condición que os empregados públicos; o artigo 24.2 do CP, considera funcionario público a, “(...) quen por disposición inmediata da Lei, por elección ou por nomeamento de autoridade competente participe no exercicio de funcións públicas (...)”.

II. O TS en S. de data 4.02.2002 advirte que as Administracións asumirán a indemnización de gastos xudiciais de defensa e representación cando concorran tres esixencias: (i) que teñan sido motivados por unha inculpación que teña o seu orixe ou causa directa na intervención do membro da Corporación nunha actuación administrativa ou de doutra índole realizada no cumprimento das funcións atribuídas polas disposicións aplicables a súa actividade como tal membro da Corporación ou en cumprimento ou desenvolvemento de acordos dos órganos desta; (ii) que a intervención non se teña levado a cabo con abuso, exceso ou desviación de poder, ou en converxencia con intereses particulares propios ou do grupo político o que pertence, e (iii) que se declare a inexistencia de responsabilidade criminal por falta obxectiva de participación ou de coñecemento nos feitos determinantes da responsabilidade penal, a inexistencia destes ou o seu carácter lícito.

Cúmprese a concorrencia das esixencias mencionadas..

O sobresemento “provisional” respecto de D. Ángel Rivas González supón que o Xulgado pode acordar nova investigación no suposto de que da instrución xurdan novos indicios ou probas; non obstante, “(...) Auto de sobresemento provisional, pola súa propia natureza, non pode xuridicamente afectar á presunción de inocencia, e, en consecuencia, o sobreseído ha de ser tido como inocente para todos os efectos (...)”, STC 6.05.1983.

III. O importe dos honorarios profesionais, segundo factura aportada, elévase a 3.630,00 euros (gastos de defensa) e 139,37 euros (representación).



Concello de Vigo

Existe liberdade de pacto entre cliente/avogado e entre cliente/procurador en relación aos honorarios profesionais. Os importes das minutas aportadas son acordes aos prezos de mercado; nas minutas existe o desglose a defensa letrada no que se concretan, con detalle as actuacións xudiciais materializadas.

IV. O interesado comunicará a conta de abono.

PROPOSTA DE ACORDO

Procede que a Xunta de Goberno Local, órgano competente, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral, adopte o seguinte acordo:

PRIMEIRO: Aboar a D. Ángel Rivas González, concelleiro delegado, a cantidade de 3.769,37 euros en concepto de reintegro dos importes que ten satisfeito como consecuencia dos gastos de defensa letrada e de representación nas Dilixencias Previas do Procedemento Abreviado 1615/2016 incoadas polo Xulgado de Instrución nº 4 de Vigo como consecuencia de actuacións levadas a cabo polo concelleiro no exercicio lexítimo das súas funcións

SEGUNDO. Notificar o presente acordo ao interesado.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

20(1278).- REINTEGRO AO CONCELLEIRO D. ANGEL RIVAS GONZÁLEZ DE GASTOS POFESIONAIS (ASISTENCIA LETRADA E REPRESENTACIÓN) CON OCASIÓN DAS DILIXENCIAS 3890/2013 SEGUIDAS ANTE O XULGADO DE INSTRUCCIÓN N.º 7 DE VIGO. EXPTE. 1883/1101.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 30/10/18, dáse conta do informe-proposta de data 15/10/18, asinado polo secretario Xeral do Pleno, e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, que di o seguinte:

Lexislación aplicable.

LBRL. Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

TRLEP. R. D. Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Empregado Público.

CP. Código Penal.

LXCA. Lei 29/1988, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa.

LPAC. Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común.

ROFCL. R. D. 2568/1986, de 25 de novembro, polo o que se aproba o Regulamento de Organización e Funcionamento das CC. LL.

Antecedentes. Mediante escrito de 01.10.2018 presentado no Rexistro xeral do Pleno D. Ángel Rivas González, concelleiro, solicita o reintegro dos honorarios profesionais de defensa letrada e de representación que ten satisfeito aos avogados e procuradores que teñen intervido con ocasión das Dilixencias Previas do Procedemento 3890/2013 incoadas polo Xulgado de Instrución nº 7 de Vigo; adxunta Auto de data 25.06.2018 ditado pola Audiencia Provincial Sección Nº5 que na parte dispositiva dí, "(...) Desestimamos el recurso de apelación interpuesto por Xuntos por Galicia contra el Auto de 14/12/2017 dictado en las Diligencias Previas nº 3890/2013 del Juzgado de Instrucción nº 7 de Vigo, que confirmamos, todo ello sin pronunciamiento sobre las costas del recurso. (...)".

O concelleiro delegado de Réxime Interior, mediante Dilixencia de 10.10.2018, insta da Secretaría Xeral do Pleno a emisión de informe-proposta; cando a peticións de informes veñen solicitadas por un concelleiro se entende que estes actúan en delegación da Alcaldía séndolles de aplicación o sinalado no art. 112.5.e).1º. da LBRL; a estes efectos emítense o seguinte,

INFORME

I. As Dilixencias Previas do Procedemento Abreviado 3890/2013 do Xulgado de Instrución nº 7 de Vigo refírense á investigación dunha posible "actuación irregular"; as Dilixencias Previas teñen concluído con Auto da Audiencia Provincial, Sección nº 5, de Pontevedra de data 25.06.2018, contra o Auto non cabe recurso ordinario. O Auto recorrido do Xulgado de Instrución nº 7 de Vigo acordaba o sobresemento parcial e provisional das actuacións.

Nas Dilixencias Previas o concelleiro contratou a preceptiva defensa letrada e de representación procesual supoñendo iso un gasto efectivo.

O artigo 75.4 da LBRL sinala, "(...) Os membros das Corporacións locais percibirán indemnizacións polos gastos efectivos ocasionados no exercicio do seu cargo, segundo as normas de aplicación xeral nas Administracións públicas (...)". En similar sentido o artigo 13.5 do ROFCL.

O TRLEP, norma xeral de aplicación nas Administracións públicas, no artigo 14. f) indica que os empregados públicos teñen como dereito individual, "(...) Á defensa xurídica e protección da Administración Pública nos procedementos que se sigan ante calquera orde xurisdiccional como consecuencia do exercicio lexítimo das súas funcións ou cargos públicos (...)".

Os membros da Corporación, no exercicio de funcións públicas, non poden ter peor condición que os empregados públicos; o artigo 24.2 do CP, considera funcionario público a, "(...) quen por disposición inmediata da Lei, por elección ou por nomeamento de autoridade competente participe no exercicio de funcións públicas (...)".

II. O TS en S. de data 4.02.2002 advirte que as Administracións asumirán a indemnización de gastos xudiciais de defensa e representación cando concorran tres esixencias: (i) que teñan sido motivados por unha inculpación que teña o seu orixe ou causa directa na intervención do membro da Corporación nunha actuación administrativa ou de doutra índole



Concello de Vigo

realizada no cumprimento das funcións atribuídas polas disposicións aplicables a súa actividade como tal membro da Corporación ou en cumprimento ou desenvolvemento de acordos dos órganos desta; (ii) que a intervención non se teña levado a cabo con abuso, exceso ou desviación de poder, ou en converxencia con intereses particulares propios ou do grupo político o que pertence, e (iii) que se declare a inexistencia de responsabilidade criminal por falta obxectiva de participación ou de coñecemento nos feitos determinantes da responsabilidade penal, a inexistencia destes ou o seu carácter lícito.

Cúmprese a concorrencia das esixencias mencionadas..

O sobresemento "provisional" respecto de D. Ángel Rivas González supón que o Xulgado pode acordar nova investigación no suposto de que da instrución xurdan novos indicios ou probas; non obstante, "(...) Auto de sobresemento provisional, pola súa propia natureza, non pode xuridicamente afectar á presunción de inocencia, e, en consecuencia, o sobreseído ha de ser tido como inocente para todos os efectos (...)", STC 6.05.1983.

III. O importe dos honorarios profesionais, segundo factura aportada, elévase a 21.780,00 euros (gastos de defensa) e 390,63 euros (representación).

Existe liberdade de pacto entre cliente/avogado e entre cliente/procurador en relación aos honorarios profesionais. Os importes das minutas aportadas son acordes aos prezos de mercado; nas minutas existe o desglose a defensa letrada no que se concretan, con detalle as actuacións xudiciais materializadas.

IV. O interesado comunicará a conta de abono.

PROPOSTA DE ACORDO

Procede que a Xunta de Goberno Local, órgano competente, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral, adopte o seguinte acordo:

PRIMEIRO: Aboar a D. Ángel Rivas González, concelleiro delegado, a cantidade de 22.170,63 euros en concepto de reintegro dos importes que ten satisfeito como consecuencia dos gastos de defensa letrada e de representación nas Dilixencias Previas do Procedemento Abreviado 3890/2013 incoadas polo Xulgado de Instrución nº 7 de Vigo como consecuencia de actuacións levadas a cabo polo concelleiro no exercicio lexítimo das súas funcións

SEGUNDO. Notificar o presente acordo ao interesado.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

21(1279).- REINTEGRO AO CONCELLEIRO D. DAVID REGADES FERNÁNDEZ DO REINTEGRO DE GASTOS PROFESIONAIS (ASISTENCIA LETRADA E REPRESENTACIÓN) CON OCASIÓN DAS DILIXENCIAS 3890/2013 SEGUIDAS ANTE O XULGADO DE INSTRUCCIÓN N.º 7 DE VIGO. EXPTE. 1887/1101.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 30/10/18, dáse conta do informe-proposta de data 31/10/18, asinado polo secretario Xeral do Pleno, e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, que di o seguinte:

Lexislación aplicable.

LBRL. Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

TRLEP. R. D. Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Emprego Público.

CP. Código Penal.

LXCA. Lei 29/1988, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa.

LPAC. Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común.

ROFCL. R. D. 2568/1986, de 25 de novembro, polo o que se aproba o Regulamento de Organización e Funcionamento das CC. LL.

Antecedentes. Mediante escrito de 16.10.2018 presentado no Rexistro xeral do Pleno D. David Regades Fernández, concelleiro, solicita o reintegro dos honorarios profesionais de defensa letrada e de representación que ten satisfeito aos avogados e procuradores que teñen intervido con ocasión das Dilixencias Previas do Procedemento 3890/2013 incoadas polo Xulgado de Instrución nº 7 de Vigo; adxunta Auto de data 25.06.2018 ditado pola Audiencia Provincial Sección Nº5 que na parte dispositiva di, "(...) Desestimamos el recurso de apelación interpuesto por Xuntos por Galicia contra el Auto de 14/12/2017 dictado en las Diligencias Previas nº 3890/2013 del Juzgado de Instrucción nº 7 de Vigo, que confirmamos, todo ello sin pronunciamiento sobre las costas del recurso. (...)".

O concelleiro delegado de Réxime Interior, mediante Dilixencia de 17.10.2018, insta da Secretaría Xeral do Pleno a emisión de informe-proposta; cando a peticións de informes veñen solicitadas por un concelleiro se entende que estes actúan en delegación da Alcaldía séndolles de aplicación o sinalado no art. 112.5.e).1º. da LBRL; a estes efectos emítese o seguinte,

INFORME

I. As Dilixencias Previas do Procedemento Abreviado 3890/2013 do Xulgado de Instrución nº 7 de Vigo refírense á investigación de posibles "actuacións irregulares"; as Dilixencias Previas teñen concluído con Auto da Audiencia Provincial, Sección nº 5, de Pontevedra de data 25.06.2018, contra o Auto non cabe recurso ordinario. O Auto recorrido do Xulgado de Instrución nº 7 de Vigo acordaba o sobresemento parcial e provisional das actuacións.

Nas Dilixencias Previas o concelleiro contratou a preceptiva defensa letrada e de representación procesual supoñendo iso un gasto efectivo.

O artigo 75.4 da LBRL sinala, "(...) Os membros das Corporacións locais percibirán indemnizacións polos gastos efectivos ocasionados no exercicio do seu cargo, segundo as



Concello de Vigo

normas de aplicación xeral nas Administracións públicas (...). En similar sentido o artigo 13.5 do ROFCL.

O TRLEP, norma xeral de aplicación nas Administracións públicas, no artigo 14. f) indica que os empregados públicos teñen como dereito individual, "(...) Á defensa xurídica e protección da Administración Pública nos procedementos que se sigan ante calquera orde xurisdiccional como consecuencia do exercicio lexítimo das súas funcións ou cargos públicos (...)."

Os membros da Corporación, no exercicio de funcións públicas, non poden ter peor condición que os empregados públicos; o artigo 24.2 do CP, considera funcionario público a, "(...) quen por disposición inmediata da Lei, por elección ou por nomeamento de autoridade competente participe no exercicio de funcións públicas (...)."

II. O TS en S. de data 4.02.2002 advirte que as Administracións asumirán a indemnización de gastos xudiciais de defensa e representación cando concorran tres esixencias: (i) que teñan sido motivados por unha inculpación que teña o seu orixe ou causa directa na intervención do membro da Corporación nunha actuación administrativa ou de doutra índole realizada no cumprimento das funcións atribuídas polas disposicións aplicables a súa actividade como tal membro da Corporación ou en cumprimento ou desenvolvemento de acordos dos órganos desta; (ii) que a intervención non se teña levado a cabo con abuso, exceso ou desviación de poder, ou en conxerencia con intereses particulares propios ou do grupo político o que pertence, e (iii) que se declare a inexistencia de responsabilidade criminal por falta obxectiva de participación ou de coñecemento nos feitos determinantes da responsabilidade penal, a inexistencia destes ou o seu carácter lícito.

Cúmprese a concorrencia das esixencias mencionadas..

O sobresemento "provisional" respecto de D. David Regades Fernández supón que o Xulgado pode acordar nova investigación no suposto de que da instrución xurdan novos indicios ou probas; non obstante, "(...) o Auto de sobresemento provisional, pola súa propia natureza, non pode xuridicamente afectar á presunción de inocencia, e, en consecuencia, o sobreseido ha de ser tido como inocente para todos os efectos (...)", STC 6.05.1983.

III. O importe dos honorarios profesionais, segundo factura aportada, elévase a 21.780,00 euros (gastos de defensa) e 342,79 euros (representación).

Existe liberdade de pacto entre cliente/avogado e entre cliente/procurador en relación aos honorarios profesionais. Os importes das minutas aportadas son acordes aos prezos de mercado; nas minutas existe o desglose a defensa letrada no que se concretan, con detalle as actuacións xudiciais materializadas.

IV. O interesado comunicará a conta de abono.

PROPOSTA DE ACORDO

Procede que a Xunta de Goberno Local, órgano competente, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral, adopte o seguinte acordo:

PRIMEIRO: Aboar a D. David Regades Fernández, concelleiro delegado, a cantidade de 22.122,79 euros en concepto de reintegro dos importes que ten satisfeito como consecuencia dos gastos de defensa letrada e de representación nas Dilixencias Previas do Procedemento Abreviado 3890/2013 incoadas polo Xulgado de Instrución nº 7 de Vigo como consecuencia de actuacións levadas a cabo polo concelleiro no exercicio lexítimo das súas funcións

SEGUNDO. Notificar o presente acordo ao interesado.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

22(1280).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA MEDIANTE CONVENIO CON SINSALAUDIO S.L PARA O DESENVOLVEMENTO DO FESTIVAL SINSAL OUTONO 16 – EXERCIZO 2018. EXPTE. 2183/330.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 10/10/18 e o informe de fiscalización do 02/11/18, dáse conta do informe-proposta de data 17/09/18, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural Festas e Museos, o concelleiro-delegado de Cultura, e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data 3 de setembro pasado, a empresa SINSAL AUDIO S.L. presenta solicitude de subvención e presenta a documentación ao respecto; por este motivo, con data 13 de setembro pasado, o concelleiro-delegado da Área de Cultura resolveu que por parte desta xefatura se iniciase o expediente de subvención correspondente para a organización e realización do Festival Sinsal Outono 16, e realizar un convenio con esta entidade para regulala, por importe de 7.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 3340.470.00.02 do orzamento municipal vixente.

ANTECEDENTES.-

SINSAL AUDIO S.L. ven desenvolvendo unha labor de continuidade no ámbito da promoción e difusión da música, promovendo desde o ano 2003 o Festival Sinsal, con programación de carácter didáctico e dando a coñecer músicas menos frecuentes nos circuítos maioritarios, primando a calidade das propostas e contando con artistas de primeira orde do ámbito nacional e internacional; e que en aras dunha maior eficacia considera que a cooperación en programas culturais beneficia ao mundo da cultura galega.

PROGRAMA:

SESIÓNS ANECOICAS

María del Mar Blanco Moreno (en colaboración coa Orquesta Clásica de Vigo)

Mércores 24 de outubro

Facultade de Telecomunicacións da Universidade de Vigo



Concello de Vigo

Will Samson

Mércores 14 de novembro

Facultade de Telecomunicacións da Universidade de Vigo

CONCERTOS

Kolars

Sábado 10 de novembro

MARCO

Will Samson

Xoves 15 de novembro

Biblioteca da EMAO

A memoria económica que se achega ao presente convenio, incorpora o presuposto xeral de gastos do programa obxecto do convenio polo importe total de 13.365 € (trece mil trescentos sesenta e cinco euros), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 7.000 € (52,38 %)
- SinsalAudio: 4.910,45 € (36,74 %)
- Venda de entradas e restauración: 1.454,55 € (10,88 %)

DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación , presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Solicitud de subvención
- Proxecto e orzamento da actividade
- NIF do administrador
- CIF da empresa
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Facenda
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Copia do seguro de responsabilidade civil e do recibo de pagamento en vigor
- Escrito remitido por SINSAL AUDIO S.L. de aceptación do texto do convenio de colaboración proposto, relativo á organización e realización do Festival Sinsal Outono 16.

LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á SINSAL AUDIO S.L., para a organización e realización do Festival Sinsal Outono 16, obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica

do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa a SINSAL AUDIO S.L. deberá axustarse ao previsto no art.22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no presuposto do Concello de Vigo de 2018, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade ca actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza ca oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrència para o seu outorgamento.

De acordo co previsto no art. 26.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativa

ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo a SINSAL AUDIO S.L. ten como obxecto financiar a organización do Festival Sinsal Outono 16 e figura na partida 3340.470.00.02 "CONVENIO SINSAL AUDIO FESTIVAL SINSAL", a concesión dunha subvención nominativa por importe de 7.000 €, a favor da devandita entidade.

A subvención do Concello de Vigo a SINSAL AUDIO S.L. é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

CONDICIÓNS DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan no texto de proposta de convenio.



Concello de Vigo

Coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, tralos informes xurídico e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, faise a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

“PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa da subvención de 7.000€ (sete mil euros) a SINSAL AUDIO S.L., CIF. B36898369, para o financiamento do Festival Sinsal Outono 16, organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3340.470.00.02 “CONVENIO SINSAL AUDIO FESTIVAL SINSAL”, que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.

SEGUNDO.- Que se aprobe o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e SINSAL AUDIO S.L. que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para o financiamento do Festival Sinsal Outono 16.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E SINSALAUDIO S.L., RELATIVO Á ACHEGA DO CONCELLO PARA A ORGANIZACIÓN DO FESTIVAL SINSAL OUTONO 16 NO EXERCICIO 2018

En Vigo, _ de ____ de dous mil dezaoito

REÚNENSE

A Concellería de Cultura (en adiante CONCELLERÍA), e no seu nome e representación, D. Cayetano Rodríguez Escudero, en virtude do seu cargo de concelleiro-delegado da Área de Cultura, Concello de Vigo (CIF P3605700H), para o que foi nomeado polo decreto de delegación de Alcaldía e acordo da Xunta de Goberno Local, ambos de data 19 de xuño de 2015; con enderezo na Praza do Rei nº 1, CP 36202; no exercicio das facultades e demais funcións que lle foron conferidas por razón do seu cargo,

Doutra, D. Luis Campos Alonso, en calidade de Administrador da sociedade Sinsalaudio, SL, con CIF B36898369, actuando en nome e representación da devandita empresa, segundo as facultades que lle outorga a escritura de constitución da sociedade, e con enderezo na rúa Estrada, nº 6, 1ºD, CP 36209, da cidade de Vigo, en adiante a EMPRESA.

Ámbalas dúas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,

MANIFESTAN

I.- Que SINSALAUDIO S.L. ven desenvolvendo unha labor de continuidade no ámbito da promoción e difusión da música, promovendo desde o ano 2003 o Festival Sinsal, con programación de carácter didáctico e dando a coñecer músicas menos frecuentes nos circuítos

maioritarios, primando a calidade das propostas e contando con artistas de primeira orde do ámbito nacional e internacional; e que en aras dunha maior eficacia considera que a cooperación en programas culturais beneficia ao mundo da cultura galega.

II.- *Que **SINSALAUDIO S.L.**, tal e como establecen os seus estatutos, é unha sociedade cuxo obxecto social o constitúe a edición e venda de discos e materiais fonográficos e a promoción de eventos culturais , así como a produción, organización, xestión e administración de eventos, festivais e espectáculos culturais e recreativos, tanto públicos como privados, mediante a utilización de recursos propios ou alleos, entre outros relacionados.*

III.- *Que o Concello de Vigo, coñecedor de ditas actividades e accións e no exercicio da súa competencia propia de promoción da cultura, que lle recoñece o artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na vixente redacción, dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, desexa promover e colaborar economicamente na execución da programación de **SINSAL AUDIO S.L.**, como medio que é de promover a música na cidade.*

IV.- *Que con esta finalidade o vixente Orzamento Xeral do Concello de Vigo inclúe na aplicación orzamentaria 3340.470.00.02, como subvención nominativa, a favor de **SINSAL AUDIO S.L.**, a cantidade de 7.000 euros.*

V.- *Que **SINSALAUDIO S.L.** non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ten débedas pendentes co Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente administrativo arriba citado.*

VI.- *De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26,1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas de forma nominativa no orzamento da Administración concedente, polo que as partes acordan asinar o presente convenio de colaboración para regular os termos da concesión da subvención, que ten como obxecto a organización de devandito programa.*

De conformidade ás precedentes consideracións e dado o interese común das partes asinantes nas que as dúas teñen intereses coincidentes, e co fin de acadar unha maior eficacia na execución das actuacións, é polo que asinan o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

A través do presente convenio, establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a CONCELLERÍA e maila EMPRESA para desenvolver o programa *Festival Sinsal Outono 16* durante o exercicio 2018, que se detalla na documentación achegada pola entidade no presente expediente de aprobación do convenio

SEGUNDA.- PRESUPOSTO E FINANCIAMENTO

A memoria económica que se achega ao presente convenio, presentado pola EMPRESA, incorpora o presuposto xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 13.365 € (trece mil trescentos sesenta e cinco euros), financiándose coas seguintes achegas:



Concello de Vigo

- Concello de Vigo: 7.000 € (52,38 %)
- SinsalAudio: 4.910,45 € (36,74 %)
- Venda de entradas e restauración: 1.454,55 € (10,88 %)

TERCEIRA.- DATAS E LUGARES DO PROGRAMA

SESIÓNS ANECOICAS

María del Mar Blanco Moreno (en colaboración coa Orquesta Clásica de Vigo)

Mércores 24 de outubro

Facultade de Telecomunicacións da Universidade de Vigo

Will Samson

Mércores 14 de novembro

Facultade de Telecomunicacións da Universidade de Vigo

CONCERTOS

Kolars

Sábado 10 de novembro

MARCO

Will Samson

Xoves 15 de novembro

Biblioteca da EMAO

CUARTA.- OBRIGAS DE EMPRESA . MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

-Organizar as actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola EMPRESA, actuando como interlocutor único ante a CONCELLERÍA D. Luís Campos Alonso, administrador da entidade.

-Responsabilizarse da organización integral do programa, difundilo amplamente, dispoñer dos espazos, e solicitar, de ser o caso, os permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.

-Cumprir o programa obxecto da subvención, de acordo co establecido neste convenio e no acordo de concesión, asumindo o aboamento dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).

-Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.

-Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo na forma que se detalla na cláusula sétima, e comunicar as accións de difusión nas que se deberá facer mención expresa da subvención obxecto deste convenio.

-Facilitar á CONCELLERÍA a información necesaria para a difusión do programa a través da páxina "vigocultura.org" e demais canles oficiais.

-Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co

obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).

- A concesión da subvención á EMPRESA implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.
- Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento. A ENTIDADE entregará á Área de Cultura copia da póliza e do recibo do pagamento correspondente antes da sinatura do presente convenio.

QUINTA.- OBRIGAS DA CONCELLERÍA. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

- Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa de actividades contempladas neste convenio.
- Xestionar o pagamento do importe da subvención (7.000 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

SEXTA.- MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA

Para o bo desenvolvemento do programa obxecto do convenio establecerase unha comisión mixta, integrada polos representantes citados de cada unha das institucións convenientes, ou persoa na que deleguen, aos que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente convenio.

O centro xestor da subvención á EMPRESA é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do Xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen se informará sobre o desenvolvemento do programa, e comunicará os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

SÉTIMA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA

Calquera que sexa o medio de difusión, a EMPRESA adoitará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento do programa polo Concello de Vigo, as súas actividades e funcionamento; incorporando os anagrama-logotipo do Concello de Vigo, ademais das lendas indicadas pola Área de Cultura, en particular, no material gráfico editado, na páxina web, nas presentacións públicas, actividades, soportes e demais recursos de difusión e información xeral que se produzan sobre o evento, de acordo coa CONCELLERÍA.



Concello de Vigo

Se no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, deberá acordarse coa CONCELLERÍA a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión, deberá ser enviado á Área de Cultura, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias da EMPRESA, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha achega ao proxecto subvencionado no seu conxunto polo Concello. O material editado disporá dos depósitos legais correspondentes.

Así mesmo, a EMPRESA entregará o material de difusión suficiente, tanto para a súa conservación no expediente de subvención, como para a difusión da programación dende a CONCELLERÍA.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente comunicada ou acordada coa CONCELLERÍA.

A EMPRESA comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento. Igualmente comprométese ao emprego de imaxes non estereotipadas e que fagan visible a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

A EMPRESA facilitará á Área de Cultura, coa antelación suficiente, toda a información sobre o programa nos formatos axeitados, co fin de publicitalo en todos os soportes municipais (web, 010, Vigocultura, etc.).

Lingua de difusión e publicacións:

En consecuencia co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto, e con carácter xeral, só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares coa CONCELLERÍA para que os elementos sexan subvencionables.

OITAVA.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN

O CONCELLO xestionará o pagamento á EMPRESA polo importe da subvención outorgada ou resultante, logo da realización das actividades previstas no obxecto deste convenio e entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, unha vez asinado o presente convenio por ambas partes, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias das facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abrangue a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de XXXXX euros.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), A ENTIDADE está

obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas. Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención que regula o presente convenio e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

No caso de que se achegue a documentación presencialmente, requirirase a súa subsanación mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos, considerarase como data de presentación da documentación aquela na que tivese realizado a subsanación.

Documentación a incluír na conta xustificativa:

- Solicitud de pagamento da subvención tralo remate das actividades e, en todo caso, como límite o 16 de novembro de 2018.
- Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.
- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
 - a. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
 - b. Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
 - c. Memoria de prensa.
 - d. Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
 - e. Reportaxe fotográfica.
- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.
- Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
- As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a EMPRESA como entidade destinataria, deberán recoller



Concello de Vigo

o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.

- Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
- Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

Cando a entidade beneficiaria demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art.73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporarase ao expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá á devolución do orixinal.

Gastos subvencionables:

Consideraranse gastos subvencionables, os realizados no ano 2018 que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

A entidade beneficiaria deberá solicitar tres ofertas cando o gasto exceda de 40.000 € por execución de obra ou 15.000 € no caso de subministros ou servizos, máis iva, salvo que non exista mercado para ditas contratacións.

Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á EMPRESA é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola EMPRESA para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

NOVENA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Cultura.

Os técnicos da Área de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

DÉCIMA.- INFORMACIÓN

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

DÉCIMO PRIMEIRA.- REINTEGRO

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá ao reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

DÉCIMO SEGUNDA.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN

En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

DÉCIMO TERCEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e no Regulamento Europeo 2016/679 de Protección de Datos, de 27 de abril de 2016, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

DÉCIMO CUARTA.- DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E TITULARIDADE DOS RESULTADOS

Os resultados froito deste convenio, tales como documentais, catálogos, estudos, e demais material obtido da realización das actividades programadas, serán de titularidade e de uso común da CONCELLERÍA e da EMPRESA. Os resultados quedarán para futuras edicións e ámbalas dúas partes poderán utilizalo nun futuro indistintamente.



Concello de Vigo

A CONCELLERÍA resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.

DÉCIMO QUINTA.- PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES DA EMPRESA

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre a EMPRESA e os profesionais ao seu servizo que vaian desenvolver as actividades previstas, e o Concello de Vigo, de tal xeito que a este non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

DÉCIMO SEXTA.- VIXENCIA

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura até o 31 de decembro de 2018, e non será prorrogable.

DECIMO SÉTIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS

Calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

Por parte do Concello de Vigo, a Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a CONCELLERÍA queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

DÉCIMO OITAVA.- LEXISLACIÓN APLICABLE

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

En proba de conformidade de canto antecede, asinan por triplicado exemplar o presente documento de convenio no lugar e data arriba indicados.

ANEXO I

ORZAMENTO DO PROGRAMA

"FESTIVAL SINSAL OUTONO 16"

GASTOS	
<i>CONCEPTO</i>	<i>CANTIDADE</i>
Cachés	2.420,00 €
Hoteis	330,00 €
Dietas	330,00 €
Gastos administración	605,00 €
Transportes	726,00 €
Producción técnica	2.783,00 €
Comunicación, vídeos, fotos	1.815,00 €
Promoción e deseño	2.541,00 €
Producción artística	1.815,00 €
TOTAL GASTOS	13.365,00 €
INGRESOS	
<i>CONCEPTO</i>	<i>CANTIDADE</i>
CONCELLO DE VIGO	7.000,00 €
SINSALAUDIO S.L.	4.910,45 €
VENDA DE ENTRADAS E RESTAURACIÓN	1.454,55 €
TOTAL INGRESOS	13.365,00 €

23(1281).- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA DISTRIBUCIÓN DAS ANUALIDADES PARA A FINANCIACIÓN DA ADXUDICACIÓN DO EXPTE. "PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO CUBERTO E INSTALACIÓN COMPLEMENTARIA PARA A COMPLETA URBANIZACIÓN DAS PARCELAS Nº 28 E 29 DO PLAN PARCIAL S.U.P.P. 1 QUIRÓS". EXPTE. 64/441.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 25/10/18, dáse conta do informe-proposta de data 23/10/18, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o xefe de Área de Inversión e Servizos Xerais, e polo concelleiro-delegado de Fomento, que di o seguinte:

I.- Antecedentes:

A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 13 de setembro de 2018, entre outros asuntos acordou: "Adxudicar a ORECO, S.A. o procedemento aberto para a contratación das obras do "Pavillón polideportivo cuberto e instalacións complementarias para a completa urbanización das parcelas nº 28 e 29 do Plan parcial S.U.P. P.P. 1 Quirós"



Concello de Vigo

(64-441) por un prezo total de 3.079.173,60 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 534.402,03 euros."

De acordo co PCAP a distribución de anualidades económicas previstas para a licitación do contrato foi a seguinte:

Ano 2018: 1.495.629,32 €

Ano 2019: 1.728.636,23 €

En base ao acordo de adxudicación por un importe de 3.079.173,60 €, correspondeu a seguinte contabilización da fase "D" para as dúas anualidades do contrato:

Ano 2018: 1.495.629,32 € N° operación contable: 201800082177

Ano 2019: 1.583.544,28 € N° operación contable: 201800082180

II.- Proposta:

A vista dos antecedentes e tendo en conta a necesidade de axustar as anualidades inicialmente previstas no PCAP, a realidade do importe de adxudicación así a estimación da execución da obra, foi comunicada a mercantil adxudicataria deste expediente a seguinte proposta de axuste:

Ano 2018: 1.867.345,62 €

Ano 2019: 1.211.827,98 €

Consta no expediente, con data de entrada no Rexistro Xeral de 17 de outubro de 2018, a aceptación por parte do adxudicatario a proposta de axuste das anualidades para a execución da obra.

Por todo o exposto, e previo informe de fiscalización, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Modificar a distribución das anualidades para a financiación da adxudicación do expediente 64/441.- CONTRATACIÓN DAS OBRAS PARA A EXECUCIÓN DO "PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO CUBERTO E INSTALACIÓN COMPLEMENTARIA S PARA A COMPLETA URBANIZACIÓN DAS PARCELAS Nº 28 E 29 DO PLAN PARCIAL S.U.P.P 1 QUIROS, adxudicado a mercantil ORECO, S.A. por un prezo total de 3.079.173,60 euros, de acordo cos seguintes créditos:

a.- **Incrementar en 371.716,30 €** o compromiso de gasto da anualidade para o ano 2018, ata un importe total de 1.867.345,62 €, con cargo a aplicación orzamentaria 3420.622.00.06 do vixente orzamento.

b.- **Minorar en 371.716,30 €** o compromiso de gasto da anualidade do ano 2019, quedando un importe de 1.211.827,98 €, que será de aplicación á partida 3420.622.00.06 do orzamento do ano 2019.

O importe da segunda anualidade axustase ao disposto no artigo 174 do RDL 2/2044 de 5 de marzo que aproba o texto refundido la Lei de Facendas Locais, ao atoparse por debaixo do 70 % sobre o importe previsto para o presente exercicio.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

24(1282).- DESESTIMACIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO CONTRA O ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 31/05/2018 SOBRE MODIFICACIÓN DO PROXECTO DO COMPENSACIÓN DO PLAN PARCIAL QUIRÓS. EXPTE 4394/401.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 25/10/18, asinado pola técnica de Administración xeral e a xefa de Planeamento e Xestión, que di o seguinte:

Damos por reproducidos por mor das necesarias concisión e brevidade, e por non incorrer en repeticións innecesarias, o relato de feitos e a fundamentación xurídica contida no informe-proposta suscrito conxuntamente pola Técnica de Administración Xeral e a Arquitecta municipal Xefa do servizo de Planeamento e Xestión con data do 10.05.2018, que serviu de base ao acordo adoptado pola Xunta de Goberno local do Concello de Vigo na sesión ordinaria que tivo lugar o 31.05.2018 que, entre outros pronunciamentos, acordou, na súa literalidade o que segue,

“(...)PRIMEIRO: Desestimar as solicitudes achegadas por Ubaldino Rodríguez Bello en nome e representación da Xunta de Compensación do Plan Parcial de Quirós con data do 04/06/2014 -doc. núm. 140069485 do rexistro de entrada da xerencia municipal de Urbanismo- e con data do 26/05/2016 e reiterada con data do 26/06/2017 -docs. núm. 160067649 e 170092949 do rexistro de entrada da xerencia municipal de Urbanismo-, polos motivos que fundamentan este acordo na súa parte expositiva.

SEGUNDO: Requiritur á Xunta de Compensación do Plan Parcial de Quirós para que, de conformidade co disposto no informe da arquitecta xefa de Planeamento e Xestión de data do 09/05/2018, no prazo de QUINCE DÍAS reanude as obras pendentes de executar do aparcamento soterrado, obras que serán rematadas no prazo máximo de TRES MESES, baixo advertencia de que en caso contrario procederá por parte desta Administración municipal a declarar o incumprimento da obriga da Xunta de Compensación de completar a urbanización do ámbito e a executar subsidiariamente e a custa da Xunta de Compensación as obras que quedan pendentes do aparcamento soterrado (...).”

O amentado acto administrativo, que puña fin a vía administrativa, notificouse individualmente ao interesado no procedemento, con ofrecemento fronte ao mesmo, da posibilidade de interposición de recurso potestativo de reposición perante o órgano que o ditou no prazo dun mes (1), ou recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous (2) meses, contados ambos dende o seguinte ao da súa notificación, sen prexuízo do exercicio doutras accións que se consideren convenientes.

Fronte o devandito acordo, e dentro do prazo legal conferido ao efecto, con data do 08.08.2018 interpúñase no rexistro xeral desta XMU baixo o doc. núm. 180133947, por don Ubaldino Rodríguez Bello na súa condición de presidente do Consello reitor da Xunta de compensación do Plan Parcial de Quirós, e en nome e en representación da mesma, o recurso de reposición amentado na cabeceira, a cuxo íntegro contido nos remitimos, e no



Concello de Vigo

que se solicita que se dite nova resolución pola que se revoque, anule e deixe sen efecto o referido acordo recorrido.

FUNDAMENTOS LEGAIS OU CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

I.- Normativa examinada e Valoración xurídica

- PXOU-93, aprobado definitivamente por acordo do Consello da Xunta de Galicia de data 29.04.1993, no expediente nomeado de “Subsanación de deficiencias na adaptación do PXO-88 á Lei 11/1985 de adaptación da do Solo a Galicia” (DOG do 10.05.1993 e BOP do 14.07.1993), coas súas modificacións puntuais,
- O RD Lex. 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do solo e Rehabilitación urbana
- A Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia,
- A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), e o Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o seu Regulamento de desenvolvemento (RLSG),
- A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións públicas,
- A Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime xurídico do Sector Público,

- A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases de réxime local, coas súas diversas modificacións,
- A Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia,
- A Lei 29/1998, do 3 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa,
- Os Estatutos da xerencia municipal de Urbanismo, na súa versión consolidada aprobada polo Pleno do Concello en data do 6 de setembro de 2010 (BOP núm. 193 de 6 de outubro de 2010),
- O resto de disposicións que poidan afectar,

II.-A lexitimación para interpoñer o recurso de reposición correspóndelle en materia de urbanismo aos que posúan a condición de interesado, en base ao sinalado no artigo 4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións públicas, e asemade a calquera persoa, ao abeiro da acción pública regulada no RD Lex. 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Solo e rehabilitación urbana e, na disposición adicional cuarta da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, en diante LSG. No expediente axuizado e en canto a admisión do recurso presentado queda constatada e acreditada a condición de interesado do recurrente.

III.- O prazo para interpoñer o recurso potestativo de reposición consonte co sinalado no artigo 124 LPACAP é de 1 mes, dende a notificación ou dende a publicación do acordo aprobatorio.

Neste senso, tendo data de entrada o recurso de reposición no rexistro xeral desta XMU con data do 08.08.2018 (doc. núm. 180133947) formulouse dentro do prazo positivizado pola normativa para a presentación do mesmo.

Xa que logo, admítese a trámite, ao observar que cumpre todos os requisitos de tempo e forma esixidos polos artigos 123 e 124 da LPACAP.

IV.- Danse por reproducidas na súa totalidade, os feitos e a fundamentación xurídica, contidos no informe subscrito pola Técnica de Admon Xeral do Servizo de planeamento e xestión conxuntamente coa Xefa do citado departamento o 10.05.2018 e que serviu de base ao acordo

adoptado pola Xunta de goberno local en data 31.05.2018 cuxo texto íntegro se transcribe a continuación,

“” (...) ANTECEDENTES E FEITOS

- I. Con data do 26 de novembro de 2001 o Concello en pleno acordou: “(...) Segundo.- Aprobar definitivamente o Plan Parcial “SUP-PP1-Quirós” (Sárdoma), promovido pola entidade Miraflores, S A e redactado polo arquitecto D. José Herrero García, na súa versión definitiva, visado polo COAG no 5 de novembro de 2010 (docs. 1 e 6) e no 28 de xuño de 2001 (resto dos docs). Expte 5254/411. (...) Cuarto.- A propiedade deberá asumir o mantemento dos novos espazos libres e verdes cedidos ó Concello. A tal fin, as fincas resultantes do proxecto de compensación quedarán afectas, na cota de participación correspondente, á carga real de conservación de ditos espazos libres e zonas verdes de nova creación. Haberá tamén de se constituir unha entidade urbanística colaboradora de conservación (...)”. As súas Ordenanzas publicáronse no BOP núm. 11, do 17/01/2002.

- II. Previamente, durante a tramitación do procedemento administrativo de aprobación do Plan Parcial de Quirós, de iniciativa privada, a entón Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda da Xunta de Galicia (CPTOPV) esixiu en sucesivas ocasións o cumprimento da reserva mínima de aparcamentos regulada no artigo 22.g) da Lei 1/1997, de 24 de marzo, do Solo de Galicia (LSG-97) entón vixente, entendendo que ditos aparcamentos debían ser de titularidade pública e non privada, contrariamente á versión inicial do Plan Parcial. Así, o eprígrafe “1.2.3.5.1.” da Memoria da versión definitiva do Plan Parcial elaborada e presentada polos promotores da actuación (páx. 50), titulado “Cesiones a realizar a favor del Ayuntamiento” precisou o seguinte: “(...) 2) Terrenos destinados a viales, aparcamientos en superficie y otros espacios libres: Se prevé la cesión a favor del Ayuntamiento, de los terrenos necesarios para la construcción de la red viaria proyectada, con sus anexos en superficie, que incluye los viales de nueva ejecución “A”, “B”, “C” y “E”, el vial “D” que se apoya sobre el trazado del actual camiño de Raviso, y la ampliación de la actual carretera provincial. La superficie destinada a viales y aparcamientos en superficie es de 12.298 m², previéndose un total de 255 plazas de aparcamiento anexas a los viales.
3) Edificio destinado a aparcamiento bajo subsuelo de zona deportiva: Se prevé la cesión a favor del Ayuntamiento de la construcción en subsuelo, bajo la zona deportiva, destinada a aparcamiento para un total de 283 plazas. Dicha construcción se realiza en tres plantas de sótano de una superficie de 2.208 m², con una superficie total construída de 6.624 m²”.

- III. Con data do 9 de maio de 2002 o Consello da xerencia municipal de Urbanismo acordou aprobar definitivamente os Estatutos e Bases de actuación da Xunta de Compensación do citado polígono (Expte 4329/401). Polo Consello da xerencia municipal de Urbanismo de data do 11 de xullo de 2002 aprobouse a escritura pública de constitución da Xunta de Compensación do Plan Parcial de Quirós, outorgada ante o notario de Vigo D. José Antonio Rodríguez González na data do 3 de xuño de 2002, baixo o número 1.675 do seu protocolo (Expte 4373/401). Mediante resolución do 19 de agosto de 2002 o Director Xeral de Urbanismo da CPTOPT ordenou a inscrición da entidade nomeada Xunta de Compensación do



Concello de Vigo

Plan Parcial Quirós, do Concello de Vigo, no rexistro de entidades urbanísticas colaboradoras.

- IV. O proxecto de compensación da U. E. 1 do Plan Parcial de Quirós, promovido e redactado pola Xunta de Compensación, aprobouse definitivamente polo Consello da xerencia municipal de Urbanismo de data do 6 de marzo de 2003, acordo que foi confirmado en reposición mediante acordo do Consello da xerencia municipal de Urbanismo de data do 8 de maio de 2003 (Expte 4394/401).

O aparcamento público citado descríbese na finca resultante núm. 30, deste xeito: "Adjudicatario: Se adjudica esta parcela núm. 30, destinada a uso de equipamiento deportivo, de cesión obligatoria, baixo cuyo subsuelo se prevé a construción de un garaxe-aparcamiento, en pleno dominio al Ayuntamiento de Vigo.

Descrición a efectos registrales: (...) La parcela se destina a equipamiento deportivo, baixo cuyo subsuelo se prevé a construción de un garaxe-aparcamiento (...).

Descrición urbanística: (...) Se destina a equipamiento deportivo, previéndose a construción de instalacións deportivas descubertas. Bajo el subsuelo se prevé a construción de un garaxe-aparcamiento con una capacidad de 283 plazas, a desenvolver en tres plantas.

Afección urbanística: La finca se halla libre de cargas".

Na cuantificación dos custes de urbanización imputados aos propietarios do polígono no proxecto de compensación (aptdo. 9) figura a partida específica de 923.755,61 euros para a execución do mentado aparcamento público.

- V. O Consello da xerencia municipal de Urbanismo en sesión do 30 de abril de 2003, acordou aprobar definitivamente o proxecto de urbanización do polígono único do Plan Parcial Quirós (Expte 4392/401). Na parte expositiva deste acordo manifestouse o seguinte: "(...) O devandito presuposto inclúe o das obras precisas para a execución das prazas de aparcamento previstas no subsolo da área deportiva -796.341,04 euros-, que polas súas características deberán ser obxecto dun proxecto aparte, tal e como sinala o informe do enxeñeiro técnico de obras públicas municipal de data 28 de abril de 2003; proxecto específico que deberá ser presentado e executado pola Xunta de Compensación para a completa urbanización do ámbito (...)".

- VI. Con data do 12 de maio de 2005 polo Vicepresidente da xerencia de Urbanismo, autorizáronse a don Ubaldino Rodríguez Bello, en nome e representación da Xunta de Compensación do Plan Parcial de Quirós S.U. P.P. 1, conforme ao proxecto presentado redactado polo arquitecto, José Herrera García, con data de visado colexial do 13 de abril de 2004, documentación reformada visada o 3 de febreiro de 2005, e informes favorables obrantes no expediente núm. 28463/422, as instalacións para a actividade de garaxe-aparcadoiro de propiedade municipal, composto de tres plantas soto baixo rasante para un total de 283 prazas no subsolo da Parcela 3, tamén de propiedade municipal, do proxecto de compensación da U.E. I do Plan Parcial de Quirós de Vigo (Exptes 49902/421 e 28463/422). A instalación aínda non está rematada, nin foi posta a disposición do Concello para a súa xestión e posta en funcionamento.

VII. En datas do 27 de outubro de 2005 e do 15 de decembro de 2005, nos recursos contencioso-administrativo 2/4264/2002 e 2/4238/2002 promovidos por don José Manuel López Fernández e pola mercantil “Atlántico Construciones y Promociones, S L”, o TSXG ditou sentenzas contra o acordo plenario de aprobación definitiva do Plan Parcial de Quirós. A primeira delas, interposta contra a totalidade do Plan Parcial, desestimou a demanda e a segunda anulou os apartados “3.A.1”, “4.A” e “C.c” do Plan Parcial, por considerar o Tribunal que a reserva de aparcamentos establecida no artigo 22.g) LSG-97 non implica necesariamente a súa titularidade pública.

VIII. Con data do 11 de setembro de 2006, pola Xunta de Goberno Local acordouse a recepción parcial de obras de urbanización do “Plan Parcial de Quirós” (Expte 4680/401). Posteriormente, pola Xunta de Goberno Local de data do 23 de abril de 2007, acordouse a recepción das obras de urbanización do “Plan Parcial Quirós”, de conformidade cos informes do enxeñeiro da oficina de supervisión de proxectos e inspección de obras de data do 16 de marzo de 2007 e do adxunto ao director dos Servizos técnicos de data do 22 de marzo de 2007 (Expte 4734/401). O apartado 5 da parte expositiva deste último acordo refírese á incidencia da Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de 15 de decembro de 2005 nos seguintes termos: ““A construción do aparcamento foi autorizada pola licenza de obra 49902/421 e pola licenza de actividade 28463/422. Ambas licenzas se facía mención ó seguinte: “(...) A edificación baixo rasante para garaxe aparcadoiro sitúase na parcela 30 do proxecto de compensación da UE I do Plan Parcial Quirós, adxudicándose en pleno dominio ao Concello de Vigo. A parcela figura inscrita no Rexistro da Propiedade número 1 de Vigo, ao tomo 1281, folio 88, parcela 76858, cunha superficie de 2.208 m². A construción e instalación da actividade de garaxe aparcadoiro de propiedade municipal ven imposta á Xunta de Compensación do Plan Parcial Quirós para completa-la urbanización do ámbito e recolléndose éstas como gastos de urbanización, de conformidade co Plan Parcial, Proxecto de urbanización e compensación do ámbito aprobados e antes citados, sen que as licenzas de obras e actividade de garaxe aparcamento conforme ao proxecto que se aproba. Ademais, a presente autorización outórgase sen prexuízo do que resulte, no seu caso, da licitación que se convoque polo Concello para a explotación do dito garaxe aparcadoiro de propiedade municipal e sen que, en consecuencia, ésta outorgue ningún dereito de explotación ao respecto (...)”. Tra-la Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de 15 de decembro de 2005 non houbo modificación das determinacións do Plan Parcial, do proxecto de compensación e de urbanización, polo tanto procede a recepción nos términos dos aludidos documentos””.

IX. **Pola Xunta de Goberno Local de data do 5 de maio de 2008 acordouse inadmitir a reclamación formulada por don Ubaldino Rodríguez Bello no nome e representación das entidades mercantís “Miraflores Vigo, S A” e “Atlántico Construciones y Promociones S L” de indemnización de 1.556.135,06 euros, por falta de lexitimación activa das devanditas entidades (Expte 4722/401), así como desestimar a reclamación formulada no nome da Xunta de Compensación do Plan Parcial Quirós, polos motivos que se sinalan na parte expositiva deste acordo e notificar o contido íntegro do mesmo ás reclamantes, así como á Dirección Xeral de Urbanismo da Xunta de Galicia, notificación que consta recibida o día 28 de maio de 2008. Interposto recurso contencioso administrativo contra este acordo pola Xunta de Compensación do Plan parcial de Quirós, con data**



Concello de Vigo

do 12 de novembro de 2013 o Xulgado contencioso administrativo número un de Vigo fallou sentenza n.º 244 desestimatoria do dito recurso contencioso administrativo e declarou axustado a dereito o acto recorrido, no seo do proceso ordinario número 90/2008.

- X. Pola Xunta de Goberno Local de data do 22 de marzo de 2013 acordouse aplicar á xestión do polígono do Plan Parcial de Quirós o modelo de estatutos xerais de entidade urbanística de conservación aprobado polo consello da xerencia municipal de Urbanismo de data do 11/12/2013 (BOP núm. 1 de 02/01/2004) e asemade, aprobar a constitución da entidade urbanística de conservación do Plan Parcial de Quirós efectuada en escritura de 17/12/2012 formalizada polo notario don Julio Manuel Díaz Losada, baixo o núm. 2083 do seu protocolo. Destacar que na fundamentación deste acordo de constitución da entidade de conservación, tratouse expresamente a necesidade da súa coexistencia coa Xunta de Compensación, considerando que as súas finalidades e obrigas respecto desta Administración urbanística son diversas, pois mentres que **a función primordial da Xunta de Compensación é a de urbanizar e soportar as obrigas derivadas do planeamento -entre elas a execución do garaxe-aparcadoiro-**, a da entidade urbanística de conservación é unicamente manter e conservar os novos espazos libres e verdes executados por aquela e todo isto, sen prexuízo da responsabilidade da Xunta de Compensación vía artigo 182.1 do RXU que será directamente responsable fronte á Administración actuante da urbanización completa do polígono ou unidade de actuación e no seu caso, da edificación dos solares resultantes cando así estivese establecido e das demais obrigas que resulten do Plan de ordenación, das bases de actuación ou do presente regulamento.

Mediante resolución do 29/10/2013 a secretaria xeral de Ordenación do territorio e Urbanismo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, ordenou a inscrición da entidade nomeada “Entidade urbanística de conservación do Plan Parcial de Quirós”, do Concello de Vigo, no rexistro de entidades urbanísticas colaboradoras, co número de rexistro 3/2013, no Tomo VII, páxina rexistral núm. 95”.

- XI. Con data do 30/03/2018 por Ubaldino Rodríguez Bello en nome e representación da entidade urbanística de conservación do Plan Parcial de Quirós, instouse á disolución desta entidade achegando a estes efectos toda a documentación necesaria e estando nestes intres dita solicitude en tramitación (Expte 5137/401).
- XII. Con data do 04/06/2014 por Ubaldino Rodríguez Bello en nome e representación da Xunta de Compensación do Plan Parcial de Quirós solicitouse a aprobación da rectificación e adaptación do proxecto de compensación do Plan Parcial de Quirós no senso de contemplar que a parcela resultante número 30 destinada a aparcamento soterrado pase a ser de titularidade da Xunta de Compensación ou no seu caso, subsidiariamente se acceda a reintegrar á Xunta de Compensación os gastos sufragados para a súa construción por importe de 1.400.521,55 euros -doc. núm. 140069485 do rexistro de entrada da xerencia municipal de Urbanismo-.

E con data do 26/05/2016 por Ubaldino Rodríguez Bello en nome e representación da Xunta de Compensación do Plan Parcial de Quirós ínstase novamente a aprobación da rectificación e adaptación do proxecto de compensación do Plan

Parcial de Quirós no senso de contemplar que a parcela resultante número 30 destinada a aparcamento soterrado pase a ser de titularidade da Xunta de Compensación ou no seu caso, subsidiariamente se acceda a reintegrar á Xunta de Compensación os gastos sufragados para a súa construción por importe de 1.400.521,55 euros ou se ceda a súa explotación comercial en réxime de concesión administrativa previo recoñecemento do dito creto a favor da Xunta de Compensación -doc. núm. 160067649 e do rexistro de entrada da xerencia municipal de Urbanismo-. Con data do 26/06/2017 por Ubaldino Rodríguez Bello en nome e representación da Xunta de Compensación do Plan Parcial de Quirós reitérase esta solicitude -doc. núm. 170092949 do rexistro de entrada da xerencia municipal de Urbanismo-.

Non obstante, deixar constancia de que non se acompañaron as solicitudes realizadas do necesario proxecto rectificativo e aprobado inicialmente en asemblea xeral da Xunta de Compensación.

NORMATIVA EXAMINADA E DEREITO

- I. O contido do Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Vigo, aprobado de maneira definitiva polo Consello da xunta do día 29 de abril de 1993 -DOG do día 10 de maio de 1993 e xunto coas normas urbanísticas, BOP núm. 133, do día 14 de xullo de 1993-, coas súas modificacións puntuais,
- II. O Real Decreto legislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana -TRLSRU-,
- III. A Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia -LSG-,
- IV. O Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia -RLSG-,
- V. O Real Decreto 1093/1997, de 4 de xullo, que aproba as normas complementarias ao Regulamento para a execución da Lei hipotecaria, sobre inscrición no Rexistro da Propiedade, dos actos de natureza urbanística,
- VI. A Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento das Administracións Públicas -LPACAP-,
- VII. A Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público -LRXSP-,
- VIII. A Lei 28/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso administrativa -LRJCA-,
- IX. A Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local -LRBRL-,
- X. A Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia -LALG-,



Concello de Vigo

- XI. A Lei 33/2003, de 3 de novembro, de patrimonio das administracións públicas e o Real Decreto 1373/2009, de 28 de agosto, polo que se aproba o seu regulamento -LPAP e RLPAP-,
- XII. O Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, que aproba o Regulamento de bens das entidades locais -RBEL-,
- XIII. A Lei de expropiación forzosa, de 16 de decembro de 1954 e o Decreto de 26 de abril de 1957, que aproba o Regulamento da Lei de expropiación forzosa -LEF-,
- XIV. A Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público e o Real Decreto 1098/2001, de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas -LCSP e RLCAP-,
- XV. Os estatutos da xerencia municipal de Urbanismo, aprobados definitivamente polo pleno do día 29 de xullo de 1996 (BOP do día 4 de setembro de 1996) e modificación aprobada polo pleno do día 20 de outubro do 2000 (BOP núm. 212 do día 6 de novembro de 2000),
- XVI. O resto de disposicións que poidan afectar,

FUNDAMENTOS DE DEREITO E CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

- I. Sobre a solicitude realizada e as obrigas de cesións gratuítas e obrigatorias da Xunta de Compensación.-

O PXOU-93 delimitou un sector de Solo Urbanizable denominado “SUP-PP1-Quirós”, pertencente ao núcleo de nova creación 16.03 B Quirós, situado na parroquia de Sárdoma, para cuxo desenvolvemento foi necesaria a tramitación e aprobación do correspondente Plan Parcial que estableceu a súa ordenación detallada, requisito previo e necesario para poder levar a cabo a xestión, urbanización e edificación do ámbito.

No momento da aprobación do citado Plan Parcial de Quirós, o réxime do Solo Urbanizable viña establecido no artigo 72 da Lei 1/1997, de 24 de marzo, do Solo de Galicia -LSG-, que entre as obrigas dos propietarios reguladas no seu apartado 2, establecía no parágrafo b), “ceder gratuíta e obrigatoriamente a favor do Concello, os terreos destinados a viarios, zonas verdes e espazos libres públicos, dotacións e demais servizos, aos que o Plan Parcial atribuíse o carácter de bens de dominio público; terán este carácter, en todo caso, o sistema viario de interese xeral e as reservas mínimas legalmente establecidas para o sistema de zonas verdes e espazos libres, para dotacións e aparcamentos”.

Ademais, entre as determinacións obrigatorias dos Plans Parciais, reguladas polo artigo 22 da citada LSG-97, no seu parágrafo g) establecíase unha previsión de aparcamentos na proporción mínima dunha praza por cada vivenda ou 80 metros cadrados de edificación, que poderían localizarse incluso no subsolo dos sistemas viarios e de espazos libres, sempre que non menoscabasen o uso de estos sistemas. A este respecto, tal e como foi exposto nos antecedentes, durante a tramitación do procedemento administrativo de aprobación do Plan Parcial de Quirós, de iniciativa

privada, a entón Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda da Xunta de Galicia (CPTOPV) esixiu en sucesivas ocasións o cumprimento da reserva mínima de aparcamentos regulada no artigo 22.g) da Lei 1/1997, de 24 de marzo, do Solo de Galicia (LSG-97) entón vixente, entendendo que ditos aparcamentos debían ser de titularidade pública e non privada, contrariamente á versión inicial do Plan Parcial.

Neste punto cómpre traer a colación o acordo da Xunta de Goberno Local de 05/05/2008 desestimatorio da reclamación de indemnización formulada pola Xunta de Compensación do Plan Parcial de Quirós, en tanto que no seu fundamento xurídico III, sinalaba que ""(...) Efectivamente, o Concello de Vigo aceptou -no que se refire aos aparcamentos- a versión primitiva do Plan Parcial de Quirós inicialmente presentada polos promotores da actuación. Foi a Xunta de Galicia a que posteriormente, mediante os seus informes preceptivos e vinculantes (citados no antecedente "1.º"), esixiu as 538 prazas públicas de aparcamentos logo cuestionadas, adoutando unha interpretación do artigo 22.g) LSG-97 que esta Administración municipal non compartía.

Os promotores da actuación decidiron acata-los devanditos informes vinculantes da Xunta de Galicia e como consecuencia delo elaboraron e presentaron na xerencia de Urbanismo a versión modificada do Plan Parcial que logo o Concello de Vigo se limitou a aprobar trala súa correspondente tramitación (...)"

Unha vez aprobado definitivamente o dito planeamento de desenvolvemento con esa determinación imposta pola Consellería, xa en fase de xestión ou execución da ordenación detallada do ámbito, pola Xunta de Compensación aprobouse inicialmente o proxecto de compensación en assembleas xerais realizadas con data do 30/08/2002 co voto favorable do 99,48 % das cotas de urbanización e do 11/12/2002 co voto favorable do 99,458% das cotas de participación; presentado nesta xerencia de Urbanismo, tras abrirse o necesario trámite de información pública por prazo de vinte días hábiles mediante publicación de anuncio no DOG núm.3 de 07/01/2003 e notificación individualizada aos propietarios do polígono, o consello da xerencia municipal de Urbanismo en sesión de 6 de marzo de 2003 aprobou definitivamente o proxecto de compensación da U.E. 1 do Plan Parcial de Quirós, na súa última versión, con planos asinados polo arquitecto D. José Herrero García e visados polo COAG no 13/12/2002.

Tal e como se expuxo no antecedente IV deste informe, o aparcamento público que nos ocupa, descríbese na finca resultante núm. 30, deste xeito: "Adjudicatario: Se adjudica esta parcela núm. 30, destinada a uso de equipamiento deportivo, de cesión obligatoria, baixo cuyo subsuelo se prevé la construcción de un garaje-aparcamiento, en pleno dominio al Ayuntamiento de Vigo.

Descrición a efectos registrales: (...) La parcela se destina a equipamiento deportivo, bajo cuyo subsuelo se prevé la construcción de un garaje-aparcamiento (...).

Descrición urbanística: (...) Se destina a equipamiento deportivo, previéndose la construcción de instalaciones deportivas descubiertas. Bajo el subsuelo se prevé la construcción de un garaje-aparcamiento con una capacidad de 283 plazas, a desarrollar en tres plantas.

Afección urbanística: La finca se halla libre de cargas". E na cuantificación dos custes de urbanización imputados aos propietarios do polígono no proxecto de



Concello de Vigo

compensación (aptdo. 9) figura unha partida específica de 923.755,61 euros para a execución do mentado aparcamento público.

Tamén a iniciativa da Xunta de Compensación foi aprobado polo consello da xerencia municipal de Urbanismo o proxecto de urbanización do ámbito, no que se preveía expresamente ese aparcamento público soterrado, como obra de urbanización do polígono e cuxo presuposto incluiu o das obras precisas para a execución das prazas de aparcamento previstas no subsolo da área deportiva -796.341,04 euros-, aínda que polas súas características as remitiu a un proxecto aparte. Foi responsabilidade por tanto da Xunta de Compensación asumir os custos da execución do garaxe aparcadoiro, que en ningún caso era un deber legal do Concello de Vigo que se limitou a aceptar o emprazamento das prazas públicas de aparcamento no subsolo dunha parcela dotacional, a proposta dos promotores do Plan Parcial para dar cumprimento as esixencias da CPTOPV.

Acerca disto, novamente resulta moi aclaratorio traer a colación o acordo da Xunta de Goberno Local de 05/05/2008 desestimatorio da reclamación de indemnización formulada pola Xunta de Compensación do Plan Parcial de Quirós, en tanto que no seu fundamento xurídico IV, refírese á existencia na Xunta de Compensación dunha “contradicción cos seus propios actos” dado que ““(…) Efectivamente, puideron impugnar directamente os citados informes vinculantes da Dirección Xeral de Urbanismo da Xunta de Galicia cando lle foron notificados; en lugar diso, procederon sen mais (e sen manifestar ningunha obxección, nin reserva) a presentar no Concello unha nova versión do Plan Parcial na que decidiron, pola súa propia vontade, localizalos aparcamentos nunha edificación no subsolo dun espazo libre de dominio público e non en superficie, nin noutro emprazamento distinto. Trala aprobación definitiva do Plan Parcial, no canto de agardar á resolución do proceso contencioso interposto contra él pola mercantil “Atlántico Construcciones y Promociones, S L”, continuaron cara adiante executando o Plan Parcial redactado por eles mesmos e os aparcamentos públicos soterrados previstos nel. A Xunta de Compensación reclamante (que nin sequera chegou a impugnalo Plan Parcial) redactou e promoveu a aprobación do Proxecto de Compensación e Proxecto de Urbanización nos que se preveía expresamente ese aparcamento público soterrado, como obra de urbanización do polígono. Ambos proxectos foron aprobados nas correspondentes Asambleas da Xunta de Compensación cos votos favorables das entidades reclamantes. Tanto elas como a Xunta de Compensación consentiron e non impugnaron ditos proxectos de compensación e urbanización, procedendo a Xunta de Compensación a executalos pola súa propia vontade ata o remate final do aparcamento (...)””.

Foron por conseguinte os propietarios do ámbito constituídos en Xunta de Compensación os que aprobaron inicialmente e nunha porcentaxe elevadísima o proxecto de compensación logo definitivamente aprobado polo consello desta xerencia de Urbanismo, en concordancia co Plan Parcial aprobado e a pesar de terse impugnado a súa aprobación pola mercantil “Atlántico Construcciones y Promociones, S L”, dando orixe ao procedemento contencioso rec. 4238/2002 ante o TSXG. Queda patente de todo o exposto, que non se planteou o emprazamento da reserva en lugar distinto ao recollido polo Plan Parcial, nin se instou medida cautelara algunha no procedemento contencioso existente, sendo a este respecto moi

ilustrativo o afirmado no Fundamento Xurídico Cuarto, da sentenza núm. 244 , do 12 de novembro de 2013 do xulgado contencioso-administrativo núm. 1 de Vigo, desestimatoria do recurso contencioso-administrativo interposto pola Xunta de Compensación do Plan Parcial de Quirós, contra a resolución da Xunta de Goberno Local de 5 de maio de 2008, desestimatoria da reclamación de responsabilidade patrimonial achegada pola Xunta de Compensación: "(...) No existe constancia de que la mercantil "Atlántico, construcciones y Promociones, S L" solicitase a la Sala una medida cautelar de suspensión de la ejecución de la resolución administrativa impugnada. Sin la adopción de esa cautela, el procedimiento continuó su curso con la aprobación de los correspondientes proyectos de compensación y urbanización, elaborados por la ya constituida (en junio de 2002) Junta de Compensación. Tampoco en ellos se introdujeron salvedades relativas a la pendencia del litigio y a sus posibles consecuencias. La única prevención que sobre el particular se decidió consistió en posponer a un proyecto independiente la obra de ejecución del subterráneo, que finalmente se redactó el 13.03.2004 (...)". Tal foi así que a Xunta de Compensación, tal e como se puxo de manifesto nos antecedentes deste informe, solicitou e obtivo as licenzas necesarias para a construción do garaxe aparcadoiro de propiedade municipal, iniciando as obras antes do fallo do TSXG e continuando logo coa súa execución ata o punto de ter o aparcamento practicamente rematado, deixando firmes e consentidos os actos aprobatorios do proxecto de compensación e do proxecto de urbanización.

Únicamente, logo da sentenza de 12 de novembro de 2013 desestimatoria do recurso contencioso administrativo contra o acto denegatorio da indemnización solicitada pola Xunta de Compensación polos gastos realizados pola execución do parking, ínstase pola Xunta de Compensación a aprobación da rectificación e adaptación do proxecto de compensación do Plan Parcial de Quirós, no senso de contemplar que a parcela resultante número 30 destinada a aparcamento soterrado pase a ser de titularidade da Xunta de Compensación ou no seu caso, subsidiariamente se acceda a reintegrar á Xunta de Compensación os gastos sufragados para a súa construción por importe de 1.400.521,55 euros ou se ceda a súa explotación comercial en réxime de concesión administrativa previo recoñecemento dese creto a favor da Xunta de Compensación; non obstante, o acordo aprobatorio do instrumento de equidistribución produciu entre outros efectos, **a transmisión ao municipio en pleno dominio e libre de cargas, de todos os terreos de cesión obrigatoria** para a súa incorporación ao patrimonio público do solo ou a súa afectación aos usos previstos no planeamento -artigo 107 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia-; ao que cómpre engadir, que de conformidade co artigo 42.7 da mesma Lei, **as cesións de solo obrigatorias, comprenderán o solo, o subsolo e o voo; en ningún caso poderá renunciar a administración ás cesións correspondentes ás reservas mínimas de solo para dotacións públicas establecidas por esta Lei** e que segundo o disposto no artigo 42.8 da LSG o plan que conteña a ordenación detallada poderá regular o uso do subsolo dos espazos de dominio público coa finalidade de prever a implantación de infraestruturas, equipamentos e aparcadoiros de titularidade pública.

É obvio entón que é inviable, por ir claramente "contra legem", aprobar unha rectificación do proxecto de compensación para que esta dotación pública municipal pase a ser de titularidade da Xunta de Compensación en canto que estas prazas de



Concello de Vigo

aparcamento de titularidade pública previstas no subsolo da área deportiva trátanse de cesión obrigatorias e por tanto IRRENUNCIABLES; será por isto que a Xunta de Compensación, sabedora do imposible da súa petición, non acompañou as solicitudes realizadas do necesario proxecto rectificativo e aprobado inicialmente en asemblea xeral, para que por parte desta xerencia municipal de Urbanismo se procedese a súa tramitación. Por outro lado, tamén a petición subsidiaria de que se lle sufragen os gastos da construción do aparcadoiro está fora de lugar e non só por incorrer a Xunta de Compensación nunha notable contradición cos seus propios actos -en canto que tivo a oportunidade de evitar a consumación do suposto dano e non o fixo-, senon porque de conformidade co disposto pola lexislación urbanística estamos ante cesións gratuítas ou libres de cargas -a transmisión á administración correspondente de todos os terreos de cesión obrigatoria, en pleno dominio e libre de cargas, terá lugar por ministerio da lei coa aprobación definitiva do proxecto de compensación, artigo 126.3 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia-, cuestión aparte de que este tema trataríase de cousa xulgada.

Por todo o exposto e “salvo mellor criterio fundado en dereito” débense rexeitar as solicitudes achegadas por Ubaldino Rodríguez Bello en nome e representación da Xunta de Compensación do Plan Parcial de Quirós .

II. Sobre a natureza dos bens de dominio público e a súa xestión e administración.-

O artigo 5.1 da Lei 33/2003, de 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas, define como de dominio público os bens e dereitos que, sendo de titularidade pública, se atopen afectados ao uso xeral ou ao servizo público, así como aqueles aos que unha lei outorgue expresamente o carácter de demaniais; isto é, bens e dereitos destinados a unha finalidade específica de interese xeral, tal é así que a xestión e administración destes bens demaniais axustarase entre outros, aos principios de inalienabilidade, inembargabilidade e imprescriptibilidade, consonte ao artigo 6.a) da citada Lei.

En canto á ocupación dos bens de dominio público en relación coa necesidade dun título habilitante, o artigo 84 da Lei 33/2003 dispón no seu primeiro apartado que ninguén pode, sen título que o autorice outorgado pola autoridade competente, ocupar bens de dominio público ou utilízalos en forma que exceda o dereito de uso que, no seu caso, corresponde a todos, referíndose no seu apartado terceiro a que as concesións e autorizacións sobre bens de dominio público, rexeranse en primeiro termo pola lexislación especial reguladora daquelas e a falla de normas especiais ou en caso de insuficiencia destas, polas disposicións desta Lei; neste senso, as concesións demaniais veñen reguladas con carácter xenérico no artigo 93 da mentada Lei de Patrimonio, que establece que o seu outorgamento efectuarase en réxime de concorrencia, a salvo xustificadamente dos casos excepcionais previstos no artigo 137.4 desta Lei ou noutros supostos establecidos polas Leis; destacar que a Lei 33/2003, aplica o réxime concesional a todos os bens de dominio público independentemente de que se trate dun uso privativo ou un aproveitamento especial e que trátase de normativa en todo caso de carácter básico consonte á súa disposición final segunda, polo que será de aplicación preferente en canto ao procedemento a seguir.

Polo que respecta á utilización dos bens de dominio público regúlase nos artigos 74 e seguintes do Real decreto 1372/1986, de 13 de junio, polo que se aproba o regulamento de bens das Entidades Locais, que distinguen entre varios tipos de uso:

- Uso común, que corresponde por igual a todos os cidadáns indistintamente, de modo que o uso de uns non impida os dos demais interesados e que poderá ser xeral ou especial cando concorran neste último suposto circunstancias especiais, pola peligrosidade, intensidade do uso ou semellantes
- Uso privativo, o constituído pola ocupación dunha porción de dominio público, de modo que limita ou exclúa a súa utilización polos demais interesados,
- Uso normal, cando é conforme co destino principal do dominio público ao que afecte e
- Uso anormal, en caso contrario.

O uso común xeral dos bens de dominio público exercerase libremente, pero cando estemos ante un uso común especial normal suxeitarase a licenza, mentres que para o caso dun uso privativo ou uso anormal suxeitarase a concesión administrativa; consonte ao disposto polo artigo 78.2 do RBEL, as concesións outorgaranse previa licitación con arreglo ao disposto nos artigos seguintes e a normativa reguladora da contratación das Corporacións Locais.

III. Sobre a necesidade de rematar as obras pendentes e as consecuencias do seu incumprimento.-

O Consello da xerencia municipal de Urbanismo en sesión do 30 de abril de 2003, acordou aprobar definitivamente o proxecto de urbanización do polígono único do Plan Parcial Quirós (Expte 4392/401). Na parte expositiva deste acordo manifestouse o seguinte: "(...) O devandito presuposto inclúe o das obras precisas para a execución das prazas de aparcamento previstas no subsolo da área deportiva -796.341,04 euros-, que polas súas características deberán ser obxecto dun proxecto aparte, tal e como sinala o informe do enxeñeiro técnico de obras públicas municipal de data 28 de abril de 2003; proxecto específico que deberá ser presentado e executado pola Xunta de Compensación para a completa urbanización do ámbito (...)".

Presentado o dito proxecto independente, na data de hoxe o aparcamento está practicamente rematado; quedaría pendente de realizar, segundo o informe emitido dentro do expediente 28463/422 polo inspector municipal con data do 17/07/2013, en torno a un 8% para rematar a totalidade das obras e equipamentos e segundo o que dí a propia Xunta de Compensación en torno a un 10 % pois nos seus escritos achegados con data do 26/05/2016 e 26/06/2017 -docs 160067649 e 170092949 do rexistro de entrada da xerencia municipal de Urbanismo-, recoñece que "...el parking subterráneo está construído en un alto porcentaje, en torno a un 90%...".

Sobe a urbanización do ámbito en relación co garaxe-aparcamento con data do 09/05/2018, emite o seguinte informe a arquitecta xefa de Planeamento e Xestión:
"ANTECEDENTES:

O Plan Parcial de Quirós do SUP P.P.-1 da parroquia de Sárdoma aprobouse definitivamente por Acordo do Pleno do Concello de Vigo do 26 de novembro de 2001 (BOP 12, do 17/01/2002), clarexándose certos aspectos do mesmo no posterior Acordo plenario do 13 de setembro de 2004 (BOP 197 do 11/10/2004). No



Concello de Vigo

expediente 5254/411 consta toda a documentación e informes relativos á súa tramitación.

O Proxecto de compensación da U.E.I do Plan Parcial de Quirós, tramitado a instancia da Xunta de Compensación, foi aprobado definitivamente polo Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo o 6 de marzo de 2003, segundo a documentación obrante no expediente 4394/401.

Dentro dos deberes da Xunta de Compesación no proxecto de compensación recóllese a obriga de construír **un aparcamento no subsolo da parcela N°30 de cesión de equipamento deportivo.**

Para a realización destas obras, a Xunta de compensación do Plan Parcial Quirós solicitou licenza de obras e actividade que foron tramitadas cos números de expedientes 49902/421 e 28463/422.

Segundo se recolle no texto da licenza de obras do aparcamento:

“Na dita parcela destinada ao uso de equipamento deportivo prevese baixo rasante a construción dun garaxe aparcadoiro de PROPIEDAD MUNICIPAL para unha capacidade de 283 prazas para desenvolver en tres plantas, axustándose a ditas determinacións o proxecto de obras e instalacións presentado segundo informes técnicos emitidos.

A construción e instalación da actividade de garaxe aparcadoiro de PROPIEDAD MUNICIPAL ven imposta á Xunta de Compensación do Plan Parcial de Quirós para completa-la urbanización do ámbito e recolléndose éstas como gastos de urbanización, de conformidade co Plan Parcial, proxecto de urbanización e compensación do ámbito aprobados e antes citadas, sen que as licenzas de obras e instalación da actividade que se outorguen recoñezan ningún outro dereito que o de construír e realizar as instalacións para a actividade de garaxe aparcamento conforme ao proxecto que se aprobe. As obras e instalacións da actividade de garaxe aparcadoiro que completan a urbanización do ámbito do polígono único do P.P. Quirós serán entregadas ao Concello para completa-la urbanización do ámbito e tralas visitas previstas no artigo 34 do RAMINP”.

....

“Unha vez rematadas as obras e instalacións da actividade de garaxe aparcadoiro que completan a urbanización do ámbito do polígono único do P.P. Quirós **serán entregadas ao Concello para completa-la urbanización do ámbito** e tralas visitas de inspección previstas no artigo 34 do RAMINP, coas solemnizadas legais establecidas para a recepción da obra urbanizadora (artigo 110º.5. da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia)”.

2. ESTADO DO APARCAMENTO.

As obras do garaxe aparcadoiro non foron entregadas ao Concello, consta no expediente 28463/422 informe do inspector de data 17.07.2013 no que relaciona as obras pendentes de executar, que nese momento serían:

“As partidas pendentes de realizar son as seguintes:

- Ventilación forzada.
- Limpeza e pintado de interior.

- Colocación dos sanitarios nos aseos.
- Pavimentar un dos accesos.
- Rematar a instalación eléctrica.
- Dotar de medios e instalacións contra o lume.
- Dotar de equipamentos a zona deportiva situada encima da planta superior”.

Non consta nesta administración que ditas partidas foran executadas.

En data 16.04.2018 a técnica que subscribe xirou visita á zona para comprobar o estado no que se atopa o garaxe aparcadoiro. A visita realizouse dende o exterior (non se accedeu ao interior).

A edificación de garaxe foi efectivamente construída baixo a rasante da parcela 30 de cesión para equipamento deportivo, tal e como estaba previsto.



Tal e como se recolle no proxecto a pista deportiva, que constitúe o teito do garaxe aparcamento, ten dous niveis. Na fotografía que se adxunta na páxina anterior podemos apreciar a parte superior e a inferior, a esquerda. Ás dúas zonas accedese de xeito peonil, desde zona verde, que se atopa nun nivel superior, por dúas ramplas que baixan ata a cota dos dous niveis. Estas dúas zonas son dous planos horizontais pintados en cor vermella, de uso deportivo. Non contan con equipamento deportivo, como porterías, canastas, redes...



Concello de Vigo



o garaxe aparcamento co



Desde a rúa denominada "E" o acceso realízase mediante unhas escaleiras que desembocan na zona verde e de aí accédese á pista deportiva.

Desde a parte sur o acceso peonil realízase a través dunhas escaleiras, dado que a cota do vial denominado "E" atópase por debaixo da cota da zona verde e da "tapa" do edificio do aparcamento, é decir da pista. A rasante deste vial foi modificada durante as obras de urbanización, baixando o nivel neste punto (remate do vial en fondo de saco) de forma que se produce un desnivel entre a pista e o vial, que debe ser salvado mediante estas escaleiras.

O garaxe aparcamento ten dúas entradas para vehículos, unha na parte norte desde a rúa Dona Cristina.



Concello de Vigo



Como se pode comprobar na fotografía que se xunta, a entrada de vehículos pola rúa Dona Cristina está chea de maleza e con sacos de escombros recostados contra o muro da rampla de acceso, é patente o estado de abandono no que se atopa este equipamento municipal pendente de rematar pola Xunta de Compensación e da súa entrega ao Concello.

Tamén ten un acceso para coches desde a parte sur, pola denominada rúa "E".



Fotografía obtida do informe de inspección do ano 2013

As obras, desde o exterior, no que se refire a estruturas de formigón, ramplas de acceso, etc, atópanse rematadas. É probable que as obras que quedaban por executar o día 17.07.2013, e que se describen o informe do inspector, continúen sen executar. Xúntanse outras fotografías tomadas o día 16 de abril de 2017.



Zona verde, parque infantil e pista deportiva.



Concello de Vigo

V. 3. PRAZO PARA O REMATE DAS OBRAS PENDENTES.

Tendo en conta o informado polo inspector en data 17.07.2013 no que relaciona as obras pendentes de executar, pódese estimar que as obras poderían comezarse en 15 días e o prazo para a súa execución podería ser, como máximo, de tres meses””.

Por todo o exposto e chegados a este punto, debemos referirnos ao artigo 107.2 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, que establece que a aprobación definitiva do instrumento de equidistribución habilita a Administración para proceder á ocupación dos terreos e dos bens que, pola súa cualificación urbanística, deban ser obxecto de cesión obrigatoria e gratuíta e daqueles outros incluídos no ámbito que resulten necesarios para a execución material das obras de urbanización.

É por isto, que de conformidade cos prazos sinalados no informe técnico transcrito de data do 09/05/2018, faise necesario requirir á Xunta de Compensación do Plan Parcial de Quirós para que no prazo de QUINCE DÍAS, reanude as obras pendentes de executar do aparcamento soterrado, obras que serán rematadas no prazo de TRES MESES, baixo advertencia de que en caso contrario procederá por parte desta Administración municipal a declarar o incumprimento da obriga da Xunta de Compensación de completar a urbanización do ámbito e a executar subsidiariamente e a custa da Xunta de Compensación as obras que quedan pendentes do aparcamento soterrado.

A estes efectos, as Administracións Públicas poderán proceder previo apercibimento á execución forzosa dos seus actos a través dunha serie de medios entre os que se atopa a execución subsidiaria. Consonte ao artigo 102 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico das Administracións Públicas, haberá lugar á execución subsidiaria cando se trate de actos que por non ser personalísimos poidan ser realizados por un suxeito distinto do obrigado. Cómpre subliñar a este respecto, que con carácter previo á execución das unidades de obra que restan por executar, procederá á apertura do procedemento de contratación que corresponda.

En canto aos requisitos legais da execución forzosa:

-As Administracións públicas non iniciarán ningunha actuación material de execución de resolucións que limite dereitos dos particulares sen que previamente se teña adoptado a resolución que lle sirva de fundamento xurídico. O órgano que ordene un acto de execución material de resolucións estará obrigado a notificar ao particular interesado, a resolución que autorice a actuación administrativa, consonte ao disposto no artigo 97 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas,

-Se fosen varios os medios de execución admisibles, elixirase o menos restritivo da liberdade individual -artigo 100.2 LPACAP-,

-O importe dos gastos, danos e prexuízos derivados da execución subsidiaria esixirase conforme ao disposto para o apremio sobre o patrimonio. Dito importe poderá liquidarse de forma provisional e realizarse antes da execución, a reserva da liquidación definitiva -artigo 102.3 e 4 da LPACAP-.

VI. Competencia resolutoria.-

É competente para resolver este procedemento en virtude do artigo 127 da LRBRL, a Xunta de Goberno Local.

PROPOSTA

Polo exposto, visto o que antecede e a normativa de pertinente aplicación, propónse a adopción do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO: Desestimar as solicitudes achegadas por Ubaldino Rodriguez Bello en nome e representación da Xunta de Compensación do Plan Parcial de Quirós con data do 04/06/2014 -doc. núm. 140069485 do rexistro de entrada da xerencia municipal de Urbanismo- e con data do 26/05/2016 e reiterada con data do 26/06/2017 -docs. núm. 160067649 e 170092949 do rexistro de entrada da xerencia municipal de Urbanismo-, polos motivos que fundamentan este acordo na súa parte expositiva.

SEGUNDO: Requirir á Xunta de Compensación do Plan Parcial de Quirós para que, de conformidade co disposto no informe da arquitecta xefa de Planeamento e Xestión de data do 09/05/2018, no prazo de QUINCE DÍAS reanude as obras pendentes de executar do aparcamento soterrado, obras que serán rematadas no prazo máximo de TRES MESES, baixo advertencia de que en caso contrario procederase por parte desta Administración municipal a declarar o incumprimento da obriga da Xunta de Compensación de completar a urbanización do ámbito e a executar subsidiariamente e a custa da Xunta de Compensación as obras que quedan pendentes do aparcamento soterrado.

TERCEIRO: Notificar aos interesados a presente resolución, con indicación de que pon fin á vía administrativa e de que contra a mesma poderá interpoñer potestativamente recurso de reposición perante o órgano que a ditou no prazo dun (1) mes ou interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo no Xulgado do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous (2) meses, a contar ambos os dous prazos desde o día seguinte ao da notificación desta Resolución”.

A maior abastamento, cómpre precisar que as cuestións alegadas polo recorrente no presente recurso, xa foron resoltas no antedito informe transcrito, suscrito con data do 10.05.2018 pola Técnica de Admon Xeral do Servizo de Planeamento e Xestión conxuntamente coa Xefa do citado departamento, polo que se reiteran neste intre e se fan propias na súa totalidade, as consideracións xurídicas nel contidas.

O informe antedito se incorpora ao texto do presente e lle serven de motivación, consonte ao establecido no art. 88.6 da LPACAP.

V.- A Lei 4/1999 de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, reintroduciu o recurso de reposición no noso ordenamento xurídico, de carácter potestativo no seu art. 116, hoxe artigo 123 da LPACAP. O recurso de reposición resolverase polo mesmo órgano que ditou o acto recorrido, que pode confirmar o acto, desestimando o recurso, ou revogalo total ou parcialmente mediante un acto contrario imperio.



Concello de Vigo

VI- A competencia para a resolución do presente expediente atribúese á Xunta de goberno local en virtude do preceptuado no artigo 127 da LRBRL, a proposta do Consello da XMU (artigo 10º dos Estatutos da XMU).

PROPOSTA

Polo exposto, visto o que antecede e a normativa de pertinente aplicación, propónse a Xunta de Goberno Local, se o estima procedente, a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Desestimar expresamente o recurso de reposición interposto no Rexistro xeral da Xerencia municipal de urbanismo do Concello de Vigo con data do 08.08.2018 (doc. núm. 180133947) por don Ubaldino Rodríguez Bello, en representación da Xunta de Compensación do Plan Parcial de Quirós Quirós, fronte ao acordo adoptado pola Xunta de goberno local na sesión ordinaria que tivo lugar o 31.05.2018, polo que se acordou, entre outros pronunciamentos, desestimar as solicitudes achegadas por Ubaldino Rodriguez Bello en nome e representación da Xunta de Compensación do Plan Parcial de Quirós con data do 04/06/2014 -doc. núm. 140069485 do rexistro de entrada da xerencia municipal de Urbanismo- e con data do 26/05/2016 e reiterada con data do 26/06/2017 -docs. núm. 160067649 e 170092949 do rexistro de entrada da xerencia municipal de Urbanismo-, con base ao sinalado no relato de feitos e fundamentos xurídicos da presente.

Segundo.- Notificar o presente acordo ao recorrente na forma legalmente prevista, con indicación que contra o mesmo, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse o recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous (2) meses, consonte ao disposto nos artigos 8-1 e 46-1 da Lei 29/1998, do 13 de xuño, da Xurisdición contencioso-administrativa, sen prexuízo das accións legais que estimen pertinentes.

En sesión do 2/11/18 o Consello de Xerencia da Xerencia municipal de Urbanismo, acorda elevar á Xunta de Goberno Local o presente expediente para a súa resolución.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

25(1283).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e vinte minutos. Como secretaria dou fé.

ME/mm.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Nuria Rodríguez Rodríguez.

O ALCALDE

Abel Caballero Álvarez